



FACULTADE DE CIENCIAS POLÍTICAS E
SOCIÁIS

Avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n, Campus Sur
15782, Santiago de Compostela

Curso académico 2019/2020

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GRAO EN CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACION

DESPRÉS MARTÍNEZ, Luis Mario

O fenómeno terrorista de inspiración
xihadista na Unión Europea

Unha Análise Comparativa Cualitativa

Jihadist-inspired terrorist phenomenon
in the European Union

A Qualitative Comparative Analysis

El fenómeno terrorista de inspiración
yihadista en la Unión Europea

Un Análisis Comparativo Cualitativo

Xullo 2020

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Título de Graduado en Ciencia Política e da Administración.

Titor: D. Antón Losada Trabada

Resumo

A recente ola de atentados terroristas vividos en Europa e principalmente vinculados a grupos xihadistas sitúan ao terrorismo de inspiración relixiosa islámica como principal responsable do maior número de vítimas dentro das fronteiras da Unión nos últimos anos. Dende comezos desta década, aspectos como a radicalización relixiosa, a sucesión de ataques e a seguridade apareceron cada vez con mais forza nos consellos europeos. Tras os atentados en París de 2015, a UE decide reforzar a súa resposta e os seus esforzos de cooperación para responder a unha ameaza transfronteiriza e complexa. O seguinte traballo recollerá unha análise de factores de estudo do fenómeno terrorista de forma comparada baseada no Qualitative Comparative Analysis, presentando distintas configuracións causais que buscan explicar este fenómeno nos países da Unión Europea. O traballo aborda así a cuestión da incidencia do xihadismo no entorno europeo: a súa influencia real, condicionantes de dita influencia e posibles factores de risco a nivel de Estado; estudando así algunhas das posibles causas do terrorismo xihadista a escala europea.

Palabras chave

Terrorismo, xihadismo UE, Análise Comparativa Cualitativa, QCA, atentados.

Abstract

The recent surge of terrorist attacks in the EU, mainly vinculated to jihadist groups, are placing Islamic religion inspired terrorism as the main responsible from the biggest number of victims into the Union frontiers in the last years. Since the beginning of this decade, some aspects as religious radicalization, the series of attacks and the increasing security appeared with increasing strength at the European councils. After the terrorist attacks that Paris suffered in 2015, the EU decides to reinforce their answer and their cooperation efforts to respond to a cross-border complex threat. The following document is collecting an analysis of factors in the study of the terrorist phenomenon will be proposed in a comparative manner and based on the QCA, presenting different causal configurations that seek to explain this phenomenon at the EU countries. This academic paper addresses the question of the impact of jihadism on the European environment the next way: real influence, this influence conditions, and possible risk factors at State level; to study, this way, some different causes of jihadist terrorism at European level.

Key words

Terrorism, jihadism, EU, Qualitative Comparative Analysis, QCA, terrorist attacks.

0. Índice xeral

1. Índice de táboas e cadros.....	2
2. Índice de gráficos e figuras	4
3. Agradecementos.....	6
4. Introducción.....	7
5. Conceptualización e marco teórico	14
5.1 A dimensión conceptual do terrorismo e marco teórico.....	14
5.2 As características do terrorismo de inspiración xihadista.	22
5.3 Os casos de análise: Criterios e xustificación.	26
6. Metodoloxía: Revisión bibliográfica sobre o QCA.	30
6.1 A análise cualitativa comparada ou QCA.....	30
6.2 O fsQCA. Especificidades e aplicación en traballos de referencia.	33
7. Explicación: Estudo de factores con fsQCA	36
7.1 O outcome: Calibración e selección.....	36
7.2 Fase A: As variables: xustificación, operacionalización e calibración.....	52
7.3 Fase B: Análise de necesidade.....	66
7.4 Fase C: Análise de suficiencia	72
7.5 Explicación final e casos.....	78
8. Conclusións	83
9. Bibliografía.....	88
10. Webgrafía e outros recursos.....	93
11. Anexos	95

1. Índice de táboas e cadros

Táboa 1. Organizacións populares definidas como terroristas no entorno da UE.	9
Táboa 2. Tipoloxía xeral de terrorismo en <i>Moyano Pacheco (2010)</i>	22
Táboa 3. Principais medidas no eido da UE relativas ao terrorismo.	27
Táboa 4. Incidentes catalogados como terroristas nos últimos 19 anos.	40
Táboa 4.1 Incidentes terroristas (ATE) de inspiración xihadista de cada caso.....	100
Táboa 5. Víctimas mortais (MOR) de cada caso por incidentes de inspiración xihadista.....	100
Táboa 6. Víctimas feridas (FER) de cada caso por incidentes de inspiración xihadista.....	101
Táboa 7. Custos económicos estimados do terrorismo de todo tipo na UE.....	46
Táboa 8. Custos económicos (CUSTHUM) humano-físicos do terrorismo xihadista (2004-2016).....	102
Táboa 9. Custos de impacto no PIB e estimación de custos do xihadismo.	99
Táboa 9.1. Impacto de custos (CUSTECO) económicos no PIB do terrorismo (2004-2016).	102
Táboa 10. Grao de pertenza dos casos nas combinacións causais nos dous subíndices de incidencia do terrorismo xihadista.	50
Táboa 10.1 Combinacións causais nos dous subíndices de incidencia do terrorismo xihadista e <i>outcome (logical and)</i>	51
Táboa 11. Inxerencia militar dos casos en varios indicadores.	56
Táboa 11.1. Valores e categorías asinadas por variable “inxerencia” (inx).....	103
Táboa 12. Poboación total e poboación musulmá practicante por caso.	59
Táboa 12.1. Valores e categorías asinadas por variable “relixión” (rel).....	104
Táboa 13. Valores e categorías asinadas por variable “liderado en defensa” (lid).....	104

Táboa 14. Valores e categorías asinadas por variable “Terrorismo Global” (terg).....	105
Táboa 15. Valores e categorías asinadas por variable “Poboación reclusa” (pre).....	106
Táboa 16. Valores e categorías asinadas por variable “Presenza da ext. dereita” (forz).	106
Táboa 17. Valores e categorías asinadas por variable “pobreza inmigrante” (pobi)....	107
Táboa 18. Matriz de datos das condicións e do <i>outcome</i>	66
Táboa 19. Análise de condicións necesarias con fsQCA en presenza e ausencia do <i>outcome</i> “ <i>incidencia do terrorismo xihadista</i> ”.	67
Táboa 20. Configuracións do análise de suficiencia para ~ <i>outcome</i> con sol. Intermedia.	77

2. Índice de gráficos e figuras

Gráfica 1. Organizacións de Táboa 1 en tres <i>cleavages</i> clásicos (cualitativo).	10
Gráfica 2. Atentados xihadistas importantes en Europa no século XXI.	11
Gráfica 3. Nº de detidos por delitos tipificados como terrorismo xihadista en Europa..	12
Figura 1.1 Condición suficiente.	31
Figura 1.2 Condición necesaria.	31
Figura 2. Esquema da variable dependente <i>outcome</i> e indicadores.	38
Figura 3. Representación nº atentados e grao de pertenza da Táboa 4.1.....	41
Figura 4. Representación nº falecidos e grao de pertenza da Táboa 5.....	43
Figura 5. Representación nº feridos e gao de pertenza da Táboa 6.....	45
Figura 6. Representación Custos humanos e grao de pertenza da Táboa 8.....	47
Figura 7. Representación % respecto total de Custos sobre o PIB e grao de pertenza da Táboa 9.....	49
Figura 8. Representación variable “Inxerencia” e grao de pertenza da Táboa 11.1.....	57
Figura 9. Representación variable “Relixión” e grao de pertenza da Táboa 12.1.....	60
Figura 10. Representación variable “Liderado en defensa” e grao de pertenza da Táboa 13.....	61
Figura 11. Representación vaiable “Terrorismo Global” e grao de pertenza da Táboa 14	62
Figura 12. Representación variable “presos” e grao de pertenza da Táboa 15.....	63

Figura 13. Representación variable “presenza ext.der..” e grao de pertenza da Táboa 16.....	64
Figura 14. Representación variable “presenza ext.der..” e grao de pertenza da Táboa 17.....	65
Figura 15. Táboa da verdade para OUTCOME “Incidencia do terrorismo xihadista”.....	70
Figura 15.1 Táboa da verdade codificada para OUTCOME.....	71
Figura 16. Análise de condicións suficientes con solución intermedia para outcome..	72
Figura 17. Análise de condicións suficientes con solución parsimoniosa para outcome.....	74
Figura 18. Táboa da verdade codificada para ~OUTCOME.....	75
Figura 19. Análise de condicións suficientes con solución intermedia para ~outcome.....	75
Figura 20. Análise de condicións suficientes con solución parsimoniosa para ~outcome.	78

3. Agradecementos

A Marcos e a Cuqui.

A todos os meus amigos e amigas da facultade, cos que fixen ducias de traballos xuntos, cos que pasamos moitos momentos e cos que pasei os mellores días que esta experiencia podía dar.

A Alicia, por axudarme con este traballo dende o principio, por estar sempre aí e por ser a miña mellor compañeira.

E moitas grazas a todo o profesorado involucrado, amable e interesado que confiou en min e nas estudantes deste grao.

4. Introducción

Para un entorno cada vez máis aberto como é o da UE, o terrorismo constitúese como unha das principais ameazas para a seguridade de todos os Estados. A dimensión do terrorismo vai máis aló do propio crime e instaurase coma un fenómeno moi amplo e multidimensional que pon en perigo as vidas, os dereitos e as liberdades dos cidadás. Se procuramos desfacernos da maior parte do contido político e emocional do concepto, podemos entender que o terrorismo é un tipo de conflito dinámico que co paso do tempo foi mudando de protagonistas, obxectivos e complexidade. As diversas interpretacións do termo froito dos intereses e deviñeres da historia, da heteroxeneidade de fenómenos e grupos, das diferentes apreciacións de gobernos e Estados; trouxeron ao ámbito de estudo un obxecto de análise particularmente complexo, no que moitos expertos concordan en que nin profesionais deste campo, nin políticos, nin corpos de seguridade, puideron acordar unha definición clara e consensuada. Valores, prexuízos e intereses contaminan a miúdo os intentos dunha abordaxe precisa neste tema.

A pesar deste problema, todos temos unha idea máis ou menos clara do que significa o terrorismo. Na maior parte dos casos, os Estados acostuman ser os principais “definidores”¹ do que se entende ou non por terrorismo: por parte dos gobernos, a través das estratexias policiais, da lei, dos corpos xurídicos, da comunicación en medios... e por suposto, das opinións públicas. Por este motivo, se falamos de terrorismo no ámbito europeo, atoparémonos cun complexísimo e amplo espectro de organizacións de diversa índole que perseguen os seus obxectivos a partires do que podemos considerar dúas “estratexias” típicas e comúns, polo menos, do que entendemos como terrorismo: o uso da *violencia* e o *medo* como instrumento. Dende organizacións relixiosas, grupos nacionalistas, extremismos políticos e inclusive, os propios Estados; o concepto recolle un gran abanador de elementos moi susceptibles a interpretacións e categorías diferenciadas. Para evitar o alto nivel de abstracción ao que se enfronta un traballo académico cando se fala de terrorismo, a primeira tarefa deste traballo consistirá en abordar o significado do terrorismo e as súas dimensións, ademais de concretar implicacións de utilizar este termo. Nos ámbitos académicos e sociais, os fenómenos terroristas cobraron unha forte interese no último século, exercendo unha importante

¹ Lisa Stampnitzky, profesora do Departamento de Política da Universidade de Sheffield, considera que o terrorismo é unha etiqueta “que se aplica a algúns tipos de violencia e a outros non. A forma na que esa etiqueta se aplica é politicamente e socialmente construída” (Esparza, BBC, 2017). Neste sentido, considera que o uso da etiqueta de -terrorismo- “acostuma a definir actos violentos interpretados como *ilexítimos*”, interpretación dada normalmente por quen monopoliza ou controla o poder, xa que o terrorismo acostuma a actuar como un reaccionarismo fronte a un statu quo establecido. A profesora Stampnitzky é especialista en terrorismo, guerras e dereitos humanos; e ten numerosas publicacións nas que estuda o terrorismo e o problema de falta de consenso na súa definición. (Stampnitzky, 2017)

fascinación para moitos profesionais de diversos campos. Este último punto non quita que, ata o momento, non se puidera alcanzar un consenso claro na definición de terrorismo. Partindo desta idea xeral que todos temos do terrorismo, podemos entender e ter en conta a importancia que ten a filiación política para decidir a quen introducimos ou non na categoría de -terrorista-.

Se falásemos de España, a súa relación co terrorismo é das experiencias máis conflitivas e recentes do continente. Os actos catalogados como terroristas por parte de diferentes poderes Estatais veñen dados dende principios do século XX, ca actividade de diversos grupos anarquistas contra políticos, militares e figuras importantes do Estado español ao longo dos anos 20 e 30. Durante a Guerra Civil Española e a ditadura franquista, foron moitos os actos e grupos catalogados como “terroristas”: Anarquistas do *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT), Federación Anarquista Ibérica (FAI) e *Federación Iberica de Juventudes Libertarias* (FIJL). Tamén diversos grupos esencialmente pacíficos e en xeral, de calquera actividade ou organización que fora opositora ou considerada non adecuada polo franquismo. Durante a Transición e nos principios da democracia, diversos grupos do movemento antifascista tamén foron incluídos como “grupos terrorista”: os *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre* (GRAPO), o *Frente Revolucionario Antifascista y Patriota* (FRAP)... e diversos grupos reaccionarios, neo-fascistas e de extrema dereita como a *Alianza Apostólica Anticomunista* (Triplo A), *Grupos Armados Españoles* (GAE) ou os *Guerrilleiros de Cristo Rei*. Con todo isto, é notorio que o grupo máis coñecido e de maior permanencia catalogado como organización terrorista foi *Euskadi Ta Askatasuna* “ETA”, organización vasca independentista e socialista. Como se pode observar, o que englobamos ou entendemos por terrorismo no noso contexto é un asunto dun carácter moi complexo e rodeado de casos e experiencias moi diferenciadas, polo que é moi importante contar con certo criterio de conceptualización dos fenómenos e dun bo estudo e análise da organización e do contexto. ETA e os terrorismos de corte nacionalista representan un tipo de conflito de dimensións históricas e sociais complexas e profundas, no que se cruzan *cleavages* moi diversos a diferentes niveis. O mesmo ocorre na actualidade co terrorismo vinculado á relixión e mais concretamente, ao Islam. O terrorismo de inspiración xihadista conta tamén cunha dimensión moi complexa, integrada cun forte compoñente relixioso e que ademais se sintetiza a escala internacional. Para finalmente poder ter unha idea xeral do que entenderíamos por “terrorismo” debemos ter en conta as comentadas experiencias na súa variedade en forma, principios e ideoloxía; e por

outro lado, a categorización legal de terrorismo que existe no país². Como se pode observar, falar de terrorismo aínda que sexa dun único país resulta complicado. Deixando o problema conceptual do termo para máis tarde, para a Unión Europea o problema do terrorismo ten actualmente como un dos seus puntos centrais o chamado terrorismo xihadista e a súa financiación. O propio Jean Claude Juncker, presidente do consello, expresaba que “*Combater o crime organizado e o terrorismo e unha responsabilidade común Europea*”³. As experiencias deste fenómeno na UE son múltiples e ca característica de ser casos especialmente contextuais no que respecta a determinadas zonas e territorios do continente. Sen ter en conta os terrorismos de inspiración xihadistas, temos outras moitas organizacións de diversas características definidas como terroristas no ámbito da UE.

Táboa 1. Organizacións populares definidas como terroristas no entorno da UE

Alemaña	Rote Armee Fraktion (RAF)	Extrema esquerda marxista	Disolta
	Revolutionäre Zellen (RZ)	Extrema esquerda anticapitalista	Considerada Disolta
	Bewegung 2. Juni, (M2J)	Anarquismo colectivista	Disolta
	Nationalsozialistischer Untergrund (NSU)	Extrema dereita neonazi	Disolta
España	Euskadi Ta Askatasuna (ETA)	Extrema esquerda nacionalista vasca	Disolta
	Grupos de Resistencia Antifascistas Primeiro de Outubro (GRAPO)	Extrema esquerda marxista	Inactivos
	Batallón Vasco Español - Alianza Apostólica Anticomunista (BVE-AAA)	Extrema dereita nacionalista española	Considerada Disolta
	Grupos Antiterroristas de Liberación (GAL)	Terrorismo de Estado	Disolta
Francia	Action Directe (AD)	Anarcocomunismo	Disolta
	Groupe Charles Martel	Extrema dereita antiárabe	Disolta
	Talbenn Diebñ Breizh	Esquerda nacionalista bretoa	Considerada Disolta
	Fronte de Liberación Nacional de Córsega	Extrema esquerda marxista	Activa
Grecia	Epanastatiki Organosi dekaefta Noemvri	Extrema esquerda marxista	Disolta
	Epanastatikós Agónas (EA)	Anarcocomunismo	Activa
Italia	Brigate Rosse	Extrema esquerda marxista	Disolta
	Vanguardia Nacional	Extrema dereita fascista	Disolta
	Federazione Anarchica Informale (FAI)	Anacoinsurreccionalismo	Activa
	Nuclei Armati Rivoluzionari	Extrema dereita neofascista	Considerada Disolta
	Ordine Nuovo	Extrema dereita neofascista	Disolta
Portugal	Comandos Operacionais de Defesa da Civilização Ocidental (CODECO)	Dereita militarista	Disolta
	Forças Populares 25 de Abril (FP-25)	Extrema esquerda socialista	Disolta
Reino Unido	Real Irish Republican Army (IRA)	Esquerda nacionalista irlandesa	Activa
	Irish National Liberation Army (INLA)	Extrema esquerda nacionalista irlandesa	Disolta
	Ulster Resistance Movement (URM)	Dereita lealista unionista	Activa
	Ulster Volunteer Force	Dereita nacionalista británica	Activa


Fonte: Elaboración propia

² No artigo 573 do Código Penal español e de forma sintetizada, son catalogados como actos terroristas as tipificacións de delito no que se atente contra: *orde constitucional, alteración da paz pública, desestabilizar o funcionamento dunha organización internacional e provocar un estado de terror na poboación*; ademais doutro conxunto de delitos específicos.

³ Comisión Europea, 15 de Xullo, 2014.

Acostuman ser organizacións con forte contido político e de carácter subversivo. Moitas con forte actividade entre anos 60 e os anos 90. Ademais das amosadas aquí, existen un número moito maior de organizacións de diversa índole e funcións catalogadas como terroristas polos Estados europeos. Como podemos ver, a variedade é bastante ampla. Sen embargo, cando falamos de características comúns, o extremismo político ou o nacionalismo independentista son factores ideolóxicos comúns en moitas destas organizacións. Tamén é factor común destes casos un certo volume de apoio civil e inclusive de forzas políticas estatais que subscriben de certa forma o paradigma ideolóxico ao que se adiren os grupos. Outro factor común destes grupos é o volume de militantes xoves que normalmente se encargan de executar as accións violentas e do recrutamento de novos militantes. Aínda así, cada grupo ten as súas propias características, polo que é complicado facer xeneralizacións cando estudamos grupos terroristas de todo tipo como conxunto.


4 Gráfica 1. Organizacións de Táboa 1 en tres *cleavages* clásicos (cualitativo)



⁴É importante ter en conta a ausencia de casos no eixo esquerda-dereita entre os valores 4 e 6, os cales marcan unha importante distancia espacial entre os casos de esquerda e de dereita. Para os criterios de selección de datos para cada caso, ver [Anexo 1](#).

Ao longo da historia, o terrorismo mostrou que flutúa, de certa maneira, por tendencias ou “etapas” (algo que explicaremos no apartado 5.1 deste traballo). Se como acabamos de ver, en Europa esta última etapa foi caracterizada por un terrorismo fundamentalmente político-ideolóxico extremo e de extensión rexional (amosados na Táboa 1); con esta nova etapa, o -xihadismo- trae unha nova dimensión ao terrorismo, fundamentándoo principalmente no radicalismo relixioso e cunha extensión non só rexional, senón tamén internacional e global afectando a varios continentes. Se analizamos o número de falecidos por -ataques catalogados como terroristas- das últimas dúas décadas, vemos que existen un total aproximado de 1880 vítimas mortais do terrorismo en Europa. Dese total, máis de 1700 perderon a vida en atentados vinculados co xihadismo, o que supón máis do 91% das vítimas⁵.

Gráfica 2. Atentados xihadistas importantes en Europa no século XXI



Fonte: Elaboración propia a partir de diversas noticias de prensa


Ademais, moitos dos ataques están vinculados a procesos de radicalización islámica de cidadáns dentro da propia UE. Isto reafirma máis a idea de que estamos ante un problema de calado profundo e multidimensional que non pasa unicamente pola acción-reacción, senón tamén polo estudo, a prevención e o desenvolvemento de mecanismos específicos para abordar este problema. Dende que o 25 de xullo de 1995 un atentado na estación de metro de *Saint Michel* (París) matara a 12 persoas⁶, as reformas nas políticas de interior europeas foron sendo cada vez máis sucesivas, sobretudo tendo en conta o número de atentados, de vítimas, e de detidos por terrorismo nesta última década no eido da Unión Europea. Cos atentados do 11 de setembro de 2001 en Nova York, os escenarios xeoestratéxicos e os sistemas de seguridade de todos os países do

⁵ Datos obtidos do Libro Branco e Negro do Terrorismo en Europa.

⁶ Para máis información sobre o atentado, véxase: www.infobae.com/2015/01/07/1619428-el-atentado-terrorista-mas-mortifero-la-historia-paris/

mundo puxeron maior énfase nas súas políticas de interior e investiron unha importante cantidade de recursos na mellora de sistemas de seguridade e na persecución e prevención do terrorismo. Debido a que no ámbito das políticas de interior a gran maioría das competencias pertencen aos Estados na UE, nun primeiro momento achácase este aumento nos detidos a unha mellora das estratexias policiais e ás evolucións das propias axencias de seguridade na súa adaptación a novas estratexias antiterroristas.

Gráfica 3. Nº de detidos por delitos tipificados como terrorismo xihadista en Europa



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do *TESAT 2019* da EUROPOL

Nesta nova etapa, o terrorismo xihadista parece vir marcando as pautas e todas as novas características que iso implica, no que segundo as conclusións obtidas polo proxecto de investigación -CSO2010-17849: *A estrutura organizativa do terrorismo internacional. Análise da súa evolución e das súas implicacións para a seguridade europea*- “se observa un incremento de los grupos que actúan por cuenta propia, tanto de las células independientes como de los lobos solitarios;” (Jordán 2012, p. 103). O terrorismo é un tema polémico e moi presente na nosa sociedade, motivo de máis polo que resulta pertinente e interesante unha análise deste fenómeno e das posibles condicións que determinan a actual conxuntura europea neste eido.

O seguinte traballo estudará o terrorismo de inspiración xihadista dende o punto de vista dos Estados europeos como elementos de risco de padecer fenómenos terroristas de este tipo. Para isto, os contidos organizaranse da seguinte forma: En primeiro lugar, analizarase brevemente o concepto do terrorismo e en concreto do chamado terrorismo de inspiración xihadista, profundando un pouco na súa ideoloxía e nos seus elementos máis característicos. Se abordarán tamén algunhas teorías e técnicas de estudo do terrorismo na actualidade é máis os datos e conclusións xerais achegadas ata o momento pola bibliografía aportada. Finalmente, se determinará e se xustificará se os países seleccionados como casos están suxeitos a unha pertenza ao conxunto de

afectados polo fenómeno xihadista no eido europeo. En segundo lugar, describiremos no apartado metodolóxico o proceso de análise baseado no QCA, a técnica de análise que usaremos para identificar configuracións causais que poidan explicar a incidencia do xihadismo nos países europeos. Se explicarán tamén as razón técnicas da selección desta ferramenta de análise e o seu procedemento. En terceiro lugar, levaremos a cabo a explicación a través da análise QCA nunha triplo fase, abordando a diferentes variables, xustificando a súa selección, amosando táboas explicativas e analizando as combinacións de factores resultantes a través da técnica. Por último, expoñeranse as conclusións dos resultados achegados, invitando á reflexión crítica da conxuntura actual e analizando as posibilidades futuras de estudo do fenómeno xihadista europeo a través da técnica empregada.

O obxectivo específico deste traballo será dobre: Primeiro, profundar no terrorismo xihadista e nas súas características, dando unha explicación sintetizada e clara do mesmo. Isto é moi importante polo mencionado alto contido político e emocional deste tipo de terrorismo e por todas as implicacións que isto conleva. Segundo, o de probar aqueles posibles factores ou, no sentido de condicións, aquelas condicións que sexan suficientes ou necesarias que expliquen unha maior ou menor incidencia de fenómenos terroristas xihadistas nos Estados da Unión Europea seleccionados como casos. É importante sinalar que este traballo non pretende dar un estudo completo do fenómeno terrorista xihadista, xa que como fenómeno complexo, acostuma a necesitar dunha abordaxe multidisciplinar e dun estudo moi amplo. O noso principal obxecto de coñecemento, polo tanto, serán as variacións de factores entre os Estados e as configuracións de factores que achegan ditas incidencias de fenómeno terroristas xihadistas. Para isto será necesario analizar e contrastar os principais factores de causa do terrorismo xihadista propostos no marco teórico e adaptalo ao eido europeo, proponendo a utilización da técnica de análise QCA. Este traballo polo tanto ten, en esencia, un propósito comparativo por países da presenza ou ausencia do fenómeno.

Seguindo a posibilidade de atopar configuracións explicativas do fenómeno entre nacións, compararemos como casos os Estados da UE respondendo de forma necesaria á seguinte pregunta:

¿Podemos observar algún tipo de regularidade nas características dos Estados que se asocie a unha maior (e no seu efecto contrario, unha menor) presenza de fenómenos terroristas de inspiración xihadistas?

5. Conceptualización e marco teórico

5.1 A dimensión conceptual do terrorismo e marco teórico

“Dende os seus orixes como fenómeno político complexo, o terrorismo foi obxecto das máis discordantes definicións por parte das distintas ciencias sociais.”

Eduardo González Calleja, historiador (2014, p.123)

No ano 1983 un dos máximos expertos en terrorismo mundial, Alex P. Schmid, publicaba a obra *“Political Terrorism: A Reasearch Guide to Concepts, Theories, Data bases and Literature”*. Neste compendio, o holandés presenta unha bibliografía exhaustiva sobre o terrorismo, integrada por un grupo de cuestionarios completados por máis de cincuenta académicos de diferentes países. A obra aborda multi-dimensionalmente o concepto do terrorismo e os seus significados; os principios que o compoñen, teorías explicativas, bases de datos e máis de 5.000 referencias⁷. Schmid recompila así máis dun centenar de definicións de terrorismo (Moyano Pacheco, 2010, p. 13), demostrando así a gran falta de consenso existente de cara o concepto no ámbito académico. Sen embargo, a cousa cambia se falamos do significado do concepto na opinión pública ou no que poderíamos considerar na persoa de a pé.

Neste sentido, a maioría das persoas parecen ter unha idea xeral, pero vaga (Hoffman, 2002), do que significa o terrorismo, o que é un terrorista e os actos que o definen. Dende esta dimensión, sabemos que un terrorista é alguén que mata ou ataca de forma violenta e indiscriminada á persoas, forzas de seguridade ou a figuras política. Que os grupos terroristas son organizacións que usan a violencia para conseguir os seus obxectivos. Normalmente os vemos como actos inxustificados, ilexítimos e que acostumamos a percibir incluso como irracionais. Na conxuntura terrorista actual e dende a nosa perspectiva occidental, os atentados de Nova York do 11 de setembro de 2001 fixéronos crear unha imaxe mental do terrorismo moi relacionada con oriente, ca comunidade musulmá e no que a morte indiscriminada de persoas acostuma a ser o “obxectivo” dos terroristas. A existencia desta definición (ou máis ben idea) xeneralizada e popular na opinión pública complica moito o alcance dun substantivo único para referirse ao terrorismo (Hoffman, 2002; Álvarez Rubio, 2019, Martini, 2015):

- En primeiro lugar, porque ao final cada sociedade é responsable de construír e modelar a definición en torno ao seu contexto, creando as súas propias ideas sobre

⁷ <https://www.ncjrs.gov/App/Publications/abstract.aspx?ID=93778>

o terrorismo⁸. (Stampnitzky, 2017, p. 13; Zuñiaga, 2014). Como vimos na introdución, moito países teñen experiencias terroristas rexionais. Estas experiencias modelan en certa medida esa idea xeral que a xente do país ten por terrorismo. Isto provocou, como ben comenta Álvarez Rubio que *“O problema radica en que a causa da “neutralidade terminolóxica” empregada polos medios internacionais, [...] en aras de “corrixir o abuso da lingua con obxectivos políticos”, creouse unha “ambigüidade” que impide unha definición concordante para o terrorismo”* (Álvarez Rubio, 2019, p. 5).

- En segundo lugar, porque o terrorismo implica debater sobre elementos cunha forte carga emocional e política. É importante ter en conta isto, xa que como explican Wright-Neville e Smith *“[...] as paixóns políticas e as emocións rara vez figuran nas teorías contemporáneas do terrorismo e, como tales, son ignorados en grande medida como ferramentas analíticas.”* (Wright-Neville & Smith, 2009, p. 87)
- En terceiro e último lugar, porque estas ideas xerais aséntanse conformando unha “colectividade racional” (Crenshaw, 2002) na que moi dificilmente se poden interpoñer límites ao pensamento “primario” que asociamos ao concepto. Dita colectividade racional funciona dentro dos grupos terroristas pero tamén na sociedade que percibe as súas accións. Na liña da “visión retórica” da realidade social, o sociólogo Ernest Bormann expresa que a forma na que *“[...] pequenos grupos fantasían ata crear unha cultura común pode ser extrapolado ao modo no que as dramatizacións dos mensaxes públicos se propagan entre públicos máis grandes. Os elaborados dramas que capturan a grandes grupos de persoas nunha realidade simbólica poden ser considerados una visión retórica”* (1972, p.1) Esta visión esta fortemente relacionada cas emocións.

Bormann nomea como “visión retórica” a aqueles relatos diversos que son xestados de modo que atrapan a grupos grandes de xente nunha mesma ou similar realidade simbólica. Dita visión é o xerme da acción de determinados grupos, aínda que non sexa o único factor determinante. Nas accións do terrorismo, o mensaxe acostuma ser o obxectivo primordial. Así mesmo, sobre a visión retórica, Bormann expresa *“Cando as ocasións son tan caóticas e indiscriminadas que a comunidade non ten unha clara impresión dos feitos observados, as persoas disfrutan da renda solta para fantasiar sen inhibición dentro das suposicións da súa visión retórica. Nestes casos os temas de*

⁸ Lisa Stampnitzky profundiza nesta idea en www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-40382946 Pablo Esparza, Artigo (2017) *“El Terrorismo es una etiqueta construida socialmente y políticamente”* Especial para BBC Mundo. 28 de Junio de 2017.

fantasía convértense nos principais sistemas de explicación dos acontecementos.” (Bornman, 1972, pp. 5)

Tanto para as opinións públicas como para os círculos ideolóxicos das organizacións terroristas, a visión retórica é capaz de desenvolver unha cultura común dentro dos grupos (Bormann, 1972), xerando respostas moi emocionais e proporcionando, en palabras de Bormann, unha *“realidade social inzada de heroes, viláns, emocións e actitudes”*. O terrorismo leva asociado a si accións violentas como o asasinato, o secuestro ou a chantaxe. Ditos feitos xeran respostas primordialmente emocionais nas persoas, o que determina unha confección de significados moi complexa e extremadamente polarizada entre as visións retóricas dos terroristas e das opinións públicas. Por este feito, o que acostuma a definir como “terrorista” unha acción ou grupo é ó propio alcance, de carácter sempre limitado⁹, das accións e visións retóricas ao respecto dunha sociedade que non a considerará nin lexítima nin real a dramatización elaborada por un grupo. “[...] *“mentres que para algúns un terrorista é unha persoa que asasina inocentes, para outros é un loitador pola liberdade”*¹⁰[...] ” (Cita obtida de: Moyano Pacheco, 2010, pp. 13-14; elaborada a partires de diversas referencias). A modo de síntese do ata aquí exposto, o propio Pacheco expresa sobre condición do concepto do terrorismo o seguinte *“Esta falta de consenso, débese, entre outras cousas, á variedade de motivacións, a heteroxeneidade de comportamentos terroristas e á subxectividade individual dos propios expertos.”* (2010, pp. 13)

Se nos centramos de novo no ámbito académico e non tanto nas opinións públicas; na actualidade temos unha definición de Schmid et al. (1988); publicada na obra *“Political terrorism: a new guide to actors, authors, concepts, data bases, theories, and literature”*¹¹. No portal web da Oficina de Drogas e Crime das Nacións Unidas, a seguinte definición desta obra é considerada de “consenso académico”¹² e é amplamente utilizada no ámbito de estudo¹³.

⁹ Se o alcance fora global e non limitado, as accións poderían ser percibidas como xustificadas por unha masa ampla da opinión pública. Exemplo desta realidade é a interpretación do terrorismo durante a Revolución Francesa. Álvarez Rubio (2019, pp. 3) comenta que a palabra terrorismo *“se populariza durante a Revolución Francesa, onde adquire unha connotación “positiva”, [...] onde inicialmente, foi asociado cos ideais de virtude e democracia (de acordo cos postulados de Robespierre)”* O historiador González Calleja suscribe que *“Na Revolución Francesa usouse por primeira vez o terror en nome da vontade popular”* (González Calleja, 2014, pp. 124)

¹⁰ Moyano Pacheco (2010, pp.13-14) cita para esta frase a (Begin, 1997, Hoffman, 1998; Horgan, 2005; Jenkins, 1982; Pape, 2003; Silke, 2001,2003a; Weinberg, Pedahzur e Hirsch-Hoefler, 2004). Véxase na súa bibliografía.

¹¹ Schmid, Jongman et al. (1988) *“Political terrorism: a new guide to actors, authors, concepts, data bases, theories, and literature.”* in Amsterdam: North Holland, Transaction Books, 1988.

¹² https://web.archive.org/web/20070527145632/http://www.unodc.org/unodc/terrorism_definitions.html

¹³ <http://www.terrorismanalysts.com/pt/index.php/pot/article/view/schmid-terrorism-definition/html>

“O terrorismo é un método -inspirador de ansiedade- [denominado anxiety-inspiring method¹⁴] de acción violenta repetida que é empregado por actores (semi-) clandestinos individuais, de grupo ou estatais, por razóns idiosincráticas, criminais ou políticas, polo que -a diferenza do asasinato- os brancos directos da violencia non son os principais obxectivos. As vítimas humanas inmediatas da violencia acostuman ser elixidas ao azar (obxectivos de oportunidade) ou de maneira selectiva (obxectivos representativos ou simbólicos) dunha poboación obxectivo, e serven como xeradores de mensaxes. Os procesos de comunicación baseados na ameaza e na violencia entre terroristas (organizacións), vítimas (en perigo) e os obxectivos principais utilízanse para manipular ao obxectivo principal (as audiencias), converténdoo nun obxectivo de terror, un obxectivo de esixencias ou un obxectivos de atención; dependendo de se se busca principalmente a intimidación, a coerción ou a propaganda” (Schmid et al, 1988)

Salvando as precisións concretas que se poden aplicar a cada caso, a definición de Schmid guiará o concepto xeral de “terrorismo” para este traballo. Sen embargo, é imperativo abordar especificamente as pesquisas concretas dos diferentes tipos de terrorismo dados e sobretudo do tipo de terrorismo que nos atangue, o terrorismo de inspiración xihadista. Dentro da anterior definición, que pese a ser concisa e de boa amplitude, poderían aplicarse moitos tipos de organizacións, xa que a significación encol das mesmas poder arroupar moitos caracteres diferenciados. Isto débemosllo á inestable significación demostrada polo terrorismo ao longo dos séculos. Como comentamos previamente na introdución, o terrorismo é certamente “etéxico” polo menos no que respecta aos últimos séculos. González Calleja data a orixe remota do concepto no século XVI en obras como “O príncipe” de Maquiavelo, (González Calleja, 2014, pp. 123-124) no que se falaba do terror como medida de castigo e prevención. Algo así como unha ferramenta do gobernante na virtude maquiavélica, a cal poderíamos inclusive entender como unha especie de proto-terrorismo de Estado do que entenderíamos hoxe en día. Esta evolución continúa ata asociar o terrorismo cos rexímenes despóticos. Como comenta Calleja, “Montesquieu introduzo o termo “terror” na linguaxe política asinándolle un significado preciso, como sinónimo de medo, que era a característica determinante do principio reitor dos rexímenes despóticos (2010, pp.124). Tempo despois, como comentamos na *nota 12* da páxina anterior, o terrorismo da Revolución Francesa adquire un significado non xa opresivo, se non como unha vontade popular que disputaba o poder (Calleja, 2010). O termo “terrorismo” continúa na súa evolución adoptando connotacións revolucionarias, que como ben sintetiza

¹⁴ Esta significación explica o terrorismo como un método que busca infundir un shock (ansiedade, medo, terror...) nunha poboación ou grupo concreto a través do uso da violencia.

Álvarez Rubio, pasan por movementos anarquistas nos que *“a idea de violencia asóciase ca intención de informar, educar e reunir as masas tras a idea de revolución”* (Álvarez Rubio, 2019, pp. 4). Posteriormente mantén o valor “revolucionario” ata o período entreguerras, cando os gobernos totalitarios comezaron a aplicar practicas de represión contra o seu propio pobo como é o caso dos nazis en Alemaña (Álvarez Rubio, 2019; González Calleja, 2014, pp. 127). Neste punto, o terrorismo volve a adquirir unha connotación negativa. Xa posteriormente, durante o resto do século XX, a idea de terrorismo asociase cos grupos de extrema esquerda, de eido revolucionario, antiimperialista; e tamén con outros grupos nacionalistas ou rexionalistas insurrectos contra os considerados na retórica -Estados (ou nacións) ocupadoras/opresoras-. Por último, temos na actualidade a que poderíamos considerar a actual conxuntura que define esa mencionada “idea xeral” que temos por terrorismo. Álvarez Rubio expresa:

“A inicios dos 80, os rexímenes de Irán, Iraq, Libia y Siria, se implican activamente para patrocinar ou comisionar terroristas. Nos años 90, aparece a asociación do terrorismo co tráfico de drogas dando orixe ao concepto de narco-terrorismo.” (2019, pp. 4)

Como podemos observar, a continua foi evolución do terrorismo incorporando ao concepto numerosas perspectivas e acepcións que foron modelando o seu significado ata a actual amalgama de elementos que é na actualidade. Sen embargo, algo moi común e estendido a todas as ideas xerais sobre o terrorismo é a considerada ilexitimidade natural do propio acto e a concepción do terrorismo como un *“síndrome social”* (De la Corte, 2007, pp. 41), algo así como unha “enfermidade” sen explicación. Para o historiador González Calleja, *“O funcionalismo nas súas diversas formulacións e perspectivas [...] segue sendo ata o día de hoxe o paradigma interpretativo máis corrente na interpretación do fenómeno terrorista”* (2014, pp. 133). Cabe recordar que o funcionalismo é unha corrente teórica da socioloxía antropolóxica. Sintetizadamente, a premisa base do funcionalismo consiste en que elementos esenciais da estrutura social como a cultura, as institucións, as organizacións e os individuos; buscan unha cohesión e un mantemento do orde a través de mecanismos que regulan o conflito. Para González Calleja, isto implica que se posicione ao terrorismo *“nas antípodas do político e o social”* brindando así *“un poderoso argumento de deslexitimación ontolóxica que é utilizado profusamente polos grandes poderes de orde nacional e internacional”* (2014, pp. 133). Dende a perspectiva psicosocial, De la Corte Ibáñez (2007) expresa que o primeiro principio esencial para o estudo do terrorismo é que *“o terrorismo non debe ser conceptualizado como un síndrome (social o psicolóxico) senón como un método de influencia socio-política”* (pp. 41). Os estudos de terrorismos acostuman a buscar dunha

resposta a algo popularmente considerado como de corte amoral e ilexítimo (factor que dende un primeiro momento condiciona ás interpretacións). Na busca desta explicación, as metodoloxías das diferentes disciplinas buscan definir en moitas ocasións unha “causa” ou particularidade que nos outorgue dita resposta a esta “anomalía” social como é o terrorismo: o perfil psicolóxico (socio psicoloxía), o contexto histórico (historicismo), unha disfunción social (funcionalismo), a influencia do sistemas socio-económicos (estruturalismo), a ideoloxía do xihadismo (construtivismo)....

Moyano Pacheco (2010) distingue no seu extenso traballo sobre radicalización tres niveis de aproximacións analíticas baseados nas diferentes aportacións e clasificacións de autores. Estes niveis son o “*nivel macro ou socioestructural*” (pp. 64-74), “*nivel micro ou individual*” (pp. 78-98) e “*nivel meso ou grupal*” (pp. 100-122). Nestas clasificacións se constitúen unha boa maioría das teorías e aproximacións de estudo de utilidade no campo do terrorismo e segundo o enfoque que queremos aplicar. Algunhas das máis útiles para o análise do terrorismo son as *aportacións do análise de redes sociais* (Moyano Pacheco, 2010, pp. 122), moi potenciados nos últimos anos. Algúns traballos como os de Jordán (2012, 2015) e Jordán, Pozo e Guindo (2010) inclúen este tipo de análises para o estudo de células terroristas. Por outro lado, temos os estudos tipo meso como as aproximacións de estudo das *dinámicas grupais* (Moyano Pacheco, 2010, pp. 113). Na bibliografía deste traballo, aportacións como os traballos de Crenshaw (2002) ou Hoffman (2002) estudan as diferentes dinámicas dentro dos grupos e as influencias destes factores para a definición dos terrorismos e do seu funcionamento lóxico. Dende a perspectiva psicosocial, Kruglanski y Golec (2004) e De la Corte (2006) estudan a influencia dos contextos dos conflitos e abordan dende a perspectiva da psicoloxía social o funcionamento do terrorismo. Ademais, fan aportacións importantes para a comprensión do fenómenos terroristas, os cales poden ser analizados igual que outros grupos sociais (De la Corte, 2006, pp.44)¹⁵. Estas teorías, moi baseadas en teorías da interacción social, estudan os efectos psicosociais derivados da identificación dos membros terroristas como a despersonalización, a obediencia a visión dunha realidade. Samiedo (2015) estuda o funcionamento das organizacións terroristas a través das teorías do aprendizaxe organizacional, teoría que fai unha aportación importante cando queremos entender as dinámicas de actuación dos grupos. Fora das posicións máis psicanalíticas, temos teorías como as teorías da *opresión*, que estudan como influencia que determinados factores de dominación (moi relacionados cas *teorías da privación relativa*) teñen sobre determinados grupos provoca que estes se volvan violentos.

¹⁵ “Terceiro principio: as organizacións terroristas poden ser analizadas por analogía con outros movementos sociais (De la Corte, 2006, pp. 44)”

Algúns traballos como o de Schmid (1988) defenden que premisas dende a perspectiva de que a opresión provoca a violencia política (Moyano Pacheco, 2010, pp. 73).

Se o concepto que guiará fundamentalmente este traballo é o concepto de Schmid exposto anteriormente, as interpretacións que guiarán a análise e a selección das variables cas que estudaremos a incidencia do terrorismo xihadista; serán nun sentido *minus-funcionalista* do terrorismo, intentando desfacernos da tendencia xeral de analizar o terrorismo como un elemento simplemente “criminal” na UE e independente do entorno. Polo tanto, baseámonos nas seguintes perspectivas:

- A *perspectiva psicosocial* para a comprensión do fenómeno terrorista entre as premisas xa expostas de De la Corte (2006) para o estudo do terrorismo e das súas organizacións. O terrorismo xihadista debe ser entendido como un tipo de estratexia de influencia sociopolítica que se modela, crece e interactúa co entorno e cos actores de forma lóxica. Este último punto non quita que no plano de acción os terroristas actúan cunha racionalidade limitada (De la Corte, pp.49). Ademais, as súas decisións e formas de actuar están acollidas por unha ideoloxía concreta e definida (De la Corte, pp. 46, 2006). Con todo isto, esta perspectiva modula a forma que teremos de percibir os incidentes terroristas, xa que unha das principais premisas deste traballo é que os ataques terroristas é a súa incidencia xeral responden a unha racionalidade de actuación e selección de obxectivos e non a simples ataques esporádicos e aleatorios baseados nunha organización radicalmente ilóxica e diferente doutros tipos de organizacións. Por outro lado, outro dos valores que traballamos dende esta perspectiva é a racionalidade limitada da actuación dos terroristas. Isto serve de preámbulo á construción da VD “incidencia do terrorismo de inspiración xihadista”, pois pese á posible variabilidade dos resultados dos ataques, existe un patrón de actuación e premeditación previo, polo que as diferentes incidencias deste tipo de terrorismo non responden unicamente a variables contextuais ou de oportunidade, se non a racionalidades estratéxicas moi moduladas posiblemente por elementos específicos dun Estado ou territorio concreto.
- O *realismo estrutural* nas relacións internacionais: A desestabilización política das rexións do norte de África e de Oriente medio e os diferentes intereses dos Estados marcaron unha parte da evolución da chamada “*Primaveira árabe*”, motivada en parte polas potencias de poder da UE, as cales xeraron un impacto doméstico no desenvolvemento do terrorismo segundo os defensores das posturas máis críticas. Dende o Realismo estrutural, o complexo xogo de poder nestas rexións ten unha forte influencia no desenvolvemento do terrorismo local. Premisa que en grande medida sostén a selección das variables que utilizaremos para analizar a incidencia

do terrorismo de inspiración xihadista. Esta hipótese parte de que o terrorismo na UE é, en parte, “efecto boomerang” da actividade xeoestratéxica e militar de certos Estados da UE en rexións conflitivas nos últimos anos.

- O *construtivismo*: As institucións e grupos sociais exercen unha gran influencia sobre as identidades, polo que dende esta forma de entender as relacións sociais, abordaremos a influencia da relixión e do islam no terrorismo xihadista. Dende este enfoque pretendemos comprender se a relixión é un elemento que, como valor cultural diferenciado dos europeos, pode ser influínte nas incidencias do xihadismo, pensando sobretudo na posible radicalización de individuos europeos musulmáns, Os valores dos Estados europeos chocan ca ideoloxía do xihadismo de forma extrema, en gran parte pola forma de entender a realidade dende dúas perspectivas contraditorias e opostas entre si. Motivo polo que, no seguinte punto deste apartado explicárase a ideoloxía do xihadismo e os valores opostos polos que poden poñer no punto de mira os Estados europeos é a súa vez poden modular as relacións entre os europeos islámicos e resto de europeos. É moi complicado afondar nas realidades diferenciadas das sociedades xa que non temos unha realidade única e obxectiva. Polo que, en grande medida, o terrorismo de inspiración xihadista en Europa e a interpretación que realizaremos neste traballo ven completamente percibida dende o punto de vista da “incidencia” no eido europeo sen vontade de valorar nin de traspolar as incidencias locais e as medicións a outros territorios.

De acordo ca anterior exposición podemos ver que as propostas explicativas do fenómeno terrorista se sintetizan en varias disciplinas e ferramentas analíticas. A propia natureza do terrorismo complica a forma na que as diferentes formas de estudo afrontan este tema de investigación. Primeiro polas xa mencionadas dificultades e particularidades conceptuais do terrorismo e segundo, polas dificultades que dita indefinición atangue á recompilación de información. Sen entrar en máis detalle, os factores (ou variables no sentido de condicións) escollidos para analizar ó terrorismo nos nosos casos serán debidamente xustificados e explicados no apartado de análise en base a algúns dos principios teóricos comentados (Véxase 7.2) deste traballo¹⁶, xa que este parece máis pertinente facelo previo á calibración¹⁷ de cada variable.

Como tamén é comprensible, tampouco existe un consenso á hora de delimitar os diferentes tipos de terrorismo existentes. Na maior parte de casos, atendemos a criterios

¹⁶ Para facilitar a comprensión da selección de ditas variables e o análise da información, a mostraxe teórica será explicitada ao final da Fase A. deste traballo, propoñendo o(s) modelo(s) combinados de factores.

¹⁷ A calibración é un proceso propio da análise QCA que explicaremos máis adiante no apartado 6.

diferenciados para conceptualizar un grupo ou unha acción terrorista: polo tipo de armamento ou o tipo de ataque, pola motivación principal, pola ideoloxía... etc. Por este motivo, diversos autores propoñen diferentes tipoloxías cas que clasificar e estudar ó terrorismo. Neste eido tamén existe certo debate, xa que as tipoloxías varían en función do campo co que se está a estudar o terrorismo. Existen tipoloxías de estudo dende a perspectiva da ciencia política, da socioloxía, do dereito, da historia e da psicoloxía. Este feito é vantaxoso á hora de estudar o terrorismo, xa que permite darnos unha cosmovisión formada con diversas aportación técnicas e metodolóxicas dun mesmo fenómeno, cousa que mellora moito a nosa comprensión dun obxecto de estudo tan complexo. Sen embargo, complica a elaboración ou seguimento dunha clasificación xeral ca que abordar o problema. Moyano Pacheco (2010) aporta esta tipoloxía xeral do terrorismo, a cal permite atender as diferentes variables implicadas cas que poderíamos construír unha clasificación de fenómenos terroristas. A partires da seguinte definiremos as dimensións do terrorismo de inspiración xihadista:

Táboa 2. Tipoloxía xeral de terrorismo en Moyano Pacheco (2010)

<i>Variable</i>	<i>Tipo de terrorismo</i>
Nº Implicados	Individual ou grupal
Patrocinio/Promotor	Estatal, subestatal (insurxente) ou individual
Relación ca autoridade	Antiestatal ou proestatal
Localización	Estatal ou transnacional
Estatus militar	Civil, paramilitar ou militar
Motivación espiritual	Secular ou relixioso
Motivación financeira	Idealista ou mercantilista
Ideoloxía política	Esquerdas/socialista, dereitas/fascista ou anarquista
Rol xerárquico	Promotor, liderado e seguidores
Disposición para morrer	Suicida ou non suicida
Obxectivos diana	Propiedades, individuos concretos, multitudes de persoas
Método	Bombas, asasinatos, secuestros, toma de lugares críticos, envelenamentos, violacións, outros (bioterrorismo, ciberterrorismo)

Fonte: Obtida de “Moyano Pacheco, 2010, pp. 15” – *Táboa 1.2 Tipología del terrorismo*

Comentar sobre esta tipoloxía que existen outras variables de interese para o estudo do terrorismo nas diferentes disciplinas, aínda que a anterior tipoloxía constitúe un enfoque xeral bastante útil para englobar o terrorismo organizado.

5.2 As características do terrorismo de inspiración xihadista.

Xa abordado o -terrorismo- de formal xeral e previo a clasificar o -terrorismo de inspiración xihadista- nesta tipoloxía é necesario explicar que significa a segunda palabra que define o concepto, o -xihadismo-. Segundo Mark Sedwick en “*Jihadism*,

Narrow and Wide: The Dangers of Loose Use of an Important Term, o termo xihadismo ampliou moito a súa popularidade a partires do ano 2000 e especialmente dende o ano 2008 (2015, pp.34). As investigacións de Sedwick establecen o primeiro uso da palabra datado no ano 1986 por parte dun historiador israelí, Haggai Erlich. polo que poderíamos considerala recente no noso vocabulario. A palabra fai referencia á “xihad”, que en árabe significa literalmente “esfuerzo”. No sentido relixioso, a palabra fai referencia ao esforzo do individuo por ser un bo practicante e por levar unha vida acorde á guía de Deus¹⁸. Sen embargo, aínda que a palabra non posúa elementos literais que a poidan relacionar ca guerra ou co militarismo, actualmente diversas interpretacións da significación do “esfuerzo” colocaron ó termo no medio dunha loita ideolóxica e política nas esferas do Islam; no que aínda existe un forte debate cara o significado e na que moitos grupos relixiosos, historiadores e políticos¹⁹ buscan desligar a palabra de calquera tipo de connotación violenta. En síntese, se temos en conta as percepcións negativas derivadas da violencia en nome do Islam e da xihad, a falta de debate profundo sobre o problema e ignorancia occidentalista xeneralizada con respecto da sociedade musulmá; poderemos percibir asentado nas nosas sociedades un coloquialismo inxusto que relaciona o Islam e a violencia. Na linguaxe contemporánea, o termo é actualmente moi asociado á guerra e a loita pola defensa do Islam, de forma que en ocasións tradúcese imprecisamente como “guerra santa”. “Xihad” é unha cousa e “xihadismo” é outra. Para as nosas sociedades, o xihadismo agrupa a todas aquelas prácticas violentas levadas a cabo por minorías islamistas co fin de propagar a súa relixión. Se de base atendemos á imprecisa tradución do significado de “xihad” poderíamos dicir que ca palabra “xihadismo” estamos a falar dun neoloxismo occidental, moi popularizado para asociar a todos aqueles grupos radicais e violentos do Islam político. Cabe diferenciar tamén “islamismo” e “xihadismo” posto que teñen significantes distintos. O primeiro termo referencia á relixión baseada no Corán, mentres que o segundo é un termo asentado na literatura occidental para facer referencia exclusiva da violencia e da guerra levada a cabo por minorías musulmás radicais. A BBC considera que o termo “*non é utilizado por moitos musulmás porque consideran que se asocia erroneamente un concepto relixioso nobre ca violencia ilexítima*”²⁰. Por estas razóns terminolóxicas non sería nin preciso nin adecuado falar de “terrorismo islamista/islámico”, “terrorismo musulmán” ou “terrorismo árabe”. Por outro lado, aínda da imprecisión intrínseca do termo “xihadismo”, o concepto está asentado tanto na literatura como nos medios de comunicación. Tendo en conta isto, neste traballo empregaremos (como xa estivemos empregando ata o

¹⁸ Véxase definición en http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=121:8:::NO::P8_IDT:105523

¹⁹ Abdallah Laroui en “La modernización de Marruecos” e Tariq Ramadan en pa.cair.com/files/Muslim_Scholars_Speak_Out.pdf

²⁰En www.bbc.com/news/world-middle-east-30411519

momento) a formulación “terrorismo de inspiración xihadista” por mor de todas estas precisións explicadas ata agora, cas cales simplemente se busca desligar as comentadas relacións conceptuais.

Dende un punto de vista máis ideolóxico, o xihadismo está asociado á ultradereita ultraconservadora do Islam político, debido a que grupos como o Al Qaeda están fortemente integrados no movemento *salafista yihadista*. Fernández-Montesinos apunta que “o *salafismo é fideista no sentido que da máis valor ás afirmacións do Corán que á aparencia da realidade mesma*” (*Capítulo segundo: Los componentes ideológicos del yihadismo*, 2015, pp. 86 en “Argumosa Pila, Fuente Cobo, Fernández-Montesinos, Semmami, Jordán, Barrenechea, Alonso; 2015). O salafismo poderíamos dicir que avoga por unha interpretación ortodoxa do Corán e das leis islámicas, sendo ultratradicionalista e de corte “revolucionario” nos grupos radicais violentos. Outros grupos como o Estado Islámico adscribense ao movemento *wahabista*, o cal promove un máximo rigor na interpretación e cumprimento da lei islámica. Fuente Cobo explica sobre o wahabismo: “*A hostilidade cara os non musulmáns e a combinación dos escritos do cofundador Abdel Waheb e dos recursos do Estado saudí para propagar a ideoloxía wahabita, convertéronse en estratexias naturais desta corrente rigorista que avoga por unha interpretación literal do Corán y da Suna que permite castigar con «métodos medievais», a activistas políticos e delincuentes comúns*” (*Capítulo primero: El yihadismo en su contexto histórico*, 2015, pp. 48 en en “Argumosa Pila, Fuente Cobo, Fernández-Montesinos, Semmami, Jordán, Barrenechea, Alonso; 2015). O *xihadismo* esta dotado tamén dun forte antioccidentalismo, demostrado nas múltiples declaracións e mensaxes dos principais líderes e grupos xihadistas. Para Argumosa “*Al Qaeda mantivo a seu obxectivo inicial, é dicir, derrocar ao capitalismo occidental e acabar co poder e a influencia de Occidente no Oriente Medio*” (2015, pp. 15) [...] “*Para os xihadistas salafistas, os inimigos infieis non son só os países e a civilización occidentais, senón tamén os despóticos Gobiernos apóstatas que mandan nunha boa parte do mundo árabe e islámico, rexímenes como o de Riad, El Cairo e outros lugares. Para anular a decadencia islámica e recuperar o poder, os xihadistas salafistas chaman aos musulmáns a revivir a loita armada, un deber relixioso abandonado.*” (Argumosa Pila, 2015, pp. 24). O xihadismo e as correntes relixiosas e políticas radicais integradas nel promoven ademais unha clara loita contra os infieis, xustificando a violencia contra eles²¹. Por este motivo, poderíamos definir ao xihadismo tamén como anticatólico,

²¹ “*Combatid contra quienes, habiendo recibido la escritura [es decir, los judíos y los cristianos] no creen en Alá ni en el último día, ni prohíben lo que Alá y su enviado han prohibido, ni practican la religión verdadera. Luchad hasta que, humillados, paguen el tributo*” (Coran 9, 29) Obtido en es.wikipedia.org/wiki/Yihadismo#cite_note-79

antíxudeu; e antimusulmá cando falamos doutras correntes teolóxicas ou políticas do Islam, (antichiismo e antisufismo²²), sendo este grupo relixioso o máis afectado (con diferenza) polo terrorismo inspiración xihadista. Volvendo á anteriormente mencionada Táboa 1.1. extraída de Moyano Pacheco (2010), tipoloxizaremos ao -terrorismo de inspiración xihadista- nas variables explicativas de dita tipoloxía, de forma que este tipo de terrorismo quede o máis abordado posible:

Se falamos do número de implicados, o terrorismo de inspiración xihadista dáse tanto *grupal como individualmente*. Isto é debido a que se presenta activamente tanto dende organizacións complexas como Al-Qaeda ou o Estado Islámico (Jordán, 2012; 2015) como tamén por parte de individuos que actúan sos, (Jordán, 2012), os chamados “lobos solitarios”. Son individuos que actúan por conta propia, moito máis difíciles de localizar polas forzas de seguridade. Respecto do patrocinio, é un fenómeno de patrocinio esencialmente *subestatal* e con pretensións de estatalización, sendo un dos principais obxectivos do panislamismo. (Korstanje, 2016). O panislamismo asocia todas aquelas ideas que pretenden a unión dos musulmáns baixo un mesmo Estado ou califato. Neste punto existe certo debate, xa que algúns expertos o consideran protoestado²³ ou un Estado non recoñecido²⁴. A relación deste terrorismo ca autoridade é esencialmente *antiestatal*, isurxente, e reaccionaria contra os Estados e gobernos (Weinberg, 2006). Respecto á cuarta variable da tipoloxía, a localización deste fenómeno xihadista é de carácter *transnacional* e practicamente *global*; aínda que xeralmente concentrada en rexións de oriente medio (Jordán, 2015) (Garzón, A; Garcés, J. & Herrera, M.; 1998), sendo estes os lugares máis afectados^{25 26}. Sobre o *estatus* das súas forzas: é carácter *paramilitar* (Jordán, pp. 123-129, 2015 en 2015, pp. 48 en “Argumosa Pila, Fuente Cobo, Fernández-Montesinos, Semmami, Jordán, Barrenechea, Alonso; 2015). Forzas como o Estado Islámico e Al Qaeda tiveron e teñen entre ás súas filas membros militares. Un exemplo recente foi Abu Bakr Al Baghdadi, ex capitán do exercito iraquí e despois xefe do consello militar do Estado Islámico (pp. 123, 2015). Outro elemento deste carácter paramilitar é o adestramento que reciben os terroristas nos campamentos insurxentes. En sexto lugar, a motivación do xihadismo é fortemente espiritual e relixiosa, baseada

²²www.infolibre.es/noticias/mundo/2014/07/06/los_yihadistas_destruyen_mezquitas_sufies_chiies_asa_ltan_iglesias_una_ciudad_irak_19278_1022.html

²³ Carmen Rengel para el Huffington Post; 5 de abril de 2015. “Javier Martín: El Estado Islámico tiene espíritu de gobernar y permanecer”. El Huffington Post. Consultado o 3 de xuño de 2020.

²⁴BBC News Consultado o 3 de xuño de 2020 «Islamic State: The struggle to stay rich». Ver tamén: www.nuevatribuna.es/articulo/espana/estado-islamico-tan-lejos-y-tan-cerca/20151116162420122457.html

²⁵ “El terrorismo yihadista dejó al menos 10.598 víctimas mortales en todo el mundo en 2018” OIET, 5 de marzo de 2019; Consultado o 3 de xuño de 2020. <https://observatorioterrorismo.com/entrevista-destacada/el-terrorismo-yihadista-dejo-al-menos-10-598-victimas-mortales-en-todo-el-mundo-en-2018/>

²⁶ Redacción BBC Mundo “Los 10 países que concentran el 75% de los atentados del mundo (y ninguno está en Europa)” 19 de xullo de 2017; Consultado o 3 de xuño de 2020. <https://www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-40646165>

en interpretacións extremistas do Islam, tal e como viñemos comentando. Respecto da xa mencionada e explicada ideoloxía, podemos sintetizala no xihadismo como nacionalista musulmá, *salafista*, *wahibista*, (Argumosa Pila, Fuente Cobo, Fernández-Montesinos, Semmami, Jordán, Barrenechea, Alonso; 2015), *panislamista*, *antioccidental* e *takfirista*²⁷. Este último termo fai referencia ao movemento radical que sinala a “impureza” dos infieis, negando o respecto a outras relixións e sobretudo a outros musulmáns que non leven a cabo a mesma doutrina teolóxica. (Hoffman, 2002). Se falamos do rol xerárquico, dependerá moito da organización xihadista. Aínda así, de forma xeral, acostuman a funcionar como unha “*rede de células autónomas dispersas por todo o globo*” (Argumosa Pila et. Al; pp.13, 2015) e tamén como organizacións máis ou menos formais, paramilitares e xerárquicas, sobretudo no caso do Estado Islámico debido ás súas pretensións de expansión territorial. (Jordán, 2012) (Samiedo, 2015). Outra característica do xihadismo e a disposición ao suicidio de moitos dos terroristas (Erramouspe de Pilnik, 2010) (Pape, 2003). Sendo esta última unha das máis impactantes e definitorias características do terrorismo de inspiración xihadista. Se falamos por outro lado dos obxectivos dos ataques do xihadismo, acostuman a ser multitudes de persoas, un alto número de baixas civís e elementos ou estruturas simbólicas. Tamén, segundo Jordán, acostuman a realizar ataques en lugares públicos ou transportes públicos, sendo este tamén un obxectivo a cumprir. (pp. 102, Jordán, 2015) (Garzón, A; Garcés, J. & Herrera, M.; 1998). Por último lugar desta tipoloxía, no caso dos métodos empregados poderíamos falar dun amplo uso dos explosivos, sobretudo de tipo caseiros (Jordán, 2015; 2012). Aínda que como falamos dun fenómeno amplo e global, temos zonas de conflito no que as propias forzas paramilitares son as encargadas de levar a cabo as accións definidas como terroristas. Nestes casos a través dos combates, de execucións e da destrución de obxectivos civís.

Finalmente, aínda que se podería afondar en moita maior medida na maior parte destes temas, o presentado ata o momento e polo menos suficiente para ter unha idea xeral do que é o terrorismo e máis concretamente do terrorismo de inspiración xihadista.

5.3 Os casos de análise: Criterios e xustificación.

O terrorismo de inspiración xihadista e principalmente por parte de dúas organizacións, Al-Qaeda e o Estado Islámico; sintetizaron un terrorismo dunha extensión internacional, produto da globalización en permanente evolución que vivimos na actualidade. Tamén

²⁷ Nafees Takar & Noor Zahid; VOA Explainer: Who Are Takfiri Extremists? 22 de xuño de 2016; Consultado o 3 de xuño de 2020. <https://www.voanews.com/world-news/middle-east-dont-use/voa-explainer-who-are-takfiri-extremists>

comentamos anteriormente que algúns dos obxectivos políticos do xihadismo son catalogados por diferentes expertos como antidemocráticos e antioccidentais (Rijo Gómez, 2015; Ainz Galende, 2010, p. 133-134; Jordán, Javier, Pilar Pozo y Miguel G. Guindo, 2010). Outros dos obxectivos que forman parte deste radicalismo son a islamización das sociedades non islámicas (Romero e Durán, 2010, p. 59 ; Romero e Troyano, 2011) e a xa comentada lexitimación da violencia contra os infieis²⁸.

Os novos retos neste eido implican unha necesidade de mellora da colaboración internacional entre países e axencias de seguridade. A súa vez, implican tamén unha necesidade de novas estratexias de detección e de abordaxe do problema, tendo que atender a novas variables pasadas de esguello anteriormente como a radicalización local, a ciberseguridade, a propaganda ou a financiación. No caso da Unión Europea, esta nova conxuntura favoreceu as achegas entre os Estados no ámbito da seguridade pese ao baixo desenvolvemento das políticas de interior a nivel supranacional.

Táboa 3. Principais medidas no eido da UE relativas ao terrorismo

Consello da UE. <i>“La Estrategia de la Unión Europea de Lucha contra el Terrorismo.”</i> (2005).
Decisión Marco 2008/919/JAI do Consello, de 28 de novembro de 2008, por la que se modifica la <i>Decisión Marco 2002/475/JAI sobre la loita contra o terrorismo.</i>
Decisión 2005/671/JAI do Consello relativa ao <i>intercambio de información e á cooperación sobre delitos de terrorismo.</i>
Decisión marco do Consello 2002/475/JAI, do 13 de xuño de 2002, <i>sobre a loita contra o terrorismo.</i>
Posición común 2001/931/PESC do Consello, do 27 de decembro de 2001, relativa á <i>aplicación de medidas específicas co fin de loitar contra o terrorismo.</i>
Directiva 2017/541/UE del Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, <i>relativa á loita contra o terrorismo</i> e pola que se substitúe a <i>Decisión marco 2002/475/JAI</i> do Consello e se modifica a <i>Decisión 2005/671/JAI</i> do Consello
Directiva 2016/681/UE relativa ao <i>Rexistro de Nomes de Pasaxeiros para a prevención de delitos de terrorismo e delitos graves.</i>
Directiva 2015/849/UE <i>relativa o reforzo de medidas contra o branqueo de capitais e a financiación do terrorismo</i>
Directiva 2014/42/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de abril de 2014, sobre o <i>embargo e o decomiso dos instrumentos e do produto do delito na Unión Europea.</i>
Directiva 91/477/CEE do Consello, de 18 de xuño de 1991, <i>sobre o control da adquisición y tenencia de armas.</i>

Fonte: Elaboración propia

²⁸ Periodistas como García Gascón afirman que no Corán “existen versículos que claramente xustifican a violencia contra os non crentes” (ver artigo en www.publico.es/internacional/violencia-yihadista-occidente.html) En “La yihad en España” (pax. 110. Cita extraída de wikipedia.org/yihadismo) Aristegui afirma que o islamismo radical promove a xustificación dos crimes cometidos en nome do Islam. Do propio Corán (9,29) extraese “*combatid contra quienes habiendo recibido la escritura no creen en Alá ni en el último día, ni prohíben lo que Alá y su enviado han prohibido ni practican la religión verdadera. Luchad hasta que, humillados, paguen el tributo*”. Outros autores tamén comentan nos seus traballos certos aspectos particulares do xihadismo e dos seus obxectivos, véxase en Jordan, Javier (2012); Moyano P., Manuel (2010); OIET (2018); Dahl, J. E. & Viola, David; (2010); Díaz Matey, Gustavo (2016); Gil Calvo, Enrique (2004); Torres Soriano, Manuel R. (2007) ou Phares, Waïd (2008).

Tras os atentados en Nova York do 11 de setembro de 2001, o 27 de decembro do ano 2001, o Consello Europeo adoptou a *Posición Común 2001/931/PESC* sobre a aplicación de medidas específicas de loita contra o terrorismo, poñendo de manifesto a necesidade de determinar unha definición compartida²⁹ do que se entende por terrorismo. Actualmente, temos esta existencia de novos acordos, materializados na Directiva (UE) 2017/541 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativa á loita contra o terrorismo (e pola que se substitúe a Decisión marco 2002/475/JAI do Consello e se modifica a Decisión 2005/671/JAI do Consello); constitúen a efectos deste traballo unha presenza de proxectos comúns cara un mesmo problema. Dende a perspectiva académica e de investigación, este feito permítenos falar dunha tendencia ou vontade común do grupo europeo fronte ao terrorismo, cousa que é limitada pola propia inconsistencia dalgúns políticas europeas como o caso dos asuntos de interior; e tamén pola falta de políticas xuridicamente vinculantes entre os Estados. É un feito observable que entre os países europeos a incidencia do terrorismo (e mais especificamente do terrorismo de inspiración xihadista) presenta diferencias entre Estados, algunhas máis superficiais que outras. Aínda así, como fomos comentando ao principio deste traballo, a UE leva durante os últimos anos traballando colaborativamente en iniciativas comúns para loitar contra a ameaza terrorista. Por ese motivo, para esta análise foi seleccionado como universo a Unión Europea, integrando como casos países membros independentemente das valoracións que *a priori* podemos ter respecto da incidencia do xihadismo nuns países ou noutros. Dende o realismo, este feito consolida á UE como un conxunto con dinámicas internas diferenciadas no aspecto defensivo e de maximización das posicións política fronte ao terrorismo a partires de recursos militares. Por outro lado, o período temporal escollido abarca os últimos 18 anos. Isto é debido ao profundo cambio xeopolítico e de seguridade que produciu o 11S e pola pouca dispoñibilidade dos datos completos do ano 2020.

Os países escollidos como casos son: *Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Chipre, Dinamarca, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Finlandia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, República Checa, Reino Unido, Romanía e Suecia*. Inclúese ao *Reino Unido* xa que para o período temporal que nos compete, o país estivo incluído na Unión dende o primeiro momento ata este último ano. Polo que realmente estamos estudando ao *Reino Unido* como parte deste conxunto. Por outro lado, está excluída *Croacia* pola súa

²⁹ Nesta posición, enténdense como “obxectivos do terrorismo” (consolidados na Posición común 2001/931/PESC) os seguintes puntos, que se poden resumir en: a) intimidar de forma seria a unha poboación, b) obrigar indebidamente a un goberno ou organización internacional a realizar unha actuación ou a absterse de realizala; e c) desestabilizar gravemente ou destruír as estruturas políticas, constitucionais, económicas ou sociais dun país ou dunha organización internacional. (Anh, s.f.)

recente data de adhesión o 1 de xullo de 2013. Isto é porque para o período temporal escollido trátase dunha ausencia do eido europeo moi longa que non correspondería ao resto dos casos. Por outro lado, a inclusión de países nos que a presenza de fenómenos terroristas poida ser nula ou moito menor xustifícase na necesidade de dar unha maior contrastabilidade e presenza de casos ao análise, evitando así a diversidade limitada de casos (Ragin, p 104)³⁰. O que si podemos afirmar é que todos os países seleccionados contan con medidas antiterroristas debido á recente conxuntura terrorista no eido europeo. Ademais, nos últimos anos todos estes países contan con arrestos relacionados co terrorismo, tal e como demostran os datos recollidos pola EUROPOL no TESAT 2019 (p. 11) TESAT 2018 (p. 14) e TESAT 2017 (p. 11-18). Deste modo, contaremos cun total de 27 casos dos que comprobaremos a presenza ou ausencia da variable de resultado *outcome* (que explicaremos no seguinte apartado), así como da combinación de factores asociados a dito resultado e das diferentes combinacións posibles presentadas.

Garzón, Garcés e Herrera (1988) expresan “...se é certo que o fenómeno terrorista é mais complexo que a conducta terrorista, e que existen outros actores (cidadáns, goberno, medios de comunicación, arsenais de armas, etc), é posible entón encontrar configuracións (bloques de nacións) que se definan polas características ou dimensións que este fenómeno presenta en ditas nacións. É dicir, poden existir pautas do Terrorismo que agrupen diferentes nacións nunha mesma categoría.” (p. 152). Entre o que consideraríamos unha busca para dar sentido ou polo menos para dar unha interpretación a estas diferencias está unha das primeiras xustificacións na selección da ferramenta analítica seleccionada, o QCA ou *Qualitative Comparative Analysis*. Para escusar máis debidamente a súa aplicación é importante en primeiro lugar abordar esta técnica e as súas características, cousa que faremos no primeiro apartado metodolóxico. No segundo apartado explicaremos a modalidade fsQCA, rematando por xustificar esta selección e abordando as utilidades específicas da técnica.

³⁰ O moi frecuente que nestes estudos non atopemos a suficiente cantidade de casos cas que poidamos cubrir todas as combinacións de factores posibles. Charles Ragin (1987, p. 104) expresa o que chama “*The problem of limited diversity*”: “*The tendency for features of cases to be confounded and to clump into interpretable combinations is as much the stuff of social science as attempts to construct exhaustive experiment-like comparisons of causal conditions*”

6. Metodoloxía: Revisión bibliográfica sobre o QCA.

6.1 A análise cualitativa comparada ou QCA

No ano 1987, o profesor e sociólogo Charles C. Ragin publicaba a obra “*The Comparative Method: Moving Beyond Qualitative and Quantitative Strategies*” (Ragin, 1987) iniciando o camiño da análise cualitativa comparada como técnica de análise de datos. Sen profundar moito na súa evolución, esta técnica busca combinar aspectos tanto das técnicas cuantitativas como das técnicas cualitativas; aínda que, de forma específica, pertence máis ben ao campo cualitativo (Ragin, 1987). Un dos aspectos máis importantes que temos que ter en conta é que esta técnica desenvolve unha análise lóxica fundamentada nas matemáticas, máis concretamente na álgebra booleana, con criterios rigorosos e sistemáticos, que son incorporados aos principios da comparación. (Berg-Schlosser, D.; De Meur, G.; Rihoux, B. & Ragin, C., 2009)

Wagemann (pp. 52-53, 2007) sintetiza a aportación de Ragin ao desenvolvemento das ciencias sociais en catros aspectos: O *primeiro*, a xa mencionada lóxica fundamentada nas matemáticas. “*A álgebra e os algoritmos que Ragin propuxo inmediatamente levaron aos investigadores a usar técnicas estandarizadas e ben definidas incluso na investigación non estatística.*” O *segundo*, a utilidade do QCA como método intermedio entre os estudos de N grande e os estudos de caso ou de N pequena (Ragin, 2000). Para Wagemann “[...] *Ragin propuxo unha técnica que permitía analizar incluso un mediano número de casos, pois a numerosidade sería moi alta para o uso de técnicas empregadas nos estudos de caso, pero ao mesmo tempo, moi baixa para desenvolver un análise estatístico.*” O *terceiro* é que no QCA podemos traballar cun número de variables alto “*superior ao número de casos*”. Para o tema do terrorismo e sobre todo tendo en conta que estudamos o eido europeo, esta característica é moi importante. Nun primeiro momento non deberíamos poder apreciar excesivas diferencias entre os estados europeos en aspectos como o nivel de Democracia, o nivel de liberdades civís ou o nivel de conflitivade. Sen embargo, no caso europeo, estas variables non mostran diferencias significativas que poidan presupoñerse explicativas da incidencia deste fenómeno. A *cuarta* e última característica é que esta técnica permite analizar hipóteses baseadas nas relacións entre conxuntos ou *set-theoretic relations* (Ragin, 1987, 2000, 2008). En síntese, o QCA é unha técnica analítica esencialmente de corte cualitativo, a cal a través da lóxica busca identificar factores que determinan un resultado nun conxunto de casos. Desta forma podemos construír tipoloxías para estudar determinados casos ou para identificar series de factores dados entre os casos ou ao

respecto dun determinado resultado, en palabras de Ragin, “*outcome*” (2000). Cabe sinalar unha serie de fundamentos explicativos para a aplicación desta técnica:

En primeiro lugar, os aspectos da causalidade e outras precisións: As xa mencionadas *set-theoretic relations*, *outcome*, *necesidade* e *suficiencia* son algúns dos conceptos clave do QCA. O QCA se constitúe, en palabras de Wagemann (2007, pp.52) “*como unha estratexia para analizar hipóteses baseadas en set-theoretic relations, é dicir, relacións entre conxuntos (hipóteses do tipo «se... entón...»)*”. As relacións entre ditos conxuntos son medidas analizando as condicións *suficientes* ou *necesarias*. Estudamos polo tanto, como a presenza ou a ausencia de variables independentes sobre unha variable dependente en diferentes casos son condicións suficientes ou necesarias dun determinado resultado (*outcome*). Por outro lado, a necesidade e a suficiencia explícanse nas implicacións que ten a presenza ou ausencia desa variable un determinado resultado. Wagemann expón (2007, pp. 59-61):

Que unha “*condición suficiente*” (X) enténdese como aquela condición que con só a súa presenza, implica automaticamente a presenza de Y. O que supón que X é unha condición que, como subconxunto de Y, é explicativa dunha parte de Y. Polo tanto, todos aqueles elementos que compoñen X son a súa vez parte de Y, pero NON todos los elementos de Y son parte de X. Por outro lado, unha “*condición necesaria*” (Z) é aquela condición que permite a existencia de Y. Y non pode existir sen Z, aínda que non sempre que exista Z existirá Y tamén. É dicir, que NON é suficiente a existencia de Z para que se de Y. Z NON é condición suficiente, pero SÍ é necesaria.

Figura 1.1 Condición suficiente





Figura 1.2 Condición necesaria



Fonte: Elaboración propia obtido de Wagemann (2012)

En segundo lugar, as modalidades de QCA: Hasta a introdución das diferentes modalidades existentes do QCA non foron nomeadas ditas variedades de aplicación do QCA. Nun primeiro momento, o actualmente denominado *csQCA* (crisp set ou conxuntos nítidos), o poderíamos considerar o primeiro tipo de modalidade. As etapas que desenvolve esta análise foron explicitadas por Ragin na súa primeira obra (1987). O máis básico deste procedemento é a dicotomización das condicións, o que nos da

unha condición explicativa de carácter dicotómico, sinalando cun valor 1 a completa pertenza ao conxunto e o valor 0 a completa NON pertenza ao conxunto (ausencia). Tanto a selección de casos como os criterios de dicotomización deben estar debidamente xustificadas teórica e metodoloxicamente. Nunha vontade de mellorar a técnica e pulir as principais limitacións do modelo *csQCA*, na obra *“Fuzzy-set Social Science”* (Ragin, 2000) Charles Ragin posibilita unha lóxica non exclusivamente dicotómica, senón difusa no *fsQCA*. Este modelo permite traballar con variables de tipo continuo. Como explica Wagemann sobre a obra de Ragin *“No fsQCA non é necesario dicotomizar o concepto que interesa analizar. Tampouco é necesario distinguir entre a presenza e a ausencia dun concepto”* (pp.54). Sobre o mesmo *fsQCA*, *“para cada caso baixo análise decídese canto ou en que medida pertence ao concepto.”* A diferenza do *csQCA*, o *fsQCA* non se fundamenta na pertenza ou ausencia absoluta, se non no grao de pertenza. Esta será a modalidade elixida para este traballo, a cal será detalla máis adiante tanto en proceso como nas especificacións para a súa aplicación. Existen tamén outras diferentes modalidades de QCA como o *mvQCA* ou *multi-valueQCA*, modalidade que aplica valores multicotómicos asociados a unhas condicións tamén multicotómicas.

Por último e en terceiro lugar, problemas e críticas desta técnica: Algúns dos problemas propios da primeira modalidade do QCA (o *csQCA*) como por exemplo, a perda de información que produce a dicotomización; foron resoltos nas alternativas desenvolvidas por Ragin (2000, 2008) no propio modelo *fsQCA* que comentabamos antes. Utilizando variables de tipo fuzzy, que en lugar de ser calibradas en 1 ou 0 (mercando una pertenza ou ausencia total) son calibradas no intervalo [1, 0], podendo establecer, como comenta Ragin, graos de pertenza (2000, pp. 3) ao conxunto. Outro dos problemas identificados nesta técnica é a chamada *“diversidade empírica limitada”*. Como é comprensible, o número de casos na realidade moitas veces é limitado. Isto supón un problema xa que os casos non sempre poderán cubrir todas as combinacións de factores lóxicamente posibles. O número de combinacións posibles aumenta de forma exponencial. Wagemann explica que isto funciona en función á fórmula 2^k , *“sendo k o número de compoñentes das configuracións”* (pp. 63, 2007). Nunha nota explicativa, aclara ademais cun bo exemplo de Lijphart este problema: *“Como sinala Lijphart (1999), con dez compoñentes da súa escala de sistemas competitivos e consensuais, lograríanse polo menos de 1,024 combinacións diferentes [...]. Para usar as categorías de Lijphart necesitaríamos entón 1,024 diferentes países.”* (Wagemann, pp 63, nota 24, 2007). Sobre as críticas á técnica, son resumidas na *Revista de Estudos Políticos* no seguinte:

“a) que asume que a calidade dos datos cualitativos é completa; b) que non estima de maneira oportuna as variables non incluídas na configuración; c) a súa alta

dependencia da codificación realizada polo suxeito investigador; d) que a súa asunción de independencia dos casos estudados impide as explicacións historicistas; e e) que se basea na creación (indución) de teoría de acordo aos casos e non na súa falsación.” (García, 2018, pp. 352).

6.2 O fsQCA. Especificidades e aplicación en traballos de referencia.

O modelo de conxuntos difusos ou *fuzzy sets* permítenos traballar con factores que non, ou polo menos, que dificilmente; poderían dividirse en valores dicotómicos. Como xa comentamos, os valores dos casos son sinalados na escala [1, 0] indicando ese mencionado grao de pertenza. Nos valores de este intervalo hai que localizar o chamado *cross over point* ou punto de máxima indefinición, o cal acostuma a ser 0,5. (Ragin, 2000, 2008). O proceso de aplicación do análise fsQCA require, da mesma forma que a modalidade csQCA, unha identificación da variable dependente *outcome* sobre a cal queremos medir a súa presenza ou a súa ausencia. Para garantir que tantos os factores ou condicións (as variables independentes) “falen” na mesma linguaxe que a variable dependente ou resultado *outcome* é necesario calibrar ditas variables. Segundo Ragin, a calibración “[...] é unha práctica de investigación necesaria e rutinaria en diversos campos [...]” (Ragin, 2008, pp. 2). Consiste en estimar o grao de pertenza de cada caso ao factor. Hai dou métodos, o método directo (Ragin, 2000, pp.14) e o método indirecto (Ragin, 2000, pp. 17). O directo, en palabras de Ragin, “*utiliza tres importantes ancoraxes cualitativos para a calibración estrutural.*” Estes son, o umbro de pertenza plena, o *cross-over point* ou punto de cruce; e o umbro de nula pertenza. (Ragin, pp.13, 2000). Para os valores brutos da variable se calculan a desviacións dos datos de cada caso en función do punto de cruce. (Ragin, pp. 14, 2000). Unha vez feito isto e seleccionados os valores do umbros é cando é posible calibrar o grao de pertenza. Ragin comenta que a principal tarefa neste punto é traducir os datos que calculamos sobre o *cross over point* á métrica das probabilidades logarítmicas. É importante sinalar que os valores entre 0-1 non son probabilidades, son valores que establecen un grao de pertenza (Ragin, pp.13, 2000). Este calibrado pode ser realizado a través dun programa gratuíto³¹. Un segundo aspecto a comentar son os valores de “consistencia” e “cobertura” dados unha vez realizada a análise. A consistencia explica ata que punto os casos comparten características co *outcome*. Por outro lado, a cobertura é indicador da proporción de valores dos casos pertencentes ao resultado *outcome* que están cubertos por algún factor o condición causal. O ideal sería exixir índices de consistencia superiores a 0,75 para extraer conclusión válidas e valores cobertura dados entre 0,25

³¹ <http://fsqca.com>.

e 0,65, xa que menores de 0,25 non sería significativo e máis de 0,65 precisarían dunha regresión. Por último lugar, a Táboa da verdade agrupa nunha matriz os valores *fuzzy* da totalidade de casos e variables, mostrando así o totalidade de configuracións causais. A utilidade e necesidade desta técnica para o tema que concirne a este traballo atende aos seguintes aspectos: Primeiro, á necesidade de buscar ditas “pautas” ou configuracións causais que explican as diferencias entre Estados con, a priori, similares incidencias. Segundo, á necesidade de traballar cun número intermedio de casos e de variables (natureza do traballo: n-intermedia). Terceiro, a necesidade de establecer comparacións lóxicas baseadas en aspectos complexos e difíciles de medir. Cuarto, para valorar a calidade explicativa das variables presentadas e para buscar combinacións de factores posiblemente explicativos. Deixar constancia, por último, das obras de referencia revisadas e a través das que foron estudados os procedementos e as recomendacións para a aplicación desta técnica. Principalmente, as publicacións de Charles Ragin do ano 1987, a do ano 2000 sobre os *fuzzy sets* e do ano 2008 con novas aportacións á técnica. A obra de Claudius Wagemann (2007) que aporta de forma resumida e ben pormenorizada esta técnica e as súas especificidades no que respecta aos aspectos teóricos, facilitando moi o traballo de lectura e comprensión. Tamén algúns contidos da obra de Berg-Schlosser, De Meur, Rihoux e Ragin (2009), das que obtivemos algúns fundamentos sobre a causalidade conxuntural múltiple e sobre os termos utilizados na técnica. Tamén a “*User’s Guide To*” sobre o *Fuzzy set* no QCA, unha guía publicada de forma libre³² por Ragin en xullo de 2017 sobre o funcionamento da técnica. É importante sinalar tamén o portal web www.socsci.uci.edu onde se pode atopar o software do QCA para descargar gratuitamente³³.

No eido do terrorismo non existen moitos traballos que apliquen esta metodoloxía ao estudo deste fenómeno. Na maior parte dos casos, os estudos sobre o terrorismo céntranse no propio terrorismo como caso de análise. Dentro dalgúns traballos que aplican unha análise QCA ao terrorismo e dos que foi posible un acceso libre temos, en primeiro lugar, o traballo de Susan Fahey e Pete Simi, da universidade de Chapman: “*Pathways to violent extremism: a qualitative comparative analysis of the US far-right, Dynamics of Asymmetric Conflict*”. Neste traballo, os autores analizan unha mostra de trinta e cinco supremacistas brancos para estudar as súas motivacións violentas, aplicando o QCA para comprobar diferencias entre combinacións de factores de risco entre os casos. Neste traballo non se realiza unha comparación entre países pero é de

³² Esta guía pódese atopar libremente na páxina web da Universidade de Arizona: www.u.arizona.edu/~cragin/fsQCA/download/fsQCAManual.pdf

³³ Véxase en: socsci.uci.edu/~cragin/fsQCA/software.shtml

boa utilidade para o noso traballo a forma na que se comparan os factores entre casos, dividíndoos entre os que planificaban as súas accións violentas e entre cales a violencia era espontánea. (Fahey & Simi, 2018). Por outro lado, o traballo de Colom, Medina e Peña (2017) sobre o liderado “*¿Cómo se define el liderazgo en la defensa europea? Un análisis fsQCA*”. Este estudo fai unha dobre aportación ao noso traballo: unha primeira aportación metodolóxica ao aplicar o modelo de conxuntos difusos (Ragin, 2000) para estudar países europeos no eido da defensa e do liderado. En segundo lugar, unha aportación teórica sobre o ámbito da seguridade nos países europeos. As conclusións mostran a vontade dunha seguridade conxunta a nivel europeo e dos problemas que supoñen as diferencias entre os estados en capacidades e equipamentos defensivos. (Colom, Medina & Peña, 2017, pp. 140-142) Esta aportación teórica é de boa utilidade para un dos nosos factores de análise posteriores sobre a seguridade. Noutro traballo, Saavedra Luna (2015) estuda de forma máis específica factores que inclúen no terrorismo a nivel internacional a través dunha análise QCA en “*Terrorismo Internacional. Un análisis cualitativo comparado*”. O traballo estuda as posibles causas do terrorismo nunha mostra de 12 países que sufriran algún ataque ou ben países nos que se orixinou algún tipo de grupo ou célula xihadista. Entre eles temos países moi diferentes, contrapoiendo EE.UU, España ou Inglaterra con países como Iraq, Siria ou Indonesia. O traballo recolle factores como o nivel de democracia, liberdades civís e o PIB para comparar e estudar as diferencias entre os casos, aportando as combinacións de condicións causais nas que se presenta o fenómeno terrorista. Consideramos que a maioría de factores deste traballo non son de utilidade para o eido europeo, posto que as diferencias entre niveis de PIB, democracia ou liberdades civís non parecen ser, polo menos neste caso, explicativas das diferentes incidencias do terrorismo de inspiración xihadista. En primeiro lugar pola baixa incidencia xeral (se o comparamos a nivel mundial con países con alta incidencia) que presenta este tipo de terrorismo na UE; e en segundo lugar pola baixa presenza de conflitos armados importantes na UE que poidan alimentar este tipo de fenómenos. Este último traballo é mostra dunha aplicación de estudo do QCA ao fenómeno terrorista tendo como casos países. Aínda así, existen outros traballos que aplican o análise comparativo cualitativo para individuos como casos de forma que se estudien patróns de integración nos grupos ou combinacións de factores causantes da radicalización. A aplicación do QCA é moi versátil neste sentido, xa que permite ao investigador tratar con números de casos moderados e á vez números de variables moderados tamén, polo que poderíamos falar de tipos de estudo de “N-intermedia”. Ademais, pode ser aplicado á maioría de perspectivas e teorías de estudo sempre que o propósito do estudo sexa, en esencia, comparativo.

7. Explicación: Estudio de factores con *fsQCA*

Seguindo a Ragin, (2008) a análise deste traballo pasará por estudar en catro fases mediante o *fsQCA* a forma na que as variables e condicións se combinan para dar un determinado resultado *outcome*. O *Qualitative Comparative Analysis* é de gran utilidade para este tema xa que permite identificar patróns de similitudes e diferencias en estudos de N intermedia-pequena. Aplicando a lóxica booleana para establecer relacións causais falamos das xa mencionadas “condicións suficientes ou condicións necesarias” para estudar as relacións entre os conxuntos. Como xa expuxemos no apartado metodolóxico, aplicarase o modelo de Conxuntos Difusos *Fuzzy Sets*, xa que para os casos e a súa complexidade este deseño nos permite superar a dicotomización que exigen os Conxuntos nítidos ou *Crisp Sets*. O primeiro paso será desenvolver a variable dependente ou *outcome*. Despois, para o estudo de factores realizaremos tres subfases de análise propostas pola literatura do QCA e xa comentadas no apartado metodolóxico (Ragin, 2008) que en síntese son:

- Primeiro, unha “Fase A” na que se explicaran as variables, se xustificarán debidamente e se calibraran para a modalidade *fsQCA*. Explicitaranse criterios de calibración e de selección de valores, describindo á/s hipótese/s respecto ao resultado *outcome*.
- Segundo, unha “Fase B” na que se realizará a *análise de necesidade* das variables, estudando así os niveis de consistencia e cobertura das condicións (variables) respecto do noso resultado. Tanto en condición de presenza como en condición de ausencia do *outcome*.
- “Fase C” na que se realizará unha *análise de suficiencia* das configuracións causais que presenten umbrais de consistencia adecuados e suficientes. Despois se categorizarán os casos nas distintas configuracións.

Como paso previo a estas fases, é necesario calibrar e construír a nosa variable dependente ou *outcome* para expresala en valores fuzzy. Xa que o noso obxectivo é explicar a incidencia do fenómeno terrorista xihadista, primeiro é necesario definir unha forma de medición aproximada de dita incidencia.

7.1 O *outcome*: Calibración e selección.

Ata o momento, vimos que a conceptualización do terrorismo é dun asunto complexo, en ocasións difuso segundo criterios nacionais, políticos ou históricos. Para intentar garantir un correcto abordaxe do terrorismo de inspiración xihadista, unha das nosas primeiras tarefas será a de construír un índice cualitativo do terrorismo xihadista útil para

o noso propósito, que é o de medir ou valorar o grao de influencia que exerce este tipo de terrorismo. Ou o que é o mesmo, valorar presenza que este tipo de terrorismo exerce nos países europeos. É necesario remarcar neste punto que, como comenta Ragin (2008), esta técnica prevé unha estruturación e etiquetaxe teórica dos casos baixo análise. É dicir, os valores *fuzzy* que traballamos dependen moito do eido no que estamos traballando, que neste caso é de países de Europa. Como ben comenta Wagemann “*Para definir por exemplo se un país é rico ou non, seguramente usaríamos graos diferentes dependendo se nos concentramos soamente nos países africanos ou soamente en países de Europa continental (véxase o exemplo presentado en Ragin, 2000: 164 y ss.) (2007, pp. 55).* Ao que engade “*De esta maneira, os valores difusos son indicadores específicos para un sistema e non indicadores comúns*” (Wagemann, 2007, pp.55) De aí a importancia da fase de calibrado e da seu correcto proceder e xustificación. O noso índice cualitativo do terrorismo xihadista será construído a partires dunha serie de indicadores que nos darán un valor cualitativo sobre o maior ou menor grao da presenza do xihadismo no noso sistema de estudo (é dicir, os casos escollidos), sendo este o noso *outcome* ou variable dependente. Sería ideal poder rexistrar nunha mesma variable as diferentes dimensións de incidencia do terrorismo de inspiración xihadista, como a incidencia psicolóxica (medo, percepción de inseguridade, felicidade) ou a incidencia sociolóxica (cambios sociais, radicalización, dereitos...). Neste traballo limitáronos a estudar dúas dimensións da incidencia do terrorismo xihadista:

A *incidencia da violencia directa* do terrorismo de inspiración xihadista: A cal a mediremos a partires de *tres (3) indicadores*: Primeiro, o número de atentados de inspiración xihadista; Segundo, o número de vítimas mortais relacionadas co xihadismo; e terceiro, o número de damnificados ou lesionados por incidentes de inspiración xihadista. Esta selección xustifícase en que a presenza por si soa de atentados non demostra unha presenza de vítimas. O mesmo cos feridos. Podemos ter casos con moitos atentados e poucos falecidos, outros con moitas vítimas e poucos atentados. Que ten máis incidencia, un único atentado pero con moitos falecidos ou 100 atentados pero sen vítimas? Para ter en conta estes posibles e valoralos de forma similar, o ideal para estudar este subíndice é ter en conta os tres factores por separado. En cada indicador especifícase o punto de cruce ou *cross over point* co que dividiremos os casos como pertencentes ao conxunto (+0.5) ou non pertencentes ao conxunto (-0.5). Temos que ter en conta que estamos estudando os casos como parte dun sistema que, como conxunto, ten influencia política en cada un deles e que toma decisións que en maior ou menor medida, afecta ao conxunto. Os criterios que avalían cando un país está afectado ou non nesta problemática acostuman a ser amplos, polo que sempre é normal falar do

terrorismo na UE como un problema de Europa, aínda que realmente, como veremos nos datos, é sobretudo un problema duns países en concreto. Por outro lado, como ben comenta Ragin, falta un acordo preciso sobre os estándares de calibración de certas medidas. (2008, pp. 11). No noso caso, é complicado establecer puntos (umbros) cualitativos de pertenza total ao conxunto ou de ausencia total. Sendo o terrorismo un fenómeno moi emocional e politizado, é complicado atreverse a establecer estándares de medida que nos digan a partires de que volume de vítimas é cando un país está afectado e cando non. Caso por caso, esta afectación ou incidencia é moi subxectiva e depende de factores complexos. Por este motivo, estudando os casos como un conxunto, o máis lóxico sería estudar a incidencia destes pero tendo en conta ao conxunto. Por isto, ademais da valoración particular dos casos, a selección dos puntos de cruce tamén ven xustificada tendo en conta non unicamente os valores globais (en moitos casos extremos), senón tamén tendo en conta a posición e os valores que presentan os casos e a posible influencia que pode ter ese valor do indicador no noso obxectivo, que é medir a incidencia do xihadismo.

Sobre a *incidencia no ámbito económico* do terrorismo de inspiración xihadista a mediremos a partires de *dous (2) indicadores*: *O custo económico estimado en capital físico-humano do terrorismo* e *o custo estimado de impacto económico do terrorismo xihadista no PIB*. A partires destes dous valores ou tipos de incidencia medidos con 5 indicadores buscaremos crear o noso índice cualitativo do terrorismo de inspiración xihadista. Traballos como o de Colom, Medina e Peña (2017) optan por esta estratexia para a construción da variable dependente *outcome* no estudo do liderado en defensa, construíndo así a condición a partires de diferentes indicadores do liderado. (pp. 125-127). Seguindo esta forma, temos o seguinte esquema na Figura 2:

Figura 2. Esquema da variable dependente *outcome* e indicadores



Fonte: Elaboración propia

Este esquema resume a construción do *outcome* que operará no noso traballo como fenómeno dependente definido a partires dunha serie de variables independentes que será explicadas no seguinte apartado de análise deste traballo. É importante remarcar novamente que o conxunto dos indicadores darán un grao de pertenza dos casos ao conxunto de *países con incidencia de terrorismo de inspiración xihadista*. Este grao de pertenza marcará os casos cun valor de presenza ou ausencia. Para atender aos cinco indicadores nun mesmo conxunto (*compound sets* ou conxuntos compostos) é necesario aplicar unha operación común nos conxunto difusos coñecida como set intersection (Ragin, 2008). Dentro das dúas operacións nestes conxuntos, *logical and* e *logical or*, traballaremos a operación *logical or*, xa que esta operación atende ao valor máximo dos membros nos conxuntos para estudar como se presenta positivamente a incidencia do terrorismo xihadista. Neste punto, o a nosa variable consecuenta respecto dos cinco indicadores que presentamos sería a incidencia do terrorismo xihadista e no caso contrario, a non incidencia. As regras que valorarán a presenza da *incidencia* nos indicadores xustificanse no seguinte:

Sobre o subíndice da *incidencia da violencia directa*, estes son os datos dos indicadores:

- O *número de atentados de inspiración xihadista*: Os atentados son, con toda seguridade, as formas de violencia máis visibles e de maior impacto que exerce o terrorismo. O atentado é unha das diferentes tácticas utilizadas polos grupos terroristas xihadistas. Acostuman a ser ataques violentos levados a cabo normalmente con explosivos, armas ou sabotaxes de infraestruturas; aínda que tamén son utilizados outros métodos en función dos obxectivos do ataque e da organización. Como táctica, o atentado foi variando co tempo de métodos e de instrumentos. Profesionais deste campo como Robert Pape (2003, p. 340) atoparon indicios que de os atentados (sobretudo de tipo suicida) aumentaron considerablemente nas últimas décadas. Por outro lado, Jordán sinala unha tendencia na que a utilización de explosivos caseiros parecen ser a principal ferramenta dos atentados xihadistas (Jordán, p. 102, Gráfico 7). O atentado é, sen dúbida, un elemento esencial de análise cando queremos falar de terrorismo. Pero este motivo, o volume de atentados que presente un país é esencial cando queremos falar dunha incidencia alta ou unha incidencia baixa do terrorismo de inspiración xihadista.

Na Táboa 4 recóllense o total de incidentes catalogados como terroristas dos últimos 20 anos nos casos seleccionados. Os datos foron recollidos a partires da *Global Terrorism Database* e contrastados na maior medida do posible con outras fontes. A *GTD* é unha das maiores bases de datos sobre terrorismo do mundo, mantida polo *Consortio*

Nacional para o Estudo do Terrorismo e Resposta ao Terrorismo na Universidade de Maryland, Estados Unidos. Os valores porcentuais e máis os incidentes terroristas totáis amosados serán de utilidade para máis adiante:

Táboa 4. Incidentes catalogados como terroristas nos últimos 19 anos

Casos	Incidentes terroristas	...de inspiración xihadista ³⁴	% incidentes xihadistas respecto incidentes de todo tipo	% incidentes xihadistas respecto do total
Alemaña	229	31	13.5	15,8
Austria	19	7	36.8	3,6
Bélxica	30	12	40	6,1
Bulgaria	18	2	11.1	1
Chipre	25	0	0	0
Dinamarca	13	7	53.8	3,6
Eslovaquia	3	0	0	0
Eslovenia	1	0	0	0
España	434	17	3.9	8,7
Estonia	4	0	0	0
Finlandia	17	2	11.8	1
Francia	487	63	12.9	32,1
Grecia	583	2	0,3	1
Hungría	7	0	0	0
Irlanda	172	0	0	0
Italia	150	4	2,6	2
Letonia	5	0	0	0
Lituania	1	0	0	0
Luxemburgo	0	0	0	0
Malta	5	0	0	0
Países Baixos	34	10	29,4	5,1
Polonia	6	0	0	0
Portugal	8	0	0	0
Reino Unido	1.222	29	2,3	14,8
Rep. Checa	21	0	0	0
Romanía	1	0	0	0
Suecia	90	10	11,1	5,1
TOTAL	≈3.585	196	5,2	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do *Global Terrorism Database* e das publicacións *Terrorism Situation and Trend Report* dos anos 2017,2018 e 2019 da EUROPOL.

Este indicador selecciona o número de atentados de inspiración xihadista totáis dos últimos 19 anos (a falta de finalizar o ano 2020). Aínda que o volume datos demostre que o a proporción de atentados xihadistas e pequena respecto aos outros tipos, o volume de vítimas mortais e en xeral, do impacto deste tipo de atentados é, con moita diferenza, máis alto que que todo o resto de tipos de atentados. Na Táboa 4.1 expóñense que casos son considerados como casos con incidencia de atentados e cales sen incidencia. A codificación cualitativa asinada esta baseada no *método directo de calibración* en tres puntos cualitativos (Ragin, 2008) ao igual que o seguintes dous indicadores deste apartado. Isto débese as xa comentadas dificultades para atopar

³⁴ Soamente están incluídos os que se coñece a autoría ou reivindicación a grupos terroristas de inspiración xihadistas ou á relixión.

0 atentados e cos seus respectivos valores escalares baseados na probabilidade logarítmica de pertenza -5. (Véxase anexo 3).

É importante atender ao porcentaxe respecto do total de incidentes. Por exemplo, Reino Unido conta cun número de atentados de inspiración xihadista alto se o comparamos co resto de países. Aínda así, respecto do total de incidentes terroristas rexistrados no país, os de inspiración xihadista só supoñen o 2,3%. Por este motivo, medimos respecto ao resto de Estados e ao total de atentados xihadistas dados en Europa, non respecto aos fenómenos particulares de cada Estado. Desta forma evitaríamos rexistrar cun valor de atentados xihadistas habituais a un país que só tivera, por exemplo, un único incidente terrorista e que este fora de inspiración xihadista (sendo así o 100% respecto o total de incidentes terroristas dentro do país). Aínda así, resulta de interese observar en que medida son frecuentes este tipo de atentados por cada un dos países, xa que é indicativo doutros aspectos de estudo interesantes. A conclusión que podemos obter destes datos é que a priori non podemos afirmar que un volume alto do total de atentados terroristas implique á súa vez un volume alto de atentados de tipo xihadista (véxase Grecia). Da mesma forma, un volume baixo de atentados de calquera tipo non implica que o volume de atentados xihadistas tamén sexa baixo (véxase Dinamarca ou Bélxica). Isto débese principalmente as grandes diferencias nas frecuencias do conxunto de todos os tipos de atentados e os atentados xihadistas.


Outra das conclusións que podemos obter deste fenómeno é que o xihadismo é un tipo de terrorismo pouco frecuente no conxunto Europeo, polo menos se o comparamos con incidentes doutros tipos. Se observamos por casos, algúns presentan o xihadismo como unha das principais causas do terrorismo no seu país, aínda que cunha frecuencia baixa. Tamén é importante dicir que un bo número dos incidentes terroristas de tipo *totais* rexistrados teñen autorías descoñecidas ou indeterminadas. Polos indicios presentados nalgúns casos, algúns deles poderían ser incluídos como “de inspiración xihadista”, pero foron unicamente incluídos os que a GTD na súa metodoloxía considerou como tal.

- *O número de vítimas mortais relacionadas co xihadismo*: Un número alto de atentados non implica por si mesmo un número alto de falecidos nos ataques. Por este motivo, é importante tamén ter en conta como indicador da incidencia do terrorismo xihadista en número de falecidos nos ataques. Na Táboa 5 recóllense o total de persoas europeas pertencentes aos casos falecidas en incidentes catalogados como de algún tipo de terrorismo de inspiración xihadista. Estes datos tamén foron obtidos da *Global Terrorism Database* e contrastados na maior medida do posible con outras fontes, principalmente co Libro Branco e Negro do Terrorismo en Europa, o cal ten un

compendio completo das vítimas entre o ano 2000 e o 2016. Son incluídas vítimas tanto as de dentro como fora das fronteiras mentres sexan cidadáns pertencentes aos casos, xa que consideramos que os efectos dos falecidos teñen unha forte incidencia no país aínda se deran noutros territorios.

[Aquí Táboa 5. Ver Anexo 6]

Figura 4. Representación Nº falecidos e grao de pertenza da Táboa 5



Fonte: Elaboración propia

En base ao método directo de calibración, como *umbro de plena pertenza total* marcaremos as 500 vítimas, sendo este un dos baremos de nivel alto utilizados pola START GTD (e calculado pola IEP³⁵) para clasificar países por número de falecidos por terrorismo. Ademais, máis deste número de mortes representan un peso específico de polo menos 1/5 das vítimas. Se temos en conta que en termos xerais, son 5 países do conxunto da UE os que se ven principalmente afectados polo terrorismo xihadista, se dúbida este número representaría o que nos consideraríamos o *umbro de plena pertenza total*, tanto polos efectos reais desa incidencia como polo peso que ten este valor no conxunto. Como *cross over point*, utilizaremos outro valor da GTD sendo o de polo menos 50 vítimas (Global Terrorism Index 2016, pp. 22, Figure 1.12). Por outro lado, o *umbro de plena non pertenza total* o marcaríamos nas 10 vítimas, e dicir, en


³⁵ Institute For Economics and Peace

menos do 1% do conxunto. No período temporal de 20 anos suporía menos de un falecido cada 2 anos no período, polo que podería considerarse circunstancial ou residual tendo en conta os valores de incidencia doutros casos. Volvemos a remarcar da dificultade de establecer estes umbros debido á falta de estándares que nos indiquen a partires de cando podemos falar dun número de vítimas imporante e cando non, polo que os pesos concretos escollidos baséanse tamén no coñecemento específico dos casos e dos efectos que diferentes atentados de importancia tiveron nos países.

- O *número de damnificados ou lesionados por incidentes de inspiración xihadista*: Do mesmo modo, un número determinado de vítimas ou de atentados non implica directamente un concreto de feridos. Do mesmo modo que cos anteriores dous indicadores, os datos foron obtidos da *Global Terrorism Database* e máis contrastados con outras fontes na medida do posible. Cabe sinalar que o número de feridos depende moito do tipo de atentado. Normalmente, un número de feridos alto implica que houbo probablemente atentados de tipo masivos (con explosivos) ou ataques a grande escala. Por isto, os feridos sinalan tamén unha tendencia nos atentados e na incidencia que estes tiveron no país. Só no caso de España, o 11M provocou un número de feridos altísimo polas implicacións do ataque (bombas, transporte público en hora punta...). Estes caracteres permiten falar de tendencias e incidencias dos ataques moi altas, xa que implican un número de damnificados (e de diversos custos) altísimo pese a non ser falecidos directos. Na calibración en tres ancoras cualitativas temos como *umbro de plena pertenza total* seleccionamos un número de 1000 feridos, sendo este algo menos do 25% doss feridos do conxunto. Tanto polos datos dos casos como polo seguimento do criterio anterior, nunha visión xeral podemos ver que son, polo menos, 5 países os principalmente afectados polo terrorismo xihadista. Polo que, calquera pais que supere dito valor de polo menos máis do 20% dos feridos ten dereito de total pertenza ao conxunto. Como *cross over point* seleccionaremos os 50 feridos, volvendo a aplicar o valor asinado pola GTD para clasificar falecidos. Con este número de feridos é difícil falar de causas circunstanciais ou illadas. Ademais, dito valor duplicar a actual media de feridos por atentado, o que nos podería indicar a presenza de atentados notables con varios feridos e non de situacións máis ben puntuais. Por último, como *umbro de plena non pertenza total* seleccionaríamos 21,97 feridos, sendo este número a media de feridos por atentado xihadista no entorno dos nosos casos. Se un caso tivera menos deste valor medio poderíamos consideralo absolutamente fora do conxunto. Cabe sinalar ademais que as clasificacións de feridos son susceptibles a inclusión de múltiples persoas con danos por causas moi menores, polo que é adecuado ter un umbro de total non pertenza algo máis elevado que no caso dos falecidos.

[Aquí Táboa 6. Ver Anexo 6]

Figura 5. Representación N° feridos e grao de pertenza da Táboa 6



Fonte: Elaboración propia

Podemos comprobar a validez dos graos de pertenza de todos os indicadores se atendemos a unha serie de umbros concretos. En primeiro lugar, todos os casos nos tres indicadores cruzan xusto no cross over point, que en grao de pertenza é o 0.500. Podemos observar tamén, que todos aqueles casos que superan en cada indicador o *umbro de plena pertenza total* teñen un valor de máis de 0.95, o que podemos interpretar como *full membership*, mentres que os casos que son inferiores aos *umbros de plena non pertenza total* teñen puntuacións inferiores a 0.05, o que pode ser interpretado como *full-non membership* segundo Ragin (2008). Tanto os valores de frecuencia dos indicadores como as puntuacións de pertenza axústanse ás etiquetas cualitativas. Os casos nos que non se presentaba frecuencia algunha (valor 0) foron asignados ca NON pertenza total, tendo un valor de probabilidade de pertenza de -5.0 e cunhas puntuacións de 0.007 en todos os casos excepto nos feridos debido a falta de datos máis completos que nos permitan falar dunha ausencia total de feridos neses casos.

Os procedementos de calibración en *fuzzy sets* son matematicamente incapaces de producir resultados de valor absoluto 1.0 e 0.0, xa que corresponderían a infinito positivo e infinito negativo. Remarcar novamente que as puntuacións non son probabilísticas, senón que son simplemente transformacións que marcan unha pertenza ao obxectivo que establecemos. Por este motivo, a combinación destes indicadores require do xa

comentado operador lóxico, xa que non hai formas sinxelas de illar casos que comparten unha combinación específica de condicións causais. Neste caso, a álgebra difusa é a que calculara a pertenza dos casos ao vector espacial $(2k)^{36}$ que requirimos teoricamente para marcar a presenza da incidencia do terrorismo xihadista, que no noso caso, é $\{ATE * MOR * FER\}$ para unha *incidencia da violencia directa* (subíndice da Figura 2.) Se falásemos dunha *NON incidencia da violencia*, poderíamos calcular a pertenza dos casos ao *compound set* $\{\sim ATE * \sim MOR * \sim FER\}$. Aínda que no noso caso, interézanos ter un valor da presenza da incidencia para facer o da incidencia un *outcome* completo e operable. Sobre o subíndice da incidencia no ámbito económico: A incidencia neste ámbito é algo complicado de medir. Sen embargo, grazas aos datos do estudo europeo de Ballegooij e Bakowski (2018) poderemos valorar custos económicos estimados sobre o capital físico e humano xa que é posiblemente o factor máis específico e diferencial do que podemos medir o impacto do terrorismo neste ámbito. Na Táboa 7 temos os datos dos indicadores económicos. Os datos de custos per cápita non serán aplicados:

Táboa 7. Custos económicos estimados do terrorismo de todo tipo na UE

Casos	Custo estimado en capital físico e humano total (mill. €)	Custo estimado de impacto no PIB (mill. €)	Custo per cápita do terrorismo nos casos (€)
Alemaña	287.4	19170.4	234.9
Austria	11	863	103
Bélxica	332.2	7829.4	721.2
Bulgaria	28.4	216.2	29.1
Chipre	76.8	862.8	1071.1
Dinamarca	17.5	676.8	122.3
Eslovaquia	0.1	15.2	2.8
Eslovenia	0	0	0
España	1923.7	40798	894.9
Estonia	4.8	33.9	25.4
Finlandia	4.1	481.3	89.9
Francia	1933.6	43009.9	665.6
Grecia	124.1	10398.2	945.2
Hungría	9.6	111.2	11.1
Irlanda	23.6	4339.8	974
Italia	24.2	2212.5	37.4
Letonia	0	0	0
Lituania	0	0	0
Luxemburgo	0	0	0
Malta	0.3	26.2	63.2
Países Baixos	77.3	1700.7	102.5
Polonia	0.1	19.1	0.5
Portugal	0.4	32.7	3.1
Reino Unido	671.8	43712.9	699.1
Rep. Checa	14.2	380.6	36.6
Romanía	0	8.1	0.4

³⁶ A k representa o número de condicións, neste caso, 3 para a incidencia da violencia directa.


Suecia	52.8	2869.1	306.7
TOTAL	5618 millóns	179768 millóns	Media: 264,4

Fonte: Elaboración propia a partires de datos de van Ballegooij e Bakowski (2018)

- O custo económico estimado en capital físico e humano do terrorismo xihadista: Os valores económicos traballados neste indicador foron obtidos do estudo “*The fight against terrorism. Cost of Non-Europe Report*”, elaborado polo *Servizo de Investigación do Parlamento Europeo* en maio do 2018, con Wouter van Ballegooij e Piotr Bakowski como autores. Como estes datos son absolutos de todos os tipos de terrorismo, aplicaráselle a modo de estimación o valor específico correspondente segundo a porcentaxe de incidentes xihadistas do país. Desta forma poderemos ver un valor máis aproximado dos custos de terrorismo xihadista. Polo tanto, os *valores económicos do custo estimado en capital humano* están ponderados respecto o número de vítimas por terrorismo xihadista en cada caso respecto o total de vítimas.

[Aquí Táboa 8. Ver Anexo 6]

Figura 6. Representación Custos humanos e grao de pertenza da Táboa 8



Fonte: Elaboración propia

Neste caso, non se terán en conta a vítimas europeas totais por atentados xihadistas (tanto dentro como fora da UE), senón que só se terán en conta a vítimas por atentados xihadistas dentro da UE. As diferencias serán mínimas respecto o valor total, xa que como comentamos, máis do 91,1% das vítimas por terrorismo nos últimos 20 anos son

causa do terrorismo de inspiración xihadista. Sen embargo, algúns casos como España ou Reino Unido teñen certo volume de falecidos por atentados doutro tipo que é importante reservar para valorar unicamente o terrorismo xihadista e ter unha aproximación máis acertada (ver Anexo 4). Na Táboa 8 temos os valores en custos humanos do terrorismo xihadista cos seus graos de pertenza respectivos. As aproximacións utilizadas pódense ver no Anexo 4 deste traballo. Temos así unha proporción aproximada que representaría ese tipo concreto de terrorismo para cada país. Na calibración en tres ancoras cualitativas temos como *umbro de plena pertenza total* os 1000 millóns de euros, sendo este número o considerado *catastrophic* pola GTD segundo costes e perdas. Por outro lado, aplicamos como *cross over point* os 100 millóns de euros, sendo o valor de perdas intermedio que establece a GTD. Como *umbro de plena non pertenza total* acolleríamos os 8,8 millóns de euros, sendo este o valor medio que se supón que custa unha morte por terrorismo. Este dato é exposto no estudo de Ballegooij e Bakowski (pp. 118, 2018) e esta baseado en diferentes estudos en EEUU, considerándose unha medida completa, aínda que estimada para os casos no Estado americano. Realmente o custo varía segundo o damnificado: se hai morte ou lesión grave, perdas derivadas, custos á sociedade... Sen embargo, podemos aproveitar esta valor calculado para establecer un umbro mínimo neste eido.

- *O impacto en custo económico estimado no crecemento económico do país*: O impacto sobre o custo económico mide as perdas a nivel macroeconómico que o país sufriu debido ao terrorismo. Na Táboa 9 temos os custos aproximados e máis unha estimación do que representan os custos do terrorismo xihadista.

[Táboa 9 – Ver en Anexo 5]

Os datos aquí aportados son entre o ano 2004 e o ano 2016. Ademais, outro problema deste indicador e que non é específico do terrorismo xihadista. Sen embargo, é un indicador recollido de forma moi completa e resulta útil para valorar en termos xerais a súa incidencia global, sobretudo se temos en conta que nestes últimos vinte anos, o terrorismo de inspiración xihadista e o principal causante de vítimas e de danos por atentado. Por isto, utilizaranse os datos totais aportados polo estudo de van Ballegooij e Bakowski. Na calibración en *tres ancoras cualitativas* temos como *umbro de plena pertenza total* ao conxunto a estimación superior a 40000 millóns de euros de perda no período temporal, sendo unha perda de polo menos o 20% do total e seguindo o criterios anteriormente usados cos datos sobre a incidencia do terrorismo xihadista principalmente sobre 5 países europeos. Para escoller o *cross over point*, temos que ter en conta a presenza de casos extremos e as diferencias de PIB moi diversas entre

de polo menos un destes tres indicadores demostra unha incidencia da violencia directa. É dicir, *ATE or MOR or FER* para a presenza da incidencia da violencia directa. Os resultados de afiliación destes *compound sets* é o seguinte da Táboa 10:

Táboa 10. Grao de pertenza dos casos nas combinacións causais nos dous subíndices de incidencia do terrorismo xihadista.

Casos	<i>ATE</i>	<i>MOR</i>	<i>FER</i>	{ <i>ATE</i> * <i>MOR</i> * <i>FER</i> } <i>logical or</i>	<i>CUST HUM</i>	<i>CUST ECO</i>	{ <i>CUSTHUM</i> * <i>CUSTECO</i> } <i>logical or</i>
Alemaña	0,898	0,594	0,537	0,898	0,557	0,797	0,797
Austria	0,254	0,028	0,005	0,254	0,046	0,172	0,172
Bélxica	0,562	0,502	0,677	0,677	0,684	0,618	0,684
Bulgaria	0,038	0,041	0,105	0,105	0,058	0,058	0,058
Chipre	0,007	0,025	0,004	0,025	0,036	0,172	0,172
Dinamarca	0,254	0,389	0,012	0,389	0,062	0,128	0,128
Eslovaquia	0,007	0,028	0,004	0,028	0,036	0,040	0,040
Eslovenia	0,007	0,007	0,004	0,007	0,036	0,039	0,039
España	0,681	0,804	0,996	0,996	0,990	0,955	0,990
Estonia	0,007	0,041	0,004	0,041	0,036	0,042	0,042
Finlandia	0,038	0,030	0,014	0,038	0,037	0,092	0,092
Francia	0,995	0,923	0,943	0,995	0,997	0,962	0,997
Grecia	0,038	0,030	0,004	0,038	0,082	0,664	0,664
Hungría	0,007	0,030	0,004	0,030	0,036	0,048	0,048
Irlanda	0,007	0,058	0,004	0,058	0,036	0,552	0,552
Italia	0,085	0,522	0,007	0,522	0,046	0,510	0,510
Letonia	0,007	0,028	0,004	0,028	0,036	0,039	0,039
Lituania	0,007	0,027	0,004	0,027	0,036	0,039	0,039
Luxemburgo	0,007	0,007	0,004	0,007	0,036	0,039	0,039
Malta	0,007	0,007	0,004	0,007	0,036	0,041	0,041
P. Baixos	0,512	0,132	0,010	0,512	0,046	0,501	0,501
Polonia	0,007	0,443	0,004	0,443	0,036	0,041	0,041
Portugal	0,007	0,044	0,004	0,044	0,036	0,042	0,042
Reino Unido	0,878	0,973	0,959	0,973	0,777	0,964	0,964
Rep. Checa	0,007	0,051	0,004	0,051	0,036	0,078	0,078
Romanía	0,007	0,142	0,004	0,142	0,036	0,040	0,040
Suecia	0,512	0,083	0,028	0,512	0,095	0,522	0,522

Fonte: Elaboración propia

Tendo xa ambos subíndices, para obter o *outcome* final *incidencia do terrorismo de inspiración xihadista* precisamos de polo menos a afiliación dos casos a ambos conxuntos compostos , polo que operaremos co *logical and -incidencia da violencia directa AND incidencia no ámbito económico-* para considerar un caso como cunha *presenza de incidencia do terrorismo de inspiración xihadista*. Neste caso, precisamos de ambos conxuntos para confirmar a incidencia do xihadismo. Ca operación *logical and* pretendemos ver que casos combinan unha incidencia da violencia directa cunha incidencia no ámbito económico. Neste caso, o *lógico y segue* o razoamento do “eslavón máis débil” (Ragin, 2008), polo que se define entre ambos *sets* o menor dos puntaxes de pertenza. Expresado na Táboa 10.1 temos o valor *outcome* final obtido das operacións lóxicas comentadas. Podemos ver, sen excesiva sorpresa, que en xeral

temos unha maioría de países do eido europeo que están relativa ou pouco afectados pola incidencia do xihadismo. Mentres que por outro lado, temos unha serie de países cunha afectación bastante importante.

Táboa 10.1 Combinacións causais nos dous subíndices de incidencia do terrorismo xihadista e *outcome* (*logical and*)

Casos	Subíndice	Subíndice	Outcome
	Incidencia da violencia directa <i>INCDIR</i> {ATE*MOR*FER}	Incidencia no ámbito económico <i>INCECO</i> {CUSTHUM*CUSTECO}	Incidencia do terrorismo de inspiración xihadista <i>logical and</i> { <i>INCDIR</i> * <i>INCECO</i> }
Alemaña	0,898	0,797	0,797
Austria	0,254	0,172	0,172
Bélxica	0,677	0,684	0,677
Bulgaria	0,105	0,058	0,058
Chipre	0,025	0,172	0,025
Dinamarca	0,389	0,128	0,128
Eslovaquia	0,028	0,040	0,028
Eslovenia	0,007	0,039	0,007
España	0,996	0,990	0,990
Estonia	0,041	0,042	0,041
Finlandia	0,038	0,092	0,038
Francia	0,995	0,997	0,995
Grecia	0,038	0,664	0,038
Hungría	0,030	0,048	0,030
Irlanda	0,058	0,552	0,058
Italia	0,522	0,510	0,510
Letonia	0,028	0,039	0,028
Lituania	0,027	0,039	0,027
Luxemburgo	0,007	0,039	0,007
Malta	0,007	0,041	0,007
P. Baixos	0,512	0,501	0,501
Polonia	0,443	0,041	0,041
Portugal	0,044	0,042	0,042
Reino Unido	0,973	0,964	0,964
Rep. Checa	0,051	0,078	0,051
Romanía	0,142	0,040	0,040
Suecia	0,512	0,522	0,512

Fonte: Elaboración propia

Vemos que cando falamos do conxunto da UE, nos últimos 20 anos temos unha serie de países en proporción moito máis afectados que a maioría, sendo Francia, España e Reino Unido os que máis efectos percibiron da violencia terrorista de inspiración xihadista. Por outro lado, temos noutro plano pero con efectos considerables respecto ó resto de países, a Bélxica e a Alemaña. Presentan cifras máis baixas que os principais casos, sobretudo pola tendencia terrorista da última década e porque España e Reino Unido e tiveron grandes atentados a principios do século XXI, mentres que Francia ademais de sufrir fortes ataques nesta década, é o país que posúe una tendencia de incidencia máis continua no tempo. Nun punto aparte, temos países como Suecia, Italia

ou Países Baixos. Presentan características especiais cada un deles e en esencia teñen un efecto do terrorismo xihadista. O caso de Suecia e Países Baixos demostra unha tendencia crecente dos ataques nos últimos anos. Por outro lado, Italia acostuma a ser catalogado como un país no que o xihadismo non ten impacto. Sen embargo, ten falecidos nacionais por xihadismo (principalmente no exterior) e ten unhas perdas económicas asociadas ao terrorismo importantes. Se ben é certo que non tivo atentados importantes dentro das fronteiras, sabemos polos diferentes datos que Italia leva a cabo numerosas operacións antiterroristas todos os anos. Só no ano 2018 arrestáronse a 40 persoas por terrorismo xihadista en Italia, sendo o cuarto país da UE con máis arrestos deste tipo ese ano (TESAT, 2019, pp. 29). Moitos expertos coinciden en que o caso de Italia é particular. Achácase a ausencia deste tipo de terrorismo á forte presenza da mafia en certas zonas, a cal exerce un efecto “ocupación” do espazo. Ademais, as mafias prefiren unha menor presenza da policía para actuar, cousa que provocaría como efecto contrario o xihadismo. Tamén se fala da especial experiencia da policía italiana na persecución da financiación e na capacitación especial das forzas de seguridade para tomar accións preventivas. Comentar que países como Irlanda ou Grecia, os cales teñen valores de custos importantes, son debido ao efecto de terrorismos doutro tipo como os nacionalistas ou de extremismo político. Aínda que non podemos descartar que, polo volume de arrestos como no caso grego, poida haber unha cantidade importante de custos asociados ao xihadismo.

En síntese, cos valores da terceira columna da Táboa 10.1 son cos que operará o noso *outcome* para identificar a presenza ou a ausencia dunha incidencia do terrorismo xihadista na UE e remata aquí a construción do noso índice cualitativo do xihadismo.

7.2 Fase A: As variables: xustificación, operacionalización e calibración.

Estes casos de estudo serán traballados mediante o *fsQCA* a partires de sete variables causais: *Inxerencia* (*inx*), *Relixión* (*rel*), *Liderado en Defensa* (*lid*), *Terrorismo Global* (*terg*), *Presos* (*pre*), *Forza da Extrema Dereita* (*forz*) e *Pobreza inmigrante* (*pobi*). Esta selección de variables xustifícase nas seguintes hipóteses xerais, as cales foron recollidas a partires das diferentes propostas explicativas do terrorismo xihadista no caso da UE, entre elas o *Global Terrorism Index* (Ed. 2016, 2017, 2018 e 2019); o *Libro Branco e Negro do Terrorismo na UE*; os *TESAT* 2019, 2018 e 2017; e as achegas acadadas polos diferentes investigadores e investigadoras aportados na bibliografía.

-H1: Hipótese de que a influencia militar (*inxerencia*) en países de maioría musulmá e con conflitos presentes pode crear un “*efecto rebote*” do terrorismo local ao país

intervinte. Esta hipótese está baseada nas perspectivas realistas e estruturalistas da influencia militar e dos intereses xeoestratéxicos dos países.

H2: Hipótese de que unha importante comunidade islámica (*relixión*) no país podería aumentar o risco de radicalizacións e da presenza de “misións” para liberar aos musulmáns. Baseada nas perspectivas psicosociais, que explican como os grupos e minorías sociais crean realidades baseadas nas súas experiencias comúns (Bormann, 1972), o que podería implicar unha maior probabilidade de xurdimento de persoas radicalizadas entre estes grupos.

-H3: Hipótese de que un liderado político e militar dentro da potencia europea (*liderado en defensa*) poría no punto de mira do terrorismo a aqueles países dominantes e máis fortes, buscando crear un mensaxe político de capacidade e vulnerabilidade no ataque terrorista.

-H4: Hipótese de que unha maior presenza de terrorismos de todo tipo (terrorismo global) alimenta a presenza ou a aparición doutros tipos de terrorismo, neste caso, do terrorismo xihadista. Na liña da idea de equiparar ao terrorismo en analoxía con outros movementos sociais e cun similar cálculo das fiestras de oportunidade para actuar nun determinado país.

-H5: Hipótese de que un volume maior de presos, especialmente de orixe musulmá, é factor que alimenta as posibilidades de recrutamento de radicais para o terrorismo xihadista. Baseada tamén nos estudos e perspectivas psicosociais de estudo do terrorismo que sinalan os cárceres como focos de recrutamento importantes do xihadismo.

-H6: Hipótese de que a presenza da extrema dereita ten algún tipo de influencia na aparición ou non de certos tipos de terrorismo. No caso do terrorismo xihadista, pode ser un factor que limita a aparición ou presenza do xihadismo.

-H7: A pobreza relativa da poboación inmigrante, e especialmente da poboación musulmá, é un factor que alimenta as posibilidades de radicalización de grupos pola falla de oportunidades e de integración de grupos vulnerables.

En conxunto, o noso propósito é dar explicación da incidencia do terrorismo xihadista, referíndonos a que existe un conxunto destes factores combinados que conforman unha alta incidencia (presenza) do terrorismo de inspiración xihadista. Polo que dentro do noso propósito comparativo explicaremos e calibraremos as mencionadas variables para despois realizar a análise que intentará respotar a nosa hipótese central: a presenza dos factores estudados alimentan a incidencia do terrorismo xihadista,

mentres que polo outro lado, a ausencia destes factores reduce moito a incidencia deste tipo de terrorismo. Sen mais, pasamos as explicacións e calibracións das variables:

➤ *A inxerencia (inx):* A chamada *inxerencia* é un termo que fai referencia a algún tipo de intervención nun Estado por un ou varios Estados, organizacións internacionais ou actores internacionais. Normalmente é utilizado nun sentido -positivo- cando se fai algún tipo de referencia a unha intervención humanitaria. Algúns expertos³⁷ consideran que a inxerencia en moitas ocasións vulnera os principios de soberanía dos Estados. As intervencións adoitan a ter en ocasións unha presenza militar e un uso da forza e da coacción, motivo polo que diversos críticos do concepto consideran que o fin dunha intervención acostuma a ter numerosos intereses económicos xeoestratéxicos³⁸. Outros expertos consultados consideran que “*as grandes potencias mundiais teñen moita responsabilidade no desenvolvemento do terrorismo local e internacional.*”³⁹ Os intereses económicos e a presenza de recursos estratéxicos acostuman ser factores de alta influencia na construción de inxerencias en Estados soberanos. En moitas ocasións, a xustificación destas intervencións apoiase en consignas morais; en supostas necesidades estratéxicas ou de colaboración con países aliados que deciden intervir. Exemplo popular que mellor pode definir ao que nos queremos referir cunha “inxerencia” é a polémica intervención militar en Iraq. É ben coñecida a importancia estratéxica do petróleo da rexión e a influencia que tivo como factor durante e despois da guerra. No caso do terrorismo, a influencia destes axentes estratéxicos e económicos noutros territorios é clave para estudar o desenvolvemento dos conflitos en terceiros Estados con clara presenza musulmá; de islamistas radicais e de focos de radicalización. Seguindo estas opinións e tendo en conta o argumentario ideolóxico do xihadismo (con posicións islámico-políticas radicais) podemos supoñer que a presenza de forzas militares dun país ou o grao de inxerencia (xa sexa política, militar ou económica) que se exerce sobre un Estado soberano pode ser influínte no sentimento antioccidentalista e na radicalización. Está demostrado que factores como os conflitos armados, as

³⁷ y ⁴¹ Castro Sánchez considera que “*Cabe pensar, no obstante, que tan reiteradas y tajantes afirmaciones no responden siempre a un estado de conciencia totalmente comprometido con la creencia en un derecho general e incondicionado de injerencia humanitaria, sino que son más bien [...] el producto del estado de tensión inherente a momentos y situaciones concretas en las que la defensa de la injerencia humanitaria puede dar cobertura a la prosecución de otros intereses menos altruistas*”. (2006, pp.148) e que noutras ocasións “[...] se ha invocado la injerencia humanitaria como causa que justifique la actuación armada” (2006, pp. 149). Por outro lado, García Labajo, considera que a inxerencia da unha coartada política aos Estados poderosos ca cal poden actuar de forma libre a favor dos seus intereses estratéxicos (García Labajo, pp. 160-161.)

³⁸Frase sacada da entrevista a expertos realizada no diario RT versión web: “Los seis factores que facilitan el terrorismo” 11 de xaneiro de 2018. actualidad.rt.com/actualidad/259658-seis-factores-facilitan-terrorismo

³⁸ Véxase OIET (2018). Existen diversos estudos que analizan a influencia dos conflitos armados na aparición de terrorismos locais. Durante a chamada “Primavera árabe” grupos terroristas como ISIS ou Al

³⁹Frase sacada da entrevista a expertos realizada no diario RT versión web: “Los seis factores que facilitan el terrorismo” 11 de xaneiro de 2018. actualidad.rt.com/actualidad/259658-seis-factores-facilitan-terrorismo

guerras internas e a desigualdade económica son caldo de cultivo esencial para o desenvolvemento de organizacións terroristas e de radicalizacións extremistas⁴⁰. Tamén temos que ter en conta o factor relixión como elemento de gran importancia. Na actualidade, segundo a BBC, o 75% de todos os ataques terroristas do mundo concéntranse en dez países, dos cales oito son de clara maioría musulmán⁴¹. O factor relixión constitúese polo menos como un dos factores explicativos deste fenómeno. É posible que cun grao de inxerencia nun ou varios países que posúan as características comentadas esteamos alimentando as probabilidades de introducir o conflito no noso propio Estado. Na Táboa 11 temos os diferentes valores expresados:

Táboa 11. Inxerencia militar dos casos en varios indicadores

Casos	Nº militares despregados		Despregues relevantes: nº e lugar	Bases militares en "países relevantes"
Alemaña	3450	6	Afganistán, Líbano, Siria, Iraq, Malí e Sudán.	1
Austria	465	2	Líbano e Afganistán	0
Bélxica	710	4	Libia, Afganistán, Líbano e Malí.	0
Bulgaria	645	1	Libia	0
Chipre	-	-	-	-
Dinamarca	1400	1	Iraq	0
Eslovaquia	100	0	-	0
Eslovenia	67	1	Afganistán	0
España	2800	8	Afganistán, Líbano, Iraq, Malí, Costa de Somalia, Libia, Rep. Centroafricana e Senegal.	0
Estonia	127	2	Iraq e Afganistán	0
Finlandia	514	2	Líbano e Afganistán	0
Francia	10300	9	Iraq, Líbano, Sahel, Rep. Centroafricana, Golfo de Guinea, Chad, Costa de Marfil, Nixer, Burkina Faso,	10* ⁴²
Grecia	101	0	-	0
Hungría	239	1	Afganistán	0
Irlanda	545	1	Líbano	0
Italia	5458	6	Afganistán, Iraq, Libia, Uganda, Líbano e Nixer	2* ⁴³
Letonia, Lituania, Luxemburgo e Malta <i>sen datos</i> .				
P. Baixos	683	2	Afganistán e Sudán do Sur	0
Polonia	2597	2	Afganistán e Iraq	0
Portugal	113	0	-	0
Reino Unido	15000	10	Afganistán, Iraq, Quenia, Malí, Serra Leona, Somalia, Kuwait, Libia, Siria e Nixeria	15* ⁴⁴
Rep. Checa	303	2	Malí e Afganistán	0
Romanía	1111	1	Afganistán	0
Suecia	667	1	Afganistán	0
TOTAL	47395	61		28

Fonte: Elaboración propia a partir de diversas fontes oficiais. Ver [Anexo 2](#) para fontes.

⁴⁰ Véxase OIET (2018). Existen diversos estudos que analizan a influencia dos conflitos armados na aparición de terrorismos locais. Durante a chamada "Primavera árabe" grupos terroristas como ISIS ou Al Qaeda aproveitaron as guerras internas e a inestabilidade para afianzar posicións, recursos e territorios en países como Siria.

⁴¹ Véxase na web: <https://www.bbc.com/mundo/noticias-internacional-40646165>. Os datos traballados pola BBC son da GTD (ou *Global Terrorism Database*.)

⁴² En Iraq, Siria, Nixer, Chad, Líbano, Senegal, Gabón, Costa de Marfil, Emiratos Árabes e Xibutí.

⁴³ Libia e Afganistán.

⁴⁴ Afganistán (varias instalacións), Iraq, Quenia, Qatar, Omán e Emiratos Árabes.

Partindo desta hipótese, na variable “*Inxerencia*” utilizaremos como elemento de medida o número de militares despregados en misións en países de conflito con presenza do terrorismo; máis intervencións relevantes coñecidas en conflitos ou países externos nos últimos 20 anos. Entendendo como “relevante” calquera tipo de participación que implique un despregue directo e considerable de forzas militares dese Estado sobre outro territorio soberano considerado de risco. Os pequenos despregues ou aqueles dos que non se teñan datos non serán incluídos. Isto pode supoñer un problema se buscásemos traballar con datos estritamente cuantitativos. Mais os datos aportados na seguinte táboa deberían ser polo menos suficientes para establecer de forma cualitativa un grao maior ou menor de inxerencia dos casos noutros Estados soberanos. Sinalar tamén que, en función do tema que nos acolle, só se tiveron en conta como relevantes (ou de risco) aqueles despregues que se deron en países cunha forte presenza de fenómenos terroristas xihadistas, de conflitos armados e cunha poboación maioritariamente musulmá⁴⁵ polo que implica este tipo de terrorismo.

Os datos da Táboa 11 constitúen unha parte do chamado “*Power Projection*”⁴⁶ dos Estados, un concepto que fai referencia ao poder de despregue militar e de intervención dos Estados noutros territorios. Para a aplicación desta información no QCA convertéronse a valores que establecen un “grao de pertenza” ao conxunto a partires do *método indirecto* para a calibración en *six-value fuzzy sets*. Establecéronse así se os niveis de inxerencias son “moi altos”, “altos”, “importantes”, “relativos” ou “baixos”. Considéranse “moi altos” cun valor -1-. “Altos” cun valor de -0.9-. “Importantes” cun valor de -0.6-. “Relativos” cun valor de -0.4- e “Baixos” cun valor de -0.1-. Dos que non temos datos presupoñemos un valor 0. É importante sinalar que o número de militares despregados atende a un número total en diferentes misións. Outro aspecto importante é que as bases incluídas son unicamente as bases presentes en países “relevantes” ou de risco, non o total de bases militares que teñen os Estados.


A inclusión nas etiquetas e nos valores responde a criterios teóricos e valorados en función dos datos que utilizamos para valorar un nivel cualitativo da inxerencia. Deste modo, na Táboa 11.1 resúmense os valores dos casos para esta primeira condición causal de estudo da incidencia do terrorismo xihadista.

[Aquí Táboa 11.1 Ver Anexo 6]

⁴⁵ Segundo a literatura traballada estes factores teñen unha alta correlación ca presenza do xihadismo en Estados nos que transcorre unha guerra ou unha forte crise de gobernanza. Véxase Ainz Allende (2010), Dahl y Viola (2010), Jordán (2015), Romero Ramirez y Troyano Rodríguez (2013).

⁴⁶ A “Power Projection” ou proxección de poder é un termo empregado nas relacións internacionais e na ciencia política anglosaxoa que fai referencia as capacidades dun país para despregar e manter forzas noutros Estados ou territorios. É un concepto fortemente ligado ao gasto en defensa e ao poderío militar, aínda que ten en conta outras variables como o número de bases, participacións militares, tempo no que as tropas permanecen despregadas e o número de organizacións internacionais as que pertence un Estado.

Figura 8. Representación variable “Inxerencia” e grao de pertenza da Táboa 11.1



Para todos os casos que non teñen bases militares, os despregues militares en países considerados “de risco” son tidos en conta con maior importancia que o volume de militares despregados. Isto débese a que algúns países, como o caso de Dinamarca, que teñen un volume de militares despregados mais alto que, por exemplo, Países Baixos. Sen embargo, os despregues son indicativos da presenza dun Estado no que consideramos unha maior ou menor inxerencia, e polo tanto, unha maior pertenza ao conxunto de países con inxerencia militar en zonas de risco. Ademais, cando as diferencias no volume de militares despregados son pequenas (neste caso, de uns centos) e moi complicado asinar de forma cualitativa unha moita maior inxerencia solo por ese dato. Para ser o máis rigorosos posibles nesta asignación de valores comprobáronse todos os casos na web de www.providingforpeacekeeping.org na que están dispoñibles unha serie de PDFs actualizados nos que se poden desglosar os despregues e aportacións de persoal militar e de apoio por países e por misións de cada Estado. En moitas ocasións, aparecen aportacións dun persoal de 10 ou 15 persoas nun país de risco. Cando se daba esta característica non se consideraba como un despregue minimamente relevante. En síntese digamos que os despregues considerados e computados de cada Estado son despregues de polo menos uns centos de militares e de persoal diverso. Por este motivo, o caso de Dinamarca (que contaba

con despregues de persoal relevante de algo máis de cen efectivos e só en Iraq) foi incluído no valor “relativos”. O resto do persoal militar despregado atópase noutras zonas que non son relevantes para o tipo de inxerencia que estamos estudando (que é a inxerencia en países de risco). Volver a sinalar, por ultimo, que os considerados países de risco son todos aqueles Estados nos que exista unha presenza importante de poboación musulmá e dalgún tipo de conflito e de fenómenos terroristas xihadistas.

➤ *A relixión (re)*: A relixión é un factor esencial para o terrorismo xihadista. A interpretación extrema do Corán, o libro sagrado do Islam, forma varias das ramas máis violentas e radicais do islamismo. Estas diferentes ramas son complexas e teñen numerosas diferencias. Moyano Pacheco (2010) expón na súa tese un resumo do informe da AIVD⁴⁷ do ano 2004, no que distinguen tres tipos de radicalismo: o “*radicalismo islamista político*”, o “*radicalismo islamista puritano*” e o “*radicalismo islamista nacionalista*”. O de corte “político” se caracteriza por unha “*resistencia contra as políticas de opresión económica de Occidentes, cuxo poder debería ser derrocado e reemplazado polo poder político del Islam*” (pp. 35). O radicalismo puritano se caracteriza por “*deslexitimar o estilo de vida occidental, que é considerado unha ameaza ao Islam -puro-*” e por “*desprezar*” as “*perspectivas igualitarias entre homes e mulleres [...], a liberdade de expresión e o respecto á diversidade ideolóxica, o espírito crítico, a liberdade de expresión é a natureza secular da sociedade*”. Por último, o radicalismo nacionalista “*reacciona ao dominio político e cultural de Occidente, pero esta menos motivado polos aspectos relixiosos*” (pp. 36). O radicalismo pode non implicar violencia, aínda que esta moi ligada á mesma. Al-Qaeda avoga polo comentado panislamismo⁴⁸ salafista baseado no Islamismo radical e ultraconservador. O Estado Islámico (ISIS) tamén basea a súa actividade ideolóxica nun panislamismo wahabista (unha visión extremista e radical do Islam e das súas interpretacións). Aínda que como é comprensible, a relixión en si mesma non é unha ferramenta nin de violencia nin de paz, existe unha clara relación entre as organizacións xihadistas, a radicalización e a relixión Islámica. Sen embargo, é importante entender que son outros os factores esenciais causantes da violencia e da radicalización, xa que a crenza e a práctica en si dunha relixión non están relacionados cas minorías radicais existentes no mundo musulmán. O que si ten relación é o uso e a xustificación da violencia baseada no Islam, factor polo que teremos en conta a relixión para estudar o caso do terrorismo xihadista. Para esta

⁴⁷ Obtido de Moyano Pacheco (2010, pp.373) AIVD (2004). *From Dawā to Jihad. The various threats form radical Islam to the democratic legal order*. General Intelligence and Security Service.

⁴⁸ O panislamismo representa a idea de globalizar o Islam baixo unha única unión.

variable, a relixión a mediremos en función da porcentaxe de poboación musulmá ou practicante do Islam por cada un dos casos.

Táboa 12. Poboación total e poboación musulmá practicante por caso

Casos	Poboación ⁴⁹	Poboación musulmá	% respecto á poboación total do país
Alemaña	83.149.300	≈ 4.950.000	6,1
Austria	8.823.054	720.000	8,2
Bélxica	11.358.357	879.377	7,7
Bulgaria	7.000.039	861.015	13,4
Chipre	875.889	≈ 275.000	31,4
Dinamarca	5.806.081	313.713	5,4
Eslovaquia	5.450.421	10.866	0,2
Eslovenia	2.080.908	73.568	3,6
España	47.100.396	≈ 1.180.000	2,5
Estonia	1.324.820	1.508	0,1
Finlandia	5.517.919	102.000	1,8
Francia	67.012.883	≈ 5.720.000	8,8
Grecia	10.724.599	611.302	5,7
Hungría	9.772.756	≈ 50.000	0,5
Irlanda	4.904.240	70.952	1,4
Italia	60.359.546	2.987.840	4,9
Letonia	1.919.968	≈ 2.000	0,1
Lituania	2.794.184	≈ 3.000	0,1
Luxemburgo	613.894	18.172	3,0
Malta	493.559	11.675	2,6
Países Baixos	17.282.163	≈ 1.210.000	7,1
Polonia	37.972.812	6.796	<0,02
Portugal	10.276.617	≈53.000	0,5
Reino Unido	66.647.112	≈ 4.130.000	6,3
Rep. Checa	10.649.800	≈ 15.000	0,1
Romanía	19.524.000	≈ 136.000	0,7
Suecia	10.230.185	≈ 810.000	7,9
TOTAL	≈509.665.502	≈ 25.202.784	

Fonte: Elaboración propia con datos da Pew Research Center “O Futuro da poboación musulmá mundial. Proxeccións para 2010-2030 e Wikipedia para estimacións.


Como se pode ver, o total da poboación musulmá que viven nestes países supera os 25 millóns de habitantes e representa o 4,94% da poboación total dos países seleccionados. Se comparamos este volume con países como por exemplo, do norte de África, parece unha cantidade insignificante. Aínda así, algúns estudos de proxección como o do xa mencionado na fonte do *Pew Research Center* prevé un crecemento importante da poboación islámica en Europa no ano 2030. É moi importante volver a sinalar que non se pretende relacionar a relixión islámica co terrorismo, xa que como comentamos, os grupos terroristas trátanse de minorías moi pequenas se o comparamos co gran número de persoas que profesan esta relixión. O que temos que ter en conta é que, respecto o marco teórico que traballamos, os atentados terroristas catalogados como yihadistas acostuman a ser perpetrados ou por grupos identificados

⁴⁹ Datos de poboación obtidos de <https://datosmacro.expansion.com/demografia/poblacion>

cun fundamentalismo/ radicalismo islámico (como Al-Qaeda ou o Estado Islámico) ou por individuos (os chamados “lobos solitarios”) que reivindican as súas accións como parte dun grupo con estas características ou como parte dunha loita ou defensa polo Islam. Esta mesma variable podería ser utilizada para estudar, por exemplo, o terrorismo de extrema dereita islamófobo.

[Aquí Táboa 12.1 Ver Anexo 6]

Figura 9. Representación variable “Relixión” e grao de pertenza da Táboa 12.1



Fonte: Elaboración propia


A información que pretende aportar esta variable busca atopar se existe unha relación entre dito volume de poboación practicante e este tipo concreto de terrorismo. Sen embargo, é importante deixar claro que o concepto de “terrorismo” por si só leva moito tempo desafortunadamente vinculado cas comunidades musulmás. Votando aos datos, utilizaremos a porcentaxe que representan os musulmáns por cada país para categorizar os casos na Táboa 12.1. Para a aplicación desta información no QCA convertéronse a valores que establecen un “grao de pertenza” ao conxunto a partires do *método directo* de calibración en 3 ancoras cualitativas. Como *umbro de total pertenza* ao conxunto, aqueles casos nos que os musulmáns representen polo menos o 10% da poboación do país, sendo no eido europeo unha comunidade imporante no país. Por outro lado, Asinamos como *cross over point* o promedio dos valores absolutos, sendo do 4,8% de poboación musulmá e sendo ademais un valor preto ao 5%, a metade do que consideramos unha comunidade imporante. Por outro lado, como umbro de total

valoraremos os indicadores ao igual que o criterio seguido polos investigadores entre 0 e 7, establecendo similar criterio de calibración por método directo. Sendo así, o valor 6 como umbro de plena pertenza total, o valor 4 como *cross over point* e o valor 2 como umbro de plena non pertenza total. Os valores *fuzzy* aportados polos investigadores serán os que aplicaremos para a nosa variable neste caso:

[Aquí Táboa 13. Ver Anexo 6]

➤ O *Terrorismo Global* (terg): Neste caso, utilizaremos os valores de terrorismo expostos na Táboa 4. A premisa principal é que en moitos casos a presenza do terrorismo e dun alto nivel de conflitividade pode fomentar a presenza doutros tipos de terrorismo. Probaremos esta variable causal e se a presenza de volumes de terrorismo de todo tipo altos tamén provoca a presenza da incidencia do xihadismo.

Figura 11. Representación variable “Terrorismo Global” e grao de pertenza da Táboa 14



Fonte: Elaboración propia

Na aplicación do *método directo* de calibración en *tres* ancoras cualitativas temos como *umbro de total pertenza* ao conxunto un mínimo 500 atentados nos últimos 19 anos, sendo polo menos 25 atentados por ano, o cal poderíamos considerar como unha presenza bastante periódica dos mesmos (de polo menos dou mensuais cada ano). Como *cross over point*, un mínimo de 100 atentados ou 5 por ano. O que se atope por debaixo deste número non o podemos considerar residual pero si que podemos falar dunha incidencia xeral máis ben conxuntural nas últimas dúas décadas. Como umbro de total non pertenza, seleccionamos menos dun atentado por ano, é dicir, menos de


20 no total, considerándoo esporádico e puntual. Podemos ver que temos un valor extremo como o caso de Reino Unido e que existen fortes diferencias entre Estados.

[Aquí Táboa 14. Ver Anexo 6]

➤ *Presos (pre)*: Con esta variable buscábamnos medir o volume de presos musulmáns nas cárceres europeas. Nun primeiro momento, o ideal sería obter unha medición da poboación musulmá nos cárceres europeos, sen embargo, non temos estudos que aporten datos sólidos sobre o conxunto de 27 países. Como unicamente temos datos soltos dalgúns casos, incluiremos os datos totais de presos a partires do Informe SPACE da Universidade de Lausanne.

[Aquí Táboa 15. Ver Anexo 6]

Figura 12. Representación variable “presos” e grao de pertenza da Táboa 15



Fonte: Elaboración propia


Un maior volume de poboación reclusa pode alimentar as probabilidades de radicalizacións de presos dentro dos cárceres. Tamén é posible que a maior poboación reclusa, maiores probabilidades de ter individuos susceptibles a radicalización. Con esta variable valoramos as premisas aportadas por diferentes traballos, as cales falan da radicalización e da promoción do xihadismo que se da dentro dos cárceres na UE. Tendo en conta estes datos, veremos se esta condición é suficiente para explicar a incidencia do xihadismo. Na calibración por método directo, establececese *como umbro de plena pertenza total* os 75.000 prisioneiros, sendo máis do 10% dos presos da UE. A premisa xeral para seleccionar este umbro parte do posible volume de radicais

segundo o número de presos. Como punto de cruce, os 7.500 prisioneiros, sendo un volume recluso inferior ao promedio xeral e cercano ao 1% da poboación reclusa. Por último como umbro de plena non pertenza total, os 1000 prisioneiros, considerando este punto como un valor demasiado pequeno e reduciría moito as probabilidades de radicalización dalgún preso. Sinalar por último que se ben é certo que os prisioneiros musulmáns son os máis susceptibles ás radicalizacións, sen embargo non son os únicos que poden radicalizarse. Só no caso de España, o 73,8% dos detidos por xihadismo radicalizáronse dentro do país, segundo García Calvo e Reinares (2016). Sinalar que como é visible, non se puideron obter datos de Malta de ningún tipo, polo que será categorizado co valor 0,007 de total non pertenza ao conxunto.

➤ *Forza da Extrema Dereita (forz)*: Nesta variable, o obxectivo é valorar se a presenza da extrema dereita dun país é factor alentador da incidencia do xihadismo ou pola contra, desalentador do mesmo. Valoraremos se como condición é suficiente ou necesaria nos plantexos das hipóteses. Para medir esta variable utilizaremos a presenza parlamentar da extrema dereita en función da porcentaxe de voto que representan. Tentaremos así valorar ata que punto unha sociedade dun país concorda con ideas da extrema dereita e ata que punto poder ser isto un factor que como condición motive (ou pola contra, inhiba) dalgunha forma aos xihadistas.

[Aquí Táboa 16. Ver Anexo 6]

Figura 13. Representación variable “presenza ext.der..” e grao de pertenza da Táboa 16




Fonte: Elaboración propia

➤ *Pobreza inmigrante (pobi)*: Debido a que é complicado ter datos de pobreza da poboación musulmá en todo Europa, utilizaremos como indicador para medir esta variable os datos aportados pola OCDE sobre a pobreza relativa para a poboación inmigrante en xeral. Seguindo a idea de que a falta de oportunidades e a pobreza pode motivar a radicalización (e polo tanto, unha posible incidencia do terrorismo) e a falta de integración, temos o seguinte:

[Aquí Táboa 17. Ver Anexo 6]

Figura 14. Representación variable “presenza ext.der.” e grao de pertenza da Táboa 17



Fonte: Elaboración propia

En calibración directa, como *umbro de plena pertenza total* seleccionamos unha pobreza relativa do 40%, sendo a marcada pola OCDE como limite preocupante. Por outro lado, como *cross over point* seleccionamos o 20% de pobreza relativa, sendo a metade do total máximo. Por último, como *umbro de plena non pertenza total* seleccionamos o 10% da pobreza relativa, sendo unha cuarta parte do valor do umbro de total pertenza.

Finalizando este punto, na Táboa 18 resúmense a totalidade de valores de pertenza das variables xunto ca construída condición *outcome incidencia do terrorismo xihadista*. Desta forma, pasamos posteriormente ao apartado final de análise e concluímos esta mostraxe e recompilación de datos.

Táboa 18. Matriz de datos das condicións e do *outcome*

cases	<i>inx</i>	<i>rel</i>	<i>lid</i>	<i>terg</i>	<i>pre</i>	<i>forz</i>	<i>pobi</i>	OUTCOME
ALE	0,900	0,679	0,990	0,725	0,923	0,711	0,565	0,797
AUS	0,400	0,876	0,000	0,045	0,520	0,865	0,835	0,172
BEL	0,600	0,842	0,010	0,067	0,537	0,643	0,881	0,677
BUL	0,400	0,993	0,000	0,044	0,495	0,397	0,206	0,058
CHP	0,000	0,999	0,000	0,057	0,042	0,052	0,813	0,025
DIN	0,400	0,587	0,000	0,037	0,167	0,587	0,579	0,128
ESK	0,100	0,026	0,000	0,026	0,530	0,943	0,118	0,028
ESL	0,100	0,279	0,000	0,024	0,056	0,070	0,729	0,007
ESP	0,600	0,139	0,990	0,924	0,908	0,835	0,967	0,990
EST	0,100	0,024	0,000	0,027	0,087	0,912	0,862	0,041
FIN	0,400	0,085	0,010	0,043	0,101	0,905	0,657	0,038
FRA	1,000	0,918	0,990	0,948	0,941	0,723	0,603	0,995
GRE	0,100	0,627	0,050	0,974	0,535	0,174	0,963	0,038
HUN	0,100	0,032	0,000	0,030	0,599	0,999	0,216	0,030
IRL	0,400	0,064	0,000	0,632	0,167	0,013	0,530	0,058
ITA	0,900	0,515	0,990	0,594	0,912	0,973	0,934	0,510
LET	0,000	0,024	0,000	0,028	0,137	0,574	0,842	0,028
LIT	0,000	0,024	0,000	0,024	0,385	0,116	0,741	0,027
LUX	0,000	0,195	0,010	0,023	0,041	0,010	0,652	0,007
MAL	0,000	0,149	0,000	0,028	0,007	0,010	0,560	0,007
NEL	0,400	0,791	0,500	0,077	0,525	0,813	0,826	0,501
POL	0,600	0,022	0,500	0,028	0,947	0,999	0,206	0,041
POR	0,100	0,032	0,010	0,031	0,560	0,020	0,470	0,042
UK	1,000	0,705	0,990	0,999	0,965	0,022	0,567	0,964
CHE	0,100	0,024	0,010	0,050	0,652	0,574	0,253	0,051
ROM	0,400	0,038	0,000	0,024	0,643	0,016	0,632	0,040
SUE	0,400	0,857	0,950	0,406	0,345	0,912	0,846	0,512

Fonte: Elaboración propia en programa fsQCA

Os datos desta matriz son utilizados e procesados integramente no programa fsQCA para realizar as diferentes análises máis para a obtención da Táboa da verdade. Por si mesma, a Táboa 18 sintetiza en cada caso a presenza e a ausencia (en valores *fuzzy*) das variables para cada caso, resumindo así o obtido nas táboas de calibración ata o momento. Atender aos valores *fuzzy* particularmente en cada caso tamén é interesante para ver e comparar as variacións entre os casos.

7.3 Fase B: Análise de necesidade.

Analizar condicións necesarias busca estudar se de entre as presentadas condicións temos algunha ou algunhas delas que se presente sistematicamente en todos aqueles casos cun mesmo resultado *outcome*. Como explicamos previamente, unha condición necesaria debe estar presente para que se de unha incidencia do terrorismo xihadista, aínda que isto non garante a ocorrencia do mesmo. Cabe sinalar que todo este análise precisa da posterior complementaxe dun análise de condicións suficientes. Na Táboa

19 móstranse os resultados do análise de condicións necesarias realizado tanto na presenza como na ausencia do *outcome* a partires do programa fsQCA.

Táboa 19. Análise de condicións necesarias con fsQCA en presenza e ausencia do *outcome* “*incidencia do terrorismo xihadista*”

Conditions tested	Outcome		~Outcome	
	Consistency	Coverage	Consistency	Coverage
<i>inx</i>	0.886377	0.635579	0.275758	0.586000
<i>~inx</i>	0.422636	0.164514	0.828512	0.955771
<i>rel</i>	0.796095	0.514223	0.348276	0.666698
<i>~rel</i>	0.483999	0.200377	0.746235	0.915583
<i>lid</i>	0.791104	0.769857	0.115465	0.333000
<i>~lid</i>	0.314592	0.107150	0.920200	0.928850
<i>terg</i>	0.762625	0.751265	0.171240	0.499928
<i>~terg</i>	0.492366	0.166990	0.914801	0.919492
<i>pre</i>	0.934968	0.500432	0.425104	0.674314
<i>~pre</i>	0.391515	0.186856	0.685060	0.968962
<i>forz</i>	0.768056	0.377271	0.503765	0.733343
<i>~forz</i>	0.457134	0.237131	0.572221	0.879683
<i>pobi</i>	0.846741	0.338240	0.639489	0.757052
<i>~pobi</i>	0.391809	0.268322	0.441005	0.895044

Fonte: Elaboración propia en programa fsQCA

Partindo dos niveis de consistencia superiores ou iguais a 0.9 (Ragin, 2008) requiridos para a necesidade, vemos que o modelo en presenza do OUTCOME presenta 1 das 7 variables como necesaria para acadar una incidencia positiva do terrorismo xihadista, sendo esta a presenza da variable *Presos* (*pre*: 0.934968). Nun significado máis concreto, parece que os casos cun volume de presos elevado presenta á sua vez unha incidencia do terrorismo xihadista. Este feito cumpre con varias das teorías e estudos que afirman do gran problema da radicalización xihadista dentro dos cárceres, o que no noso caso parece ten algún tipo de influencia nos volumes de incidencia do terrorismo xihadista. Unha importante cantidade de xihadistas identificados e coñecidos teñen algún tipo de relación directa co crime e con estancias no cárcere, polo que é posible que un volume de presos importante podería ter influencia nas probabilidades de crear radicais nestes eidos e en consecuencia, na incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. Para o análise individual das condicións, temos o seguinte:

[*pre*]←outcome (incidencia do terrorismo de inspiración xihadista)

Con interpretacións algo máis flexibles pero dentro de umbros altos de consistencia vémonos obrigados a falar tamén da importancia da *Inxerencia* (*inx*: 0.886377), a cal poderíamos valorar como unha condición necesaria na presenza de incidencias do terrorismo xihadista partindo deses criterios máis laxos. Ademais podemos ver que ten unha cobertura maior dos casos que a variable *Presos* (*pre*). Tamén temos que ter en conta que a variable *presos* cubre un gran número de casos sen ter en conta un factor

particular directo co xihadismo como podería ser poboación reclusa de orixe musulmá. Tanto por niveis de cobertura como polos de consistencia, e posible que a Inxerencia sexa máis condición necesaria da presenza da incidencia do terrorismo xihadista. Particularmente, son os casos de Holanda e Suecia os que teñen unha presenza do *outcome* e sen embargo non presentan niveis de inxerencia similarmente presentes (superiores a 0.5). Neste caso podemos presupoñer que ou precisamos da combinación con outros factores para a presenza do xihadismo ou que os valores de inxerencia precisan da inclusión doutros factores que marcarían con mais precisión os niveis de inxerencia. Posiblemente, ter en conta tamén o Liderado en Defensa xunto con este factor sexa o factor a como necesario. No caso destes países, atópanse no límite entre a pertenza ou a ausencia ao conxunto Inxerencia (inx). Sobre a *Pobreza relativa Inmigrante* (pobi: 0.846741) parece que un bo número de casos con incidencia do xihadismo presentan uns índices altos desta condición, aínda que a Táboa 18 demostra que é unha condición moi presente na maioría dos países da UE, polo que non poderíamos considerala necesaria, ademais de por non superar a marca de 0.9. Ademais de presentar como necesaria a variable presos probamos ca combinación de condicións a través lo Lóxico O na presenza do *outcome* para comprobar a combinación de condicións, seleccionando aquela que tivera maior nivel de consistencia e cobertura. Como resultado temos as seguintes disxuncións (+) explicativas:

Analysis of Necessary Conditions

Outcome variable: OUTCOME

$inx+lid \leftarrow outcome$ (incidencia)

Conditions tested:

	Consistency	Coverage
inx+lid	0.975778	0.619478

Analysis of Necessary Conditions

Outcome variable: OUTCOME

$inx+terg \leftarrow outcome$ (incidencia)

Conditions tested:

	Consistency	Coverage
inx+terg	0.948180	0.582102

Podemos dicir que en máis do 60% dos casos que combinan ambos factores constitúense como condicións necesarias. Se aplicamos o lóxico O, a totalidade de países con algún tipo de protagonismo ou intervención militar, sexa ou por inxerencia ou por liderado, presentan unha incidencia do terrorismo xihadista. Ambos factores cumpren con varias premisas estruturalistas e psicosociais que se opoñen á estratexia ofensiva contra o xihadismo (militarismo como estratexia antiterrorista principal).

En segundo lugar e volvendo a partir dos niveis de consistencia superiores ou iguais a 0.9 requiridos para a necesidade, vemos que o modelo en ausencia do ~OUTCOME presenta 2 das 7 variables como necesarias para acadar una incidencia negativa do terrorismo xihadista, sendo esta a ausencia da variable liderado, é dicir, ~liderado (~lid); e a ausencia dun ~terrorismo global (~terg). Concretamente, a maioría de casos comparte a condición dunha ausencia dun liderado en defensa na UE. Esta condición ven explicada polo oposto do comentado na hipótese sobre o liderado. Se as pretensións defensivas e de maximización das posicións políticas e militares fortes fronte ao terrorismo poderían ser estratexias alentadoras do terrorismo, unha ausencia de dito liderado e unha “fuxida” do foco de atención xeopolítico podería explicar que moitos casos concorden nesta condición tendo unha moita menor incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. Non é algo completamente sorprendente presupoñer que aqueles países que menos se involucren militarmente e teñan menor liderado en defensa sexan menos susceptibles de ser un obxectivo ambicioso e con moito simbolismo (atacar os países fortes e demostrar a súa debilidade).

Por outro lado, parece ser que a ausencia doutros tipos de terrorismo (~terg) está presente na maioría de casos cunha ausencia de incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. As condicións [~lid] e [~terg] son, en máis do 90% dos casos, condicións individualmente suficientes para a ausencia do terrorismo de inspiración xihadista. Estas conclusións non responden á totalidade de casos pero demostran unha capacidade explicativa que agrupa a un conxunto de casos baixo os mesmos factores. Existen excepcións como o caso Grego, un país cun volume moi alto de terrorismo global (de todo tipo) e á vez cunha incidencia do xihadismo practicamente ausente. Voltando a plantexar unha menor exixencia de cobertura, podemos valorar tamén a ausencia de inxerencia ou ~inx como unha condición canto menos importante na ausencia da incidencia. Apoiámonos na tese de que a intervención militar en países de risco aumenta moito as probabilidades de que o conflito se traslade ao noso país. Por isto non é raro pensar que aqueles países que máis evitan participar militarmente en conflitos exteriores e en intervencións militares en zonas con risco terrorista eviten a súa vez un posible efecto rebote do terrorismo, xa sexa por vinganza dos terroristas ou polas participacións aliadas con outros países máis intervidores.

Probando outras disxuncións explicativas de necesidade, temos os seguintes modelos cos maiores niveis de consistencia e cobertura para a busca de condicións de necesidade para a ausencia da variable incidencia do terrorismo xihadista:

Analysis of Necessary Conditions

Outcome variable: ~OUTCOME

Conditions tested:	Consistency	Coverage
~lid+~terg	0.993808	0.903413

~lid+~terg ← ~outcome

Analysis of Necessary Conditions

Outcome variable: ~OUTCOME

Conditions tested:	Consistency	Coverage
~inx+~lid+~terg	0.993957	0.889924

~inx+~lid+~terg ← ~outcome

É importante sinalar as altas cotas de cobertura de ambas variables ademais do seu valor de consistencia, xa que son indicativos dunha alto alcance de casos. Despois de valorar as condicións necesarias podemos observar que nas nosas dúas hipóteses expostas na páxina 52 sobre a presenza e a ausencia do *outcome* parecen ter unha maior variabilidade entre as combinacións das variables. Por este motivo seleccionaremos e comprobaremos novos modelos, levando a cabo un proceso de minimización ca obtención da Táboa da Verdade. A partires da conversión dos datos *fuzzy* da Táboa 18 a datos dicotómicos, obtemos co programa a seguinte representación de datos na Táboa da Verdade para o noso principal interese, a presenza do *outcome* incidencia do terrorismo xihadista.

Figura 15. Táboa da verdade para OUTCOME “Incidencia do terrorismo xihadista”

inx	rel	lid	terg	pre	forz	pobi	number	OUTCOME	cases	raw consist.	PR1 consist.	SYM consist
0	0	0	0	0	0	1	4 (14%)		cases	0.193073		0
0	0	0	0	1	1	0	3 (25%)		cases	0.30113		0
0	0	0	0	0	1	1	3 (37%)		cases	0.27526		0
1	1	1	1	1	1	1	3 (48%)		cases	0.992851	0.984902	0.989295
0	1	0	0	0	0	0	1 (51%)		cases	0.406623		0
0	0	0	0	1	0	0	1 (55%)		cases	0.353242		0
1	0	1	0	1	1	0	1 (59%)		cases	0.649123	0.23588	0.23588
0	1	0	0	0	0	1	1 (63%)		cases	0.410619	0.017801	0.017801
0	0	0	1	0	0	1	1 (66%)		cases	0.440207		0
0	0	0	0	1	0	1	1 (70%)		cases	0.349855		0
0	1	0	1	1	0	1	1 (74%)		cases	0.559589		0
1	1	1	1	1	1	0	1 (77%)		cases	0.992283	0.988349	0.988349
0	1	0	0	0	1	1	1 (81%)		cases	0.610082	0.0682021	0.0682021
0	1	1	0	0	1	1	1 (85%)		cases	0.939631	0.514286	0.967742
0	1	0	0	1	1	1	1 (88%)		cases	0.718898	0.10548	0.10548
1	1	0	0	1	1	1	1 (92%)		cases	0.760839	0.29918	0.29918
0	1	1	0	1	1	1	1 (96%)		cases	0.997541	0.957746	0.957746
1	0	1	1	1	1	1	1 (100%)		cases	0.993506	0.984944	0.984944
0	0	0	0	0	0	0	0 (100%)		cases			

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Como a táboa aporta todas a combinacións teóricas posibles de factores ademais das existentes, procedemos a aplicar umbros de suficiencia, sendo de 0.75 para a consistencia e eliminando combinacións que presenten <1 caso (number). A taboa da verdade é paso previo ao análise de suficiencia, co cal queremos identificar cando unha condición está presente entre os casos á vez que un resultado positivo do outcome (neste caso) Con isto, temos a seguinte matriz de datos dicotómicos:

Figura 15.1 Táboa da verdade codificada para OUTCOME

inx	rel	lid	terg	pre	forz	pobi	number	OUTCOME	cases	raw consist.	PRI consist.	SYM consist.
0	1	1	0	1	1	1	1	1	cases	0.997541	0.957746	0.957746
1	0	1	1	1	1	1	1	1	cases	0.993506	0.984944	0.984944
1	1	1	1	1	1	1	3	1	cases	0.992851	0.984902	0.989295
1	1	1	1	1	0	1	1	1	cases	0.992283	0.988349	0.988349
0	1	1	0	0	1	1	1	1	cases	0.939631	0.514286	0.967742
1	1	0	0	1	1	1	1	1	cases	0.760839	0.29918	0.29918
0	1	0	0	1	1	1	1	0	cases	0.718898	0.10548	0.10548
1	0	1	0	1	1	0	1	0	cases	0.649123	0.23588	0.23588
0	1	0	0	0	1	1	1	0	cases	0.610082	0.0682021	0.0682021
0	1	0	1	1	0	1	1	0	cases	0.559589	0	0
0	0	0	1	0	0	1	1	0	cases	0.440207	0	0
0	1	0	0	0	0	1	1	0	cases	0.410619	0.017801	0.017801
0	1	0	0	0	0	0	1	0	cases	0.406623	0	0
0	0	0	0	1	0	0	1	0	cases	0.353242	0	0
0	0	0	0	1	0	1	1	0	cases	0.349855	0	0
0	0	0	0	1	1	0	3	0	cases	0.30113	0	0
0	0	0	0	0	1	1	3	0	cases	0.27526	0	0
0	0	0	0	0	0	1	4	0	cases	0.193073	0	0

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Como podemos observar, só están amosados os casos que logren superar os umbros anteriores. Temos así un total de 8 casos ca presenza do outcome cuns niveis de consistencia bastante elevados, polo que contamos con 6 configuracións causais que cumpren folgadoamente cos criterios de suficiencia ao ter unha consistencia superior a 0.75. De forma máis explicativa, podemos dicir que no eido europeo temos 6 configuracións de factores asociados aos Estados que son suficientes para conducirnos a unha presenza da incidencia do terrorismo de inspiración xihadista, as cales son:

Inx+rel+lid+terg+pre+forz+pobi	<i>Alemaña, Francia e Italia</i>
Inx+~rel+lid+terg+pre+forz+pobi	<i>España</i>
~inx+rel+lid~terg+pre+forz+pobi	<i>Holanda</i>
Inx+rel+lid+terg+pre+~forz+pobi	<i>Reino Unido</i>
~inx+rel+lid+~terg+~pre+forz+pobi	<i>Suecia</i>
Inx+rel+~lid+~terg+pre+forz+pobi	<i>Bélxica</i>

O seguinte paso de importancia é o de minimizar a táboa da verdade (as configuracións causais) a partires do algoritmo de Quine-McCluskey, pasando así ao análise de suficiencia das condicións causais. O propio proceso do programa co algoritmo xera condicións suficientes para que se de o resultado *outcome* desexado, que neste caso, é a presenza. Pasamos así ao análise de suficiencia co que estudaremos que condicións son suficientes para conducirmos a unha incidencia do terrorismo de inspiración xihadista, chegando así as aportacións centrais deste análise do terrorismo xihadista.

7.4 Fase C: Análise de suficiencia

Para complementar o análise de necesidade é un paso esencial realizar o análise de condicións suficientes. Ragin exige a xa comentada superación do umbro de consistencia de 0.75 para poder considerar unha combinación de condicións causais como suficiente. Con isto o que pretendemos é atopar condicións que, aínda que por si mesmas non son explicativas da presenza do *outcome*, combinadas poden ser explicativas e cas que poderemos atopar as configuracións de factores que nos leven ao mesmo resultado. Minimizando as configuracións, seleccionamos “*Standard Analyses*” para a presenza do outcome, o cal nos aportará tres resultados, a *solución complexa*, a *solución parsimoniosa* e a *solución intermedia*.

Figura 16. Análise de condicións suficientes con solución intermedia para outcome

```
File: C:/Users/luism/Desktop/DATOS FINALES CSV.csv
Model: OUTCOME = f(inx, rel, lid, terg, pre, forz, pobi)
Algorithm: Quine-McCluskey

--- INTERMEDIATE SOLUTION ---
frequency cutoff: 1
consistency cutoff: 0.760839
Assumptions:
```

	raw coverage	unique coverage	consistency
~inx*rel*lid*~terg*forz*pobi	0.203171	0.0403699	0.942138
inx*rel*lid*terg*pre*pobi	0.4266	0.0800059	0.994184
inx*lid*terg*pre*forz*pobi	0.41515	0.0685555	0.967168
inx*rel*~lid*~terg*pre*forz*pobi	0.239577	0.15458	0.760839
solution coverage:	0.737522		
solution consistency:	0.878629		

```

Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*rel*lid*~terg*forz*pobi: SUE (0.594,0.512),
NEL (0.501,0.501)
Cases with greater than 0.5 membership in term inx*rel*lid*terg*pre*pobi: FRA (0.603,0.995),
UK (0.567,0.964), ALE (0.565,0.797), ITA (0.515,0.51)
Cases with greater than 0.5 membership in term inx*lid*terg*pre*forz*pobi: FRA (0.603,0.995),
ESP (0.6,0.99), ITA (0.594,0.51), ALE (0.565,0.797)
Cases with greater than 0.5 membership in term inx*rel*~lid*~terg*pre*forz*pobi: BEL (0.537,0.677)

```

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Contaremos ca *solución intermedia*, xa que é a que está a medio camiño entre as outras dúas. Principalmente é porque non conta ca totalidade de casos teóricos como a solución complexa e a súa vez ten en conta certas configuracións causais non recollidas

polos casos que poden determinar un valor explicativo maior sobre as futuras tendencias da incidencia do terrorismo xihadista en función das condicións causais.

Nos xa comentados valores mínimos de validez de modelos con índices de consistencia superiores a 0,75 (suficiente para extraer conclusións válidas temos na solución intermedia catro configuracións, das cales dúas reportan unha *raw coverage* dentro do intervalo marcado e unha consistencia a ter en conta, que son:

$$\{inx*rel*lid*terg*pre*pobi = outcome \text{ en FRA, UK, ALE, ITA}\}$$

$$\{inx*lid*terg*pre*forz*pobi = outcome \text{ en FRA, ESP, ITA, ALE}\}.$$

Dentro das limitacións de control impostas ($0.25 < x < 0.65$ e > 0.75), temos que a configuración da *incidencia do terrorismo xihadista* en Europa é a disxunción lóxica das seguintes conxuncións de variables independentes = $inx*rel*lid*terg*pre*pobi + inx*lid*terg*pre*forz*pobi$. En termos expresados, existen dous camiños na presenza do terrorismo xihadista na actual conxuntura: un país que sume altos niveis de inxerencia, minorías musulmás importantes, alto nivel de liderado en defensa, altos niveis doutras experiencias terroristas, un volume importante de presos nas cárceres do país e uns niveis de pobreza relativa da inmigración tamén importantes. Por outro lado, temos a mesma configuración salvando a diferenza da non necesidade dunha comunidade musulmá importante se en conxunción co resto de factores está presente con forza a extrema dereita. Vemos que en ambas configuracións, as variables inxerencia, liderado, terrorismo global, volume de presos e pobreza relativa da inmigración están presentes en ambas configuracións, polo que ditos factores constitúen posiblemente os elementos con maior suficiencia sobre a presenza do terrorismo de inspiración xihadista. Atendendo ás dúas configuracións de factores con niveis de cobertura máis limitados, vemos que tratan os casos de Holanda, Bélxica e Suecia. Na conxunción dos factores vemos comúns o factor de presenza dunha minoría musulmá forte (rel), unha ausencia doutras experiencias terroristas diferentes das xihadistas (~terg), presenza ou forza da extrema dereita no parlamento (forz) e unha pobreza relativa da inmigración (pobi). Estes casos indican, por un lado, dunha tendencia nestes países que parece ser de crecemento da incidencia, xa que sobretudo son casos que presentaron casos de xihadismo nos últimos anos. Ademais, se aplicamos o lóxico O as condición de militarización (inx, lid) temos que, polo menos, presentan ou liderado en defensa ou inxerencia (en detrimento do outro factor). Isto pode ser unha cuestión de recursos debido a que se trata de países pequenos ou a unha tendencia a aumentar a forza e presenza militar tanto no exterior (inxerencia) como no interior (liderado en defensa). En ambos casos, manteñen unha presenza do terrorismo de inspiración xihadista pese a

que os niveis de cobertura non nos permitan falar deste conxunto como “camiños” que levan a un país a incidencia.

Respecto da primeira e da segunda configuración, Alemaña, Francia e Italia repiten en ambas menos no caso da segunda configuración onde temos a entrada dun caso como o de España e unha saída de Reino Unido (pola presenza de *forz* e ausencia de *~rel*). Neste caso, a presenza de forzas de extrema dereita é tamén polo menos condición necesaria para Alemaña, Bélxica, España, Francia, Italia, Países Baixos e Suecia (vamos, todas menos UK). Temos que ter en conta que en dúas das catro configuracións contan cunha baixa cobertura de casos. Sen embargo, como observamos no análise de necesidade, o liderado en defensa e a pobreza relativa inmigrante son condicións comúns a todos os casos cunha presenza de terrorismo de inspiración xihadista excepto en Bélxica. Debemos contar co factor de que o país conta cunha condición de limitroficidade co país de máis alta incidencia (Francia) e ca condición de ser sede das institución europeas. É posible que isto dote ao país do protagonismo para que chame o suficiente a atención de grupos terroristas, polo que o que gaña como vantaxa ao ter un proxecto de liderado en defensa máis ben moderado, pérdese con esta condición.

Parece que en termos xerais, un protagonismo militar (*inx* e *lid*) é un factor de moita influencia nas incidencia do terrorismo xihadista. Se partiramos da solución parsimoniosa na presenza do outcome, a combinación causal que máis casos con presenza da incidencia do terrorismo xihadista son as seguintes:

Figura 17. Análise de condicións suficientes con solución parsimoniosa para outcome

```

--- PARSIMONIOUS SOLUTION ---
frequency cutoff: 1
consistency cutoff: 0.760839

```

	raw coverage	unique coverage	consistency
<i>inx</i> * <i>pobi</i>	0.736494	0.18394	0.647606
<i>lid</i> * <i>pobi</i>	0.638726	0.0861714	0.822651
solution coverage:	0.822666		
solution consistency:	0.643768		

```

Cases with greater than 0.5 membership in term inx*pobi: ITA (0.9,0.51),
  FRA (0.603,0.995), BEL (0.6,0.677), ESP (0.6,0.99),
  UK (0.567,0.964), ALE (0.565,0.797)
Cases with greater than 0.5 membership in term lid*pobi: ESP (0.967,0.99),
  ITA (0.934,0.51), SUE (0.846,0.512), FRA (0.603,0.995),
  UK (0.567,0.964), ALE (0.565,0.797), NEL (0.501,0.501)

```

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Nesta solución, vemos que so o *Liderado en Defensa* e a *Pobreza relativa inmigrante* son as condicións causais que agrupan o 100% dos casos que teñen una presenza da incidencia do terrorismo de inspiración xihadista, sendo polo menos condicións suficientes para que se de este fenómeno no eido europeo. Aínda que temos que valorar que a pobreza relativa inmigrante cubre unha parte imporante dos casos do conxunto da UE, polo que en combinación cun só factor, é complicado considerala explicativa directa dunha maior ou menor incidencia do xihadismo. En termos xerais, a expresión combinada das configuracións aportadas e da incidencia do terrorismo xihadista pode partir da causa desta presenza continua de factores que en esencia, son de risco para o xihadismo. Vemos que casos como Holanda ou Suecia aparecen nunha configuración con niveis de cobertura baixos debido á baixa inxerencia militar destes países. Polo outro lado, podemos afirmar que este conxunto de factores (os totais estudados) son claros diferenciadores do resto de casos da UE e polo menos son condicións suficientes (en combinación) para a presenza da incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. Se polo outro lado, negamos (~) a condición outcome temos o seguinte resultado:

Figura 18. Táboa da verdade codificada para ~OUTCOME

inx	rel	lid	terg	pre	forz	pobi	number	~OUTCOME	cases	raw consist.	PRI consist.	SYM consist.
0	0	0	0	0	0	1	4	1	cases	1	1	1
0	0	0	0	1	1	0	3	1	cases	1	1	1
0	0	0	0	0	1	1	3	1	cases	1	1	1
0	1	0	0	0	0	0	1	1	cases	1	1	1
0	0	0	0	1	0	0	1	1	cases	1	1	1
0	0	0	1	0	0	1	1	1	cases	1	1	1
0	0	0	0	1	0	1	1	1	cases	1	1	1
0	1	0	1	1	0	1	1	1	cases	1	1	1
0	1	0	0	0	0	1	1	1	cases	0.989318	0.982199	0.982199
0	1	0	0	0	1	1	1	1	cases	0.97146	0.931798	0.931798
0	1	0	0	1	1	1	1	1	cases	0.966853	0.894521	0.89452
1	0	1	0	1	1	0	1	1	cases	0.891686	0.76412	0.76412
1	1	0	0	1	1	1	1	1	cases	0.897902	0.70082	0.70082
0	1	1	0	1	1	1	1	1	cases	0.944262	0.0422541	0.0422541
0	1	1	0	0	1	1	1	1	cases	0.877841	0.0171429	0.0322581
1	1	1	1	1	1	1	3	0	cases	0.531539	0.0106572	0.0107047
1	0	1	1	1	1	1	1	0	cases	0.575216	0.0150563	0.0150563
1	1	1	1	1	0	1	1	0	cases	0.345338	0.0116505	0.0116505

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Como vemos, a ausencia das condicións expresas pensadas para analizar a incidencia do terrorismo xihadista propoñen unha serie de combinacións, que como é comprensible, posúen uns altos niveis de consistencia. De este procedemento pasamos a minimizar e analizar as configuracións suficientes dadas na negación do *outcome*.

Figura 19. Análise de condicións suficientes con solución intermedia para ~outcome

```
File: C:/Users/luism/Desktop/DATOS FINALES CSV.csv
Model: ~OUTCOME = f(inx, rel, lid, terg, pre, forz, pobi)
Algorithm: Quine-McCluskey

--- INTERMEDIATE SOLUTION ---
frequency cutoff: 1
consistency cutoff: 0.877841
Assumptions:
```

	raw coverage	unique coverage	consistency
~inx*~lid*~terg*~pre*pobi	0.477858	0.0840598	0.992081
~inx*rel*~terg*forz*pobi	0.167875	0.0227363	0.906242
~inx*rel*~lid*~terg*~pre*~forz	0.177234	0.0212502	0.990587
~inx*~rel*~lid*~terg*pre*~forz	0.229443	0.0505746	1
~inx*~rel*~lid*~pre*~forz*pobi	0.304092	0.00802451	1
rel*~lid*~terg*pre*forz*pobi	0.111551	0	0.911372
~inx*rel*~lid*~terg*pre*forz*~pobi	0.0879057	0.010105	0.891686
~inx*rel*~lid*terg*pre*~forz*pobi	0.0627601	0.00802451	1
~inx*~rel*~lid*~terg*pre*~forz	0.166931	0.00148606	1
~inx*~rel*~lid*~terg*~forz*pobi	0.298643	0.00624132	1

```
solution coverage: 0.681048
solution consistency: 0.957785

Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*~lid*~terg*~pre*pobi: EST (0.862,0.959),
LET (0.842,0.972), CHP (0.813,0.975), ESL (0.729,0.993),
LUX (0.652,0.993), LIT (0.615,0.973), FIN (0.6,0.962),
DIN (0.579,0.872), MAL (0.56,0.993)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*rel*~terg*forz*pobi: AUS (0.6,0.828),
NEL (0.6,0.499), SUE (0.594,0.488), DIN (0.579,0.872)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*rel*~lid*~terg*~pre*~forz: CHP (0.943,0.975),
BUL (0.505,0.942)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*~rel*~lid*~terg*pre*~pobi: CHE (0.652,0.949),
HUN (0.599,0.97), ESK (0.63,0.972), POR (0.63,0.958)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*~rel*~lid*~pre*~forz*pobi: ESL (0.721,0.993),
LUX (0.652,0.993), LIT (0.615,0.973), MAL (0.56,0.993),
IRL (0.63,0.942)
Cases with greater than 0.5 membership in term rel*~lid*~terg*pre*forz*pobi: BEL (0.537,0.323),
AUS (0.52,0.828)
Cases with greater than 0.5 membership in term inx*~rel*~lid*~terg*pre*forz*~pobi: POL (0.501,0.959)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*rel*~lid*terg*pre*~forz*pobi: GRE (0.535,0.962)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*~rel*~lid*~terg*pre*~forz: ROM (0.6,0.96),
POR (0.56,0.958)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx*~rel*~lid*~terg*~forz*pobi: LIT (0.741,0.973),
ESL (0.721,0.993), LUX (0.652,0.993), ROM (0.6,0.96),
MAL (0.56,0.993)
```

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Obtemos a táboa da verdade para a ausencia do ~*outcome* e seleccionamos “*Standard Analyses*” para dita ausencia do *outcome*, obtendo así as seguintes configuracións. Debido ao alto número de casos en ausencia do *outcome*, seguiremos a estratexia de eliminar as configuracións dun só caso e as que teñan menos de 0.25 de consistencia para evitar facer relacións de suficiencia a partires de configuracións particulares (sobretudo pola natureza propia das variables⁵⁰). Por isto, establecemos como criterio os mesmos valores de consistencia que para presenza de *outcome*, 0.75; pero establecemos number > 1. Teremos en conta unicamente as configuracións cunha cobertura de, polo menos, 0.25. Polo tanto, temos as seguintes configuracións:

⁵⁰ As variables estudadas teñen unha orientación á comprensión da incidencia do terrorismo xihadista, polo que as configuracións en ausencia do *outcome* cas variables traballas oresentará varios casos únicos que non nos interesaría, xa que neste casos e posible que precisemos doutro tipo de variables.

Táboa 20. Configuracións do análise de suficiencia para *~outcome* con sol. intermedia

<i>configurations</i>	<i>Raw coverage</i>	<i>Unique coverage</i>	<i>consistency</i>	<i>cases</i>
{~inx*~lid*~terg*~pre*pobi}	0.477858	0.0840598	0.992081	EST, LET, CHP, ESL, LUX, LIT, FIN, DIN, MAL
{~inx*~rel*~lid*~pre*~forz*pobi}	0.304092	0.00802451	1	ESL, LUX, LIT, MAL, IRL
{~inx*~rel*~lid*~terg*~forz*pobi}	0.298643	0.00624132	1	LIT, ESL, LUX, ROM, MAL

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

Sobre a primeira configuración, podemos ver que nove casos sen incidencia do terrorismo xihadista presentan unha ausencia tanto de liderado en defensa como de inxerencia militar, sumado a unha ausencia de terrorismo global e de altos niveis de presos. A pobreza relativa inmigrante, actúa como variable en presente. Neste sentido, a variable pobreza relativa parece ser menos explicativa do que pensábamos no caso do terrorismo xihadista. Sen embargo, consolidamos a enorme influencia da forza militar (lid, inx) e doutros tipos de terrorismo (terg) como determinantes da ausencia ou da presenza de incidencias do terrorismo de inspiración xihadista. Por outro lado e con similar configuración temos a segunda configuración, a cal inclúe a ausencia da variable relixión (presenza de pob. musulmá) e a ausencia de forza da extrema dereita. O que é máis importante é entender a ausencia destes factores como, polo menos, condición suficientes para a ausencia do terrorismo xihadista no caso destes países. Para garantir uns maiores niveis de cobertura, deberíamos atender a factores que foran máis ben explicativos da non incidencia do terrorismo xihadista. Sen embargo, como o propósito deste traballo foi dende un primeiro momento analizar os factores de incidencia, temos polo tanto as configuracións obtidas. Pese a isto, aportan configuracións lóxicas bastante explicativas. Optando pola solución parsimoniosa, a cal produce unha solución agregando teóricos, minimizando máis e dando solucións con poucas variables. Co obtido podemos dicir que calquera dos termos preséntase como suficiente para poder producir unha ausencia do terrorismo de inspiración xihadista (en disxunción, é dicir, +). Sen embargo, ca inclusión de todos os contrafácticos⁵¹, neste caso temos unha minimización total das variables, producindo resultados pouco realistas, polo que esta simplificación non ten unha utilidade no noso propósito. Por outro lado isto é en grande medida pola xa mencionada natureza das variables, as cales están orientadas teoricamente a ser factores que na súa presenza inflúen nunha suposta maior incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. A inclusión de Bélxica, Suecia e Países Baixos

⁵¹ Os contrafácticos consideran tanto os casos observados como os non observados, é dicir, os casos teóricos.

nestas configuracións responde ao preto que se atopan os casos do punto de máxima indefinición (0.5) e a súa pertenza aos conxuntos de casos con ausencias desa variable.

Figura 20. Análise de condicións suficientes con solución parsimoniosa para \sim outcome

```
File: C:/Users/luism/Desktop/DATOS FINALES CSV.csv
Model: ~OUTCOME = f(inx, rel, lid, terg, pre, forz, pobi)
Algorithm: Quine-McCluskey

--- PARSIMONIOUS SOLUTION ---
frequency cutoff: 1
consistency cutoff: 0.877841
      raw      unique
      coverage coverage consistency
-----
~terg  0.914801  0.0430453  0.919492
~lid   0.920151  0.0203531  0.928893
~inx   0.828512  0.000148594 0.955771
solution coverage: 0.993957
solution consistency: 0.889924

Cases with greater than 0.5 membership in term ~terg: LUX (0.977,0.993),
ESL (0.976,0.993), LIT (0.976,0.973), ROM (0.976,0.96),
ESK (0.974,0.972), EST (0.973,0.959), LET (0.972,0.972),
MAL (0.972,0.993), POL (0.972,0.959), HUN (0.97,0.97),
POR (0.969,0.958), DIN (0.963,0.872), FIN (0.957,0.962),
BUL (0.956,0.942), AUS (0.955,0.828), CHE (0.95,0.949),
CHP (0.943,0.975), BEL (0.933,0.323), NEL (0.923,0.499),
SUE (0.594,0.488)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~lid: AUS (1,0.828),
BUL (1,0.942), CHP (1,0.975), DIN (1,0.872),
ESK (1,0.972), ESL (1,0.993), EST (1,0.959),
HUN (1,0.97), IRL (1,0.942), LET (1,0.972),
LIT (1,0.973), MAL (1,0.993), ROM (1,0.96),
BEL (0.99,0.323), FIN (0.99,0.962), LUX (0.99,0.993),
POR (0.99,0.958), CHE (0.99,0.949), GRE (0.96,0.962)
Cases with greater than 0.5 membership in term ~inx: CHP (1,0.975),
LET (1,0.972), LIT (1,0.973), LUX (1,0.993),
MAL (1,0.993), ESK (0.9,0.972), ESL (0.9,0.993),
EST (0.9,0.959), GRE (0.9,0.962), HUN (0.9,0.97),
POR (0.9,0.958), CHE (0.9,0.949), AUS (0.6,0.828),
BUL (0.6,0.942), DIN (0.6,0.872), FIN (0.6,0.962),
IRL (0.6,0.942), NEL (0.6,0.499), ROM (0.6,0.96),
SUE (0.6,0.488)
```

Fonte: Elaboración propia co programa fsQCA

7.5 Explicación final e casos

O terrorismo de inspiración xihadista preséntase con diferentes graos de incidencia en oito países da UE, nese orde son: Francia, España, Reino Unido, Alemaña, Bélxica, Italia, Suecia e Países Baixos. En función das configuracións e resultados do análise, vemos que as variables máis relacionadas cas estratexias ofensivas a nivel xeopolítico como o Liderado en Defensa e a Inxerencia son condicións polo menos suficientes para que o país sufra algún tipo desta incidencia. Aínda que temos o caso particular de Polonia, país con clara proxección ofensiva en ambas variables pero cunha presenza practicamente nula do terrorismo xihadista. Nesta excepción é onde as variables provistas polos estudos psicosociais acollen mais forza. A análise deixa en claro a importancia dun certo volume de presenza da variable relixión (poboación musulmá) e dun terrorismo global como factores tamén suficientes nestes resultados, marcando as diferencias con Polonia en ambos eidos. A configuración de variables mostra tamén como se combinan relixión musulmá e o terrorismo xihadista. Vemos que funciona como unha condición que combinada con outros factores pode ser suficiente, pero sabemos que non é unha condición necesaria para a presenza do terrorismo xihadista. En certa

medida, podemos desfacernos do mantra sobre que un volume de poboación musulmá importante se vincule co xihadismo na UE, sobretudo por casos como Bulgaria, Chipre, Dinamarca e Grecia, os cales contan con comunidades importantes (Bulgaria e Chipre son os que proporcionalmente máis poboación musulmá posúen no seu país) e sen embargo, son países cunha incidencia do xihadismo moi baixa. O caso de España sendo un país con incidencia do xihadismo moi alta pero cunha pouca pertenza á variable relixión demostra a necesidade doutros factores para a presenza deste tipo de terrorismo. Aínda así, cabe sinalar que o peso relativo dos musulmáns en España é bastante grande, xa que son case 1.200.000. Pese a isto, como optamos pola representación no país non tivemos en conta este factor para os casos. A variable de presos pode entrar tamén como factor explicativo de certos casos, aínda que o noso análise xeral demostra que para unha maior capacidade explicativa da incidencia do terrorismo xihadista sería importante lograr para futuras investigacións uns datos de poboación musulmá nos cárceres e comprobar a validez das premisas que apoian a radicalización no cárcere como factor. Desta forma a análise contrasta a capacidade explicativa de variables como condicións para os obxectivos que establecemos.

Volvendo á incidencia do terrorismo xihadista, os casos de Francia, España, Reino Unido, Alemaña e Bélxica preséntanse como os máximos afectados polo terrorismo de inspiración xihadista na UE. Son países que presentan valores altos en todas as variables estudadas, cousa que se partimos das hipóteses expostas, son claros factores de risco do terrorismo xihadista. Cabe sinalar o caso particular de Bélxica, xa que sendo un país cun baixo liderado en defensa e cunha ausencia clara doutros tipos de terrorismo, constitúese como un dos principais afectados polo xihadismo na UE. Como xa comentamos, unha das primeiras ideas que podemos ter desta particularidade son sobre a condición limítrofe co país de máis alta incidencia (Francia) e a condición de ser sede das institucións europeas, algo así como unha condición de “capital” de Europa. Coñecendo os obxectivos de mensaxe que normalmente pretende o terrorismo e se a este factor sumamos outros elementos como a presenza dunha gran comunidade musulmá no país e o alto volume de presos musulmáns; poderíamos comprender un pouco estas particularidades non tidas en conta nos conxuntos analizados que poderían explicar esta incidencia do xihadismo no país. Mentres que poderíamos considerar como grupo máis afectado a Alemaña, Francia, Reino Unido, España e Bélxica; tamén podemos considerar a Italia, Suecia e Países Baixos como o segundo grupo, os menos afectados dentro do que é a incidencia. Particularmente, Italia presenta unha diferenza fundamental co resto de casos. Compre ca presenza de todas as condicións a niveis altos, sen embargo, a súa incidencia do terrorismo de inspiración xihadista é moi xusta

e ven principalmente condicionada polas perdas económicas e polos falecidos no estranxeiro (maioritariamente persoal militar). É ben coñecido que non tivo atentados fortes dentro das fronteiras e que é un país curiosamente pouco afectado tendo en conta a súa posición territorial e estratéxica segundo as variables. O análise de suficiencia permítenos ver as diferencias entre Holanda-Suecia e os outros casos, sen embargo, non con Italia. Polas configuracións de factores presentadas e polas coincidencias entre casos pensamos que é de esperar que nos próximos anos poida existir un reponte de ataques ou dalgún tipo de incidencia do terrorismo xihadista no territorio Italiano. Aínda así, e posible que exista unha condición a nivel país descoñecida ou pouco estudada, a cal limite de forma seria a posible incidencia deste tipo de terrorismo. Italia ten unha clara configuración de factores que a fai candidata dalgún tipo de incidencia en calquera momento. Cos casos de Holanda e Suecia volvemos a ver da importancia da variable Liderado en Defensa na influencia do terrorismo xihadista. Na hipótese sobre esta variable expuxéramos que este liderado pode alentar os ataques, aínda que é algo que non podemos saber neste traballo. O que si sabemos e que estes dous casos consolidan esta variable como un dos factores necesarios neste caso da presenza do xihadismo. Se atendemos á cobertura que presenta a variable liderado (lid) na presenza do *outcome* vemos que aínda que non acade os niveis de consistencia requiridos, é a variable con mais cobertura respecto a consistencia. No caso de Holanda e Suecia, esta posición dá importancia a variables como pobreza relativa inmigrante, xa que ambos casos presentan unha presenza moi alta desta variable, case das máis altas. Vemos que os valores difusos teñen unha gran importancia á hora de interpretar os resultados aínda que se dicotomicen para clasificalos. A solución parsimoniosa dá ás condicións de liderado en defensa e pobreza relativa inmigrante unha consistencia de máis de 0.82 e unha cobertura preta do 65%. Sobre a variable da presenza da extrema dereita podemos ver que, por casos particulares pode ter algún tipo de influencia sobretudo en ausencia do *outcome* nalgúns casos illados, aínda que demostra non ser unha variable que en configuración supoña ser explicativa do xihadismo. Feito demostrado tanto nos valores do análise de necesidade como a súa presenza nas configuracións de países.

Sobre a ausencia do *outcome* temos unha gran combinación de casos moi variados con particularidades específicas nas variables. Sen embargo, tanto o análise de necesidade como o de suficiencia demostran que a ~inxerencia e o ~liderado de formas ausentes son condicións fortes que limitan moito a incidencia do terrorismo xihadista, o que nos fai apoiarnos con mais forza sobre a hipótese de que a inxerencia en países de risco sumado ao liderado militarista na UE son condicións que inflúen moito na presenza do terrorismo xihadista. Neste caso, pola banda contraria, a ausencia destas variable son

á vez motivo da ausencia do terrorismo de inspiración xihadista. Tamén debemos sinalar que na análise podemos ver como a baixa presenza do terrorismo global ou doutros tipos de terrorismo tamén é condición, polo menos suficiente en dúas das tres configuracións, para a ausencia do terrorismo de inspiración xihadista. Pode ser que o crime e o terrorismo abra unha ventá de oportunidade a outros tipos de terrorismo, aínda que está claro que debemos combinar este feito con factores como baixos liderados e inxerencias para valorar unha ausencia do *outcome* suficientemente consistente.

En síntese, vemos que das 7 hipóteses expostas sobre as condicións causais e o seu efecto no terrorismo, observamos que a presenza de polo menos 4 das 7 condicións (*inx, lid, terg, rel*) combinadas en diferentes configuracións son as principais aportacións explicativas tanto da ausencia como da presenza do terrorismo de inspiración xihadista. Por outro lado, variables como a presenza da extrema dereita, a pobreza relativa inmigrante e o volume de presos poden ser condición suficientes en determinadas configuracións e grupos de casos, sen embargo, non se presupoñen tan explicativos como os factores militares (liderado en defensa e inxerencia), o factor de presenza doutros tipos de terrorismo (terrorismo global) e a influencia final que exerce unha comunidade musulmá (relixión) na combinación de factores. Pese a ter un valores algo inferiores a 0.9 de consistencia, podemos ver que o Liderado en Defensa (*lid*) e a Inxerencia constitúense como condicións pretas de ser necesarias e con maiores índices de cobertura de entre todas as condicións abordadas no análise de necesidade. Estas variables (polo menos sempre unha das dúas) está presente en todos os casos con incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. Certo é que temos excepcións como o caso polaco, o que nos indica da existencia doutros factores explicativos da incidencia e da non incidencia que matizan e diferencian os Estados europeos.

Temos, polo tanto, un primeiro grupo de países con alto protagonismo a nivel militar e defensivo tanto na UE como no exterior, con presenzas de comunidades musulmás importantes (a excepción do caso de España só se temos en conta a porcentaxe respecto á poboación total) e con experiencias terroristas doutros tipos importantes. Este primeiro grupo conforma os principais afectados polo xihadismo na UE, sendo Francia (a máis claramente afectado se atendemos aos valores), España, Reino Unido e Alemaña. Nun segundo grupo de países temos o que poderíamos considerar países en “transición” cara unha situación máis complicada con respecto ao xihadismo. Sendo estes países Bélxica (nunha situación máis avanzada co resto do grupo se vemos os indicadores de incidencia), Suecia, Holanda e Italia (no límite entre a pertenza e a non pertenza ao grupo de países afectados). Esta consideración de países en transición é debido a que, en primeiro lugar, cumpren con varios dos factores indicativos da

suficiencia de certas variables para a presenza de fenómenos xihadistas. En segundo lugar, porque se observamos os datos dos indicadores da incidencia no período temporal, vemos que a tendencia xihadista neste países aumentou con forza principalmente no último lustro. Estes países teñen un protagonismo militar moderado, xa sexa cunha presenza dun liderado en defensa, da inxerencia ou de ambos. Combinan do mesmo modo comunidades musulmáns importantes pero como factor diferencial teñen unha ausencia de terrorismo global. É dicir, son países que non presentan volumes de terrorismo doutros tipos altos, se non máis ben ausentes ou moi moderados (só o caso de Italia). O terceiro grupo de países da UE o poderíamos clasificar como o grupo países “particulares”, no que cada un ten unhas características específicas. Incluiríamos a Austria, Dinamarca, Grecia, Irlanda, Polonia. Pese a non ter un conxunto concreto de elementos en común, son países que presentan certas variables diferenciadas dos grupos principais. Austria e Dinamarca tiveron certa actividade xihadista nos seus países, aínda que mínima. Son países con inxerencias baixas, liderados en defensa case nulos e con comunidades musulmáns importantes no seu país. Grecia e Irlanda, por outro lado, son os casos cun volume de terrorismo global elevado, que sen embargo non se traduce en terrorismo de tipo xihadista como pasa nos casos con incidencia. Particularmente, non cumpren as variables nin de inxerencia nin de liderado en defensa, feito que reafirma a importancia destas variables para a presenza do xihadismo en configuración co factor de terrorismo global e de relixión. O xa comentado caso de Polonia, que sendo un país militarmente activo non ten case incidencia do terrorismo xihadista. Aínda que ten unha ausencia da variable de relixión e de terrorismo global, cousa que demostra a importancia explicativa doutros terceiros factores ademais do militarismo para explicar a incidencia. No cuarto grupo de países, considerados como os países maioritariamente “libres” da incidencia do xihadismo. Temos os clasificados no análise de suficiencia en ausencia do *~outcome*, sendo Chipre, Eslovenia, Estonia, Finlandia, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Malta e Romanía. Estes países teñen en común unha moi baixa presenza militar (inxerencia) en países de risco e en xeral, no estranxeiro. Ningún destes países lidera algún grupo de defensa na UE e en moita menor medida adoitan ter protagonismo ou influencia forte neste eido. Hai que sinalar que tampouco teñen niveis de terrorismo globais e acostuman a non ter problemas de terrorismo, polo que en termos xerais, teñen unha incidencia do xihadismo moi baixa. A maioría destes países tamén se caracterizan tamén por unha ausencia de minorías musulmáns no país, excepto o caso de Chipre (maiorías turcas). É posible que todos estes factores fagan de estes países obxectivos menos visibles para o terrorismo de inspiración xihadista, motivo polo cal presentan incidencias tan baixas. O resto de países deste grupo con algún valor particular diferenciador pero sen incidencia do

xihadismo son Bulgaria, Eslovaquia, Hungría, Portugal e República Checa. Pese a que Bulgaria é o país da UE ca maior minoría musulmá en proporción á poboación do país, é un dos países con menor incidencia do terrorismo xihadista. Este caso serve para apoiarnos en que a relixión por si soa non ten a forza suficiente para ser unha condición suficiente neste tipo de terrorismo. O resto presentan valores diferenciados noutras variables pero non contan con valores de importancia entre os catro factores aparentemente máis explicativos.

8. Conclusións

Contestando finalmente á pregunta de investigación e tendo en conta a análise realizada, “*¿Podemos observar algún tipo de regularidade nas características dos Estados que se asocia a unha maior (e no seu efecto contrario, unha menor) presenza de fenómenos terroristas de inspiración xihadistas?*” podemos confirmar que si que é posible observar regularidades causais que impliquen unha maior ou unha menor presenza de fenómenos terroristas xihadistas. Ademais, mediante o uso desta novidosa técnica (fsQCA) estimamos as diferentes tendencias e modelos que explican en certa medida a variabilidade do fenómeno de inspiración xihadista na UE. Sen embargo, temos que matizar e abordar as implicacións do análise.

A complexidade do fenómeno terrorista e a suma de factores que normalmente implica limita en moitos aspectos a procura de grandes mecanismos a nivel país para analizar o fenómeno. Sen embargo, cos resultados do noso análise podemos ver que, por exemplo, o factor militar condiciona en grande medida a forma na que os países perciben o terrorismo de inspiración xihadista. Mentres que o militar segue tendo unha profunda importancia estratéxica e xeopolítica para os Estados da UE; é moi posible que esteamos a obviar perspectivas sobre como afrontar problemas de complexo calado como o fenómeno xihadista. En síntese, o abordaxe xeral traballo máis o análise fsQCA realizado clarifica e destaca os seguintes aspectos sobre fenómeno terrorista de inspiración xihadista na Unión Europea:

- A combinación de altos niveis de inxerencia militar en países de maiorías musulmás e con conflitos importantes: de altos niveis de liderado na UE no aspecto xeopolítico e militar; de altos niveis de terrorismo global ou de experiencias terroristas importantes no país; de altos niveis de presos nos cárceres; de altos niveis de pobreza relativa inmigrante; e de altos niveis de relixión ou comunidades musulmás importantes; son factores de risco que como condicións suficientes conducen aos

Estados da UE a uns maiores niveis de incidencia do terrorismo de inspiración xihadista. Queda visto que as diferentes combinacións destas variables producen diferentes casos cas súas propias particularidades. Tamén é observable que o nivel de grao de pertenza aos conxuntos, sobretudo nos de liderado e inxerencia, inflúen á súa vez no grao de incidencia do terrorismo xihadista. Temos os casos de Bélxica, Holanda e Suecia, cunha militarización conxunta máis ben baixa (aínda que cunha presenza) é a vez son, dentro dos afectados polo xihadismo, os que menos. Isto xunto con Italia, que se constitúe como un caso particular xa que localmente sofre pouco o terrorismo pese a ter altos niveis nas variables. O caso do terrorismo xihadista en Italia sería particularmente interesante de analizar para futuros traballos, xa que pese a ter unha tendencia de país potencialmente de ser afectado, constitúese cuns niveis de incidencia xihadista moi baixos.

- A combinación de niveis baixos de inxerencia militar e intervención en terceiros países, o baixo nivel de comunidades islámicas fortes no país (relixións); o baixo nivel de liderado en defensa e o baixo nivel de terrorismo global son algúns dos factores que en combinación constitúense como elementos suficientes para a no presenza de incidencias do terrorismo de inspiración xihadista. Algúns países combinados presentan configuracións varias desta variables en conxunto con outras como unha presenza de terrorismo global (Grecia e Irlanda). O que non quita que en xeral son suficientes para unha menor incidencia en diversas combinacións.
- Os países que en xeral presentan menores niveis no conxunto das variables estudadas presentan menores niveis de terrorismo de inspiración xihadista.
- Sobre a capacidade explicativa das variables, a presenza/forza da extrema dereita non parece ser unha condición determinante nin suficientemente explicativa dos diferentes niveis de incidencia do terrorismo xihadista. Aínda así, si que resulta imporante para certas combinacións de factores, xa que, por exemplo, os 8 países con maior presenza da extrema dereita, seis non teñen minorías musulmás fortes e, ademais; os dous casos que dan positivo en incidencia xihadista (Italia e Suecia) contan con niveis moi pretos a punto de máxima indefinición (é dicir, a 0.5) Por outro lado, a variable *Presos* tampouco parece ser unha variable suficientemente explicativa para o fenómeno pola disparidade nos datos e as diferencias entres o casos. Aínda que nos valores de necesidade obtidos presente altos niveis de consistencia, estamos ante o claro caso de que a correlación da mesma cos resultados non implica a súa causalidade.

- A incidencia do xihadismo é moi variable entre o conxunto dos Estados membros: Temos diferencias moi grandes entre os Estados máis afectados e os Estados non afectados. *A priori*, parece que as diferencias de incidencia son explicadas en parte polas relacións entre conxuntos expostas neste traballo, sobretudo polos comentados factores militarizados como a Inxerencia e o Liderado en Defensa. Aínda que como é comprensible, non podemos afirmar que os factores estudados sexan causa directa da incidencia do terrorismo de inspiración xihadista, pero si que son elementos que moi probablemente teñan importantes graos de correlación con estas incidencias. Sobre as diferencias, claramente temos, por un lado, un perfil de Estados sendo os principalmente afectados polo xihadismo. Son Estados de gran tamaño, con forte presenza xeopolítica a nivel mundial; con minorías islámicas importantes; un protagonismo político-militar e outras experiencias terroristas previas no territorio. Noutro lado, temos o perfil de Estados practicamente sen afectación do xihadismo. Cun perfil de Estados mais ben medianos-pequenos, cunha presenza militar e xeopolítica moi pequena ou residual, protagonismo baixo na UE e moi poucas experiencias terroristas previas. Territorialmente, parece que os países do leste vense moito menos afectados, aínda que xa vimos que existen algúns casos particulares con características propias.

Temos polo tanto un modelo explicativo da presenza do xihadismo definido sobretudo polas profundas diferencias de incidencia entre os países, os cales se dividen claramente en dous bloques. Pese a que as características estudadas non dividiren completamente a un bloque e a outro (a que algúns casos presentan particularidades concretas), si que os resultados deste análise deixan con nos as seguintes aportacións:

En primeiro lugar, temos unha orientación sobre a importancia dalgunhas variables con forte capacidade explicativa, que como condicións necesarias, combínanse entre elas aportando unha serie de resultados que diferencian claramente grupos de Estados nestas incidencias. En segundo lugar, aportamos a construción dun índice cualitativo do terrorismo xihadista na UE útil para futuros propósitos comparativos e que permite ser actualizado e cruzado con outras posibles variables independentes. En terceiro lugar, este traballo aporta información, ata este momento, consistente e moi actualizada da situación do terrorismo xihadista na UE (excepto nos casos eliminados como Croacia ou nos que non puidemos atopar datos). Tamén aporta unha boa abordaxe teórica e conceptual do terrorismo xihadista. Unha persoa que non dispoña de coñecementos profundos sobre o xihadismo pode saír ben informada do noso marco conceptual e teórico. En cuarto lugar, varias das premisas teóricas aportadas sobre os posibles factores do xihadismo na UE son en parte explicadas polas relacións de suficiencia das

variables aportadas ca nosa variable dependente. En quinto lugar, debemos mellorar para futuros traballos as dimensións de análise e da incidencia do terrorismo xihadista, incluíndo elementos psicosociolóxicos e elementos políticos como a presenza deste problema na axenda política. Desta forma incluímos outras dimensións de estudo que a efectos da UE son clave para comprender o fenómeno, xa que falamos dun entorno particularmente de alta seguridade, baixa conflitividade e altas liberdades civís; factores que polo xeral limitan moito a presenza do terrorismo. En sexto lugar, sería moi interesante profundar no estudo da variable “Inxerencia”, a cal está moi ligada ca chamada *power projection* dos Estados. Sen embargo, a inxerencia ten en conta características particulares comúns dos Estados intervidos. En sétimo e último lugar, sobre as futuras liñas de investigacións sería interesante profundar en variables socioeconómicas sobre as minorías para estudar o factor radicalización. A maior parte de expertos coincide neste factor como un dos máis importantes para explicar este fenómeno, sobretudo na UE. Sen embargo, polas limitacións propias non podemos contar con abordar esta variable a nivel país. A propia aplicación dun análise QCA con datos codificados de entrevistas a individuos para o estudo da radicalización pode darnos unha perspectiva das combinacións de factores que se presentan nos terroristas ou posibles terroristas. Sería moi interesante abordar un estudo deste tipo e contar con datos a nivel de país dos factores de radicalización.

Sobre as limitacións do traballo, contamos con que, ademais da falta de certos datos de países sobre elementos militares ou de volumes de presos; temos o problema da necesidade de profundar máis nos factores que diferencian aos países da UE. Por outro lado, a propia diversidade empírica limitada dos casos e a complexidade das variables neste eido dificultaron moito a achega de configuracións completas de factores que nun primeiro momento podíamos percibir sinxelos de acadar. Non quita que o QCA e as novas modalidades como o *mvQCA*, combinadas dunha maior solidez teórica e empírica das variables, podería acadar resultados moi interesantes e prometedores.

Como reflexión final, é visible que a loita contra o terrorismo en Europa aínda dista moito de estar no seu fin. Ata que non exista unha política xuridicamente vinculante cara todos os Estados non poderá haber un abordaxe de procesos o suficientemente amplo como para facer fronte a unha situación que aborda varias dimensións como son a integración, a socialización e a seguridade. Ademais, como puidemos comprobar, cada país articula as súas propias inxerencias de diferentes tipos de terrorismo ademais do propio terrorismo xihadista. Por outro lado, é importante que os países sexan capaces de percibir as súas diferencias con outros Estados e a vez, de dar unha resposta a aquelas particularidades que poden alimentar o risco de sufrir o terrorismo xihadista. Polo

momento, temos unha perspectiva moi cerrada no delictual do terrorismo, o que fai á maioría de países optar na solución do problema cunha abordaxe estritamente policial e militar. Se as teses psicosociais están na razón sobre a radicalización, cabe atender a elementos como a integración musulmá e dos grupos de maior risco dentro destes, as persoas mozas; para evitar un maior calado do problema. Atender ás vías de captación coñecidas como a propaganda en redes ou os lugares de culto radicais; e comprender a forma na que os xihadistas constrúen a súa visión retórica e propagan a súa mensaxe son á vez aspectos de gran importancia. O terrorismo xihadista ten un efecto político importante sobre asuntos como a inmigración, as percepcións dos musulmáns e sobre as liberdades civís. Polo que atallar o problema é tamén colaborar na forma na que melloramos a integración de novas comunidades e melloramos a calidade de vida do noso continente. É importante resaltar que na actualidade mellorou moito a cooperación entre as axencias nacionais respecto as actividades operativas. As últimas normativas melloraron a coordinación e sobre todo permitiron integrar medidas antiterroristas en moitos países nos que o propio terrorismo era algo alleo. Países que podemos ver ao longo do análise cunha baixa e incluso nula incidencia do terrorismo xihadista. A fase actual do xihadismo no continente está nun proceso de adaptación á maior vixilancia policial e sobretudo está preto de deixar de ser un problema conxuntural. Comprender en maior medida este problema, tanto nos aspectos académicos como nos políticos, sempre será un avance positivo cara unha solución á violencia e á posta en perigo dos nosos valores e estándares democráticos.

9. Bibliografía

- AEBI, M. F., & TIAGO, M. M. (2020). SPACE I - 2019 – Council of Europe Annual Penal Statistics: Prison populations. Strasbourg: Council of Europe
- AINZ ALLENDE, Alexandra (2010) “*Del fundamentalismo al terrorismo fundamentalista. ¿Es el 11-M un caso de Terrorismo Fundamentalista?*” Tese doutoral. Facultade de Humanidades, Departamento de Historia, Xeografía e Historia do Arte. Universidade de Almería.
- ANH Tran, N. (s.f.) “La Lucha Antiterrorista de la UE y perspectivas para la cooperación UE-ASEAN”. *Fundacionalternativas.org* (Consultado o 06/06/2020)
- ARGUMOSA PILA, Jesus; FUENTE COBO, Ignacio; FERNÁNDEZ-MONTESINOS, Federico A.; SEMMAMI, Salma; JORDÁN E., Javier; BARRENECHEA, Luisa; ALONSO, Rogelio (2015) “Cuadernos de Estrategia 173 – La Internacional Yihadista” Instituto Español de Estudios Estratégicos- Cuadernos de estrategia, ISSN 1697-6924, Nº. 173, 2015.
- BERG- SCHLOSSER, D., De MEUR, G., RIHOUX, B. y RAGIN, C. (2009). *Qualitative comparative analysis (QCA) as an approach*. En “Configurational Comparative Methods” – Sage editorial. DOI: 10.4135 / 9781452226569.n1
- BORMANN, E.G. (1972). “*Fantasy and rhetorical vision: The rhetorical criticism of social reality*”. *Quarterly Journal of Speech*. **58** (4): 396–407. [doi:10.1080/00335637209383138](https://doi.org/10.1080/00335637209383138)
- B. OLIVEIRA, Paulo Roberto (2017). “*Análisis Económico del Terrorismo.*” en *Revista da ESDM; vol.3, nº6*. Porto Alegre, Brasil.
- CASTRO SÁNCHEZ, Claribel (2006). “*¿El fin de la soberanía nacional? El derecho de injerencia humanitaria ante los últimos acontecimientos: breves reflexiones*” En *Revista de Derecho UNED*, núm. 1, 2006. pp. 113-168.
- COLOM Piella, G., MEDINA Iborra, I. y PEÑA Ramos, J. A. (2017). ¿Cómo se define el liderazgo en la defensa europea? Un análisis fsQCA. *Revista de Estudios Políticos*, 175, 111-144. doi: <http://dx.doi.org/10.18042/cepc/rep.175.03>
- CRENSHAW, Martha (2002). “*The logic of terrorism. Terrorism behavior as a product of strategic choice*” desde “*Terrorism & Counterterrorism. Understanding the new security environment. Readings & Interpretations*” The McGraw-Hill Companies, Connecticut, 2002. pp. 55-67

- DE LA CORTE Ibáñez, Luis (2007). “*Algunas claves psicosociales para el análisis y la explicación de los fenómenos terroristas.*” en *Athena Paper*, Vol. 2, No 3. Art. 3/4. 13 de septiembre de 2007. AthenaIntelligence.org.
- DIAZ MATEY, Gustavo (2016). “*El papel de la inteligencia en la lucha contra el terrorismo salafista yihadista*”. Revista CIDOB d’Afers Internacionals n.116, pp. 207-228
- DUŞA, Adrián (2019) “*QCA with R: A Comprehensive Resource*” Ed. Springer. Págs. 272. ISBN 978-3-319-75668-4
